

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	O IMPULSO QUE GALICIA PRECISA	7
I.1.	CANDO O TEMPO ANDA DO REVÉS ATA CHOVE DO NORDÉS	9
I.2.	MARCO XERAL DAS FINANZAS AUTONÓMICAS. CONTINUANDO A SENDA DO CRECEMENTO SAN.	13
I.3.	O ORZAMENTO 2023: O IMPULSO QUE GALICIA PRECISA	15
I.4.	O SEMESTRE EUROPEO 2022	23
I.5.	PLAN ORZAMENTARIO 2023.	29
I.6.	NEXT GENERATION EU.	31
II.	CONTORNA ECONÓMICA	43
II.1.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	45
II.2.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	47
II.3.	ECONOMÍA GALEGA	51
II.4.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	54
III.	O ESCENARIO FINANCEIRO	61
III.1.	ENTORNO DE MERCADO	63
III.2.	EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS.	64
III.3.	A NORMALIZACIÓN DA POLÍTICA MONETARIA DOS BANCOS CENTRAIS.	70
III.4.	A NOVA FERRAMENTA ANTIFRAGMENTACIÓN DO BANCO CENTRAL EUROPEO.	73
IV.	O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.	75
IV.1.	INTRODUCCIÓN	77
IV.2.	OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2023 DO PLAN ESTRATÉXICO	83
IV.3.	EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).	85
IV.4.	A POLÍTICA DE COHESIÓN DA UNIÓN EUROPEA 2021-2027	111
IV.5.	ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA	

	COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE _____	128
IV.6.	DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERIAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS _____	132
V.	ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2023 _____	135
V.1.	EVOLUCIÓN DAS FONTES DE FINANCIACIÓN. TEITO GASTO. _____	137
V.1.1.	EVOLUCIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS _____	137
V.1.2.	EVOLUCIÓN DOS FONDOS FINALISTAS E EUROPEOS _____	140
V.1.3.	EVOLUCIÓN SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO _____	141
V.1.4.	EVOLUCIÓN GLOBAL DOS INGRESOS. _____	143
V.1.5.	TEITO DE GASTO _____	145
V.2.	EVOLUCIÓN DOS GASTOS E PRINCIPAIS MAGNITUDES. _____	146
V.2.1.	EVOLUCIÓN GLOBAL DO GASTO NON FINANCEIRO _____	146
V.2.2.	EVOLUCIÓN DO GASTO CORRENTE. _____	147
V.2.3.	EVOLUCIÓN DO AFORRO COMO GARANTE DO INVESTIMENTO _____	148
V.2.4.	EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO. _____	151
V.2.5.	EVOLUCIÓN NECESIDADE DE FINANCIAMENTO _____	153
V.3.	PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO NO ORZAMENTO 2023 _____	154
V.3.1.	EVOLUCIÓN DO GASTO SOCIAL _____	155
V.3.2.	FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, INVESTIMENTO EN I+D+I E FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES. _____	156
V.4.	GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL _____	160
V.5.	O IMPACTO DOS RECURSOS EXTRAORDINARIOS-NGEU _____	162
VI.	SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____	165
VI.1.	REGRAS FISCAIS E ORZAMENTO 2023 _____	167
VI.1.1.	LÍMITE DE DÉBEDA. _____	168
VI.2.	EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA. _____	169
VI.2.1.	EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA _____	169
VI.2.2.	SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA _____	177
VI.3.	EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA _____	181
VI.4.	TRANSPARENCIA _____	185



O IMPULSO QUE GALICIA PRECISA


I. O IMPULSO QUE GALICIA PRECISA

I.1. CANDO O TEMPO ANDA DO REVÉS ATA CHOVE DO NORDÉS

A incipiente recuperación de 2021 veu seguida dun panorama cada vez máis preocupante no 2022, cunha realidade na que todos os riscos existentes para o crecemento postos de manifesto no informe económico financeiro dos orzamentos para 2022, están a materializarse na súa consecuencia máis negativa. Esta circunstancia está a dar lugar a sucesivas revisións á baixa do crecemento de todos os organismos oficiais e privados que se adican a este tipo de cálculos, así segundo a previsión base do FMI, o crecemento mundial reducirase do 6,1% do ano pasado ao 3,2% no 2022, un descenso de 0,4 puntos porcentuais con respecto ás previsións anteriores de primavera de Perspectivas da economía mundial (informe WEO).

Gráfica I. Evolución da apreciación de riscos e incertezas na economía mundial. FMI WEO UPDATE. Xullo de 2022.

Figure 5. Rising Uncertainties and Risks
(Index; ratio on right scale)



Sources: Scott R. Baker, Nicholas Bloom, and Steven J. Davis, "Measuring Economic Policy Uncertainty," *Quarterly Journal of Economics*, 2016, 131 (4): 1593–636; John C. Bluedorn, Jörg Decressin, and Marco E. Terrones, "Do Asset Price Drops Foreshadow Recessions?" *International Journal of Forecasting*, 2016, 32 (2): 518–526; Google Trends; and IMF staff calculations.
Note: Monetary policy uncertainty is rescaled by 1/10 and is based on Baker, Bloom, and Davis (2016); national security policy uncertainty is rescaled by 1/10; recession fear is based on the volume of Google searches for the word "recession" worldwide with numbers representing search interest relative to the highest point since 2008; relative probability of recession in G7 economies indicates ratio of current probability to normal-times probability of a new recession and is based on Bluedorn, Decressin, and Terrones (2016). G7 = Group of Seven.

As principais economías mundiais están a deteriorar ás súas previsións de crecemento, os Estados Unidos por un mal comezo de ano, a perda de poder adquisitivo dos fogares e unha política monetaria máis restritiva. En China, os novos confinamentos e o agravamento da crisis do sector inmobiliario revisan á baixa o crecemento con importantes repercusións a escala mundial. Pola súa banda Europa sofre tamén sucesivas rebaixas que reflicten as repercusións da guerra en Ucraína e o endurecemento da política monetaria. A inflación mundial tense revisado á alza debido a los prezos dos alimentos e a enerxía e os persistentes desequilibrios entre a oferta e a demanda, e prevese que este ano se sitúe no 6,6% nas economías avanzadas e no 9,5% nas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento, o que supón revisións á alza de 0,9 e 0,8 puntos porcentuais, respec-

tivamente. Para 2023, estímase que a política monetaria desinflacionaria comece a facer mella e o crecemento do produto mundial sexa de tan so un 2,9%.

Perante este panorama, os riscos para as perspectivas do 2023 engaden importantes incertezas que, de realizarse afectarán de xeito negativo ao crecemento.

A guerra en Ucraína podería paralizar as importacións de gas ruso en Europa, alimentando a preocupación sobre a escaseza do gas, novos incrementos de prezos e o seu impacto económico sobre nivel de actividade e crecemento económico.

A inflación podería ser máis difícil de reducir de lo que se espera, basicamente polo fracaso dos pactos de rendas que desemboquen en espirais de prezos-salarios, pola aparición de novos shocks de oferta cando xa estamos no tramo inelástico da curva de oferta ou polo alcance da necesidade de endurecemento das políticas preciso para reducir la inflación sen provocar unha recesión, non sinxela de determinar.

O endurecemento das condicións financeiras mundiais podería causar sobreendebedamento en economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento. Conforme os bancos centrais das economías avanzadas elevan las taxas de xuros para combater a inflación, as condiciones financeiras en todo o mundo continuarán endurecéndose. O incremento resultante dos custes de endebedamento, si a escala nacional non se adoptan as correspondentes políticas monetarias máis restritivas, exercerá presión sobre as reservas internacionais e provocará a depreciación fronte ao dólar, xerando perdas por valoración nos balances nas economías con pasivos netos denominados en dólares. Estas dificultades se presentarán nun momento en que a situación das finanzas públicas de moitos países xa é tensa, o que implica menor marxen para as políticas fiscais de apoio; un 60% dos países de baixo ingreso está inmerso o a punto de caer nunha situación crítica causada polo sobreendeudamento público (reestruturación da débeda ou acumulación de retrasos), en comparación con aproximadamente un 20% da fai unha década.


Os novos brotes de COVID-19 e confinamentos, así como un empeoramento da crise no sector inmobiliario, poderían inhibir aínda máis o crecemento chinés, un agravamento dos cuellos de botella da oferta podería provocar un encarecemento dos bens de consumo en todo o mundo, aínda que a redución da demanda podería moderar as presións sobre as materias primas e a inflación dos produtos intermedios.

E, a fragmentación xeopolítica podería obstaculizar o comercio e a cooperación mundiais. Cando aumenta o prezo dos alimentos, a calefacción e o transporte —a miúdo fundamental para gañarse a vida—, isto resultan difícil os axustes das familias vía minoración da demanda. Como resultado, a situación actual presenta unha ameaza no so á estabilidade económica, senón tamén á estabilidade social. Ademais, a guerra en Ucraína pode contribuír á fragmentación da economía mundial en bloques xeopolíticos con diferentes normas tecnolóxicas, sistemas de pagos transfronteirizos e moedas de reserva. A fragmen-

tación podería tamén facer menos eficaz a cooperación multilateral para facer fronte ao cambio climático, co risco engadido de que a actual crise alimentaria podería converterse en norma.

Mentres o aumento de prezos segue a minguar o nivel de vida en todo o mundo, a máxima prioridade das autoridades económicas debe ser o control da inflación. Se ben e certo que a conxuntura actual e ben diferente da de outros procesos inflacionarios anteriores, polo que a variación da orientación da política monetaria debe ser administrada con cautela. No entanto, o endurecemento da política monetaria terá sen dúbida custos económicos reais, pero retrasalo no fará senón incrementalos de xeito exponencial. Compre recorrer a un apoio fiscal focalizado debe axudar a amortiguar o impacto sobre as persoas e familias máis vulnerables, que non sexa incompatible con orientación xeral da política macroeconómica desinflacionaria, nin co alto endebedamento acumulado na pandemia polos gobernos.

Gráfica II. Evolución recente das taxas de inflación a distribución por áreas xeográficas.




Fonte: Dirección xeral de economía e estatística. Banco España

En Europa os prezos na eurozona aumentaron en agosto ata un 9,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, dous décimas máis que en xullo, sendo España o noveno país dos 19 que integran a rexión a o segundo entre as cinco grandes economías europeas cun maior problema de subidas de prezos segundo indica Eurostat.

En concreto a inflación harmonizada situouse no 10,3% en agosto en España, catro décimas inferior á de xullo mes no que o noso país rexistrou un maior aumento de prezos dende 1985, malia esta baixa moderada, empeora a súa posición entre os países cun maior crecemento dos prezos debido a que outros países da UE parten de taxas inferiores ou xa iniciaron unha senda de descensos de prezos.

Gráfica III. Proxeccións económicas do BCE para a euro área.



Fonte. Dirección xeral de economía e estatística. Banco de España

O consenso dos economistas e o BCE estiman que os prezos da eurozona poderán acadar os dous díxitos en outono e continuarán a ser máis altos a medida que o gas aumente o seu prezo e se esgoten as medidas temporais implementadas polos diferentes países para forzar os prezos á baixa. Malia que o propio BCE estima que os prezos da eurozona caerán a finais de ano, rematando a niveis altos, e acadará taxas medias do 3,5% no 2023, preocupan a senda actual e a evolución crecente da inflación subxacente que xa se sitúa en España no 6,4%.

Este forte aumento dos prezos non fai senón tensionar a política dos bancos centrais e aumentar o pesimismo sobre as previsións de crecemento do vindeiro ano, esperando incluso lixeiras contraccións ata primavera do 2023, xa que o consumo privado, o investimento empresarial e as exportacións caerán.

Así o indicador de sentimento económico de Eurostat de finais de agosto xa amosaba unha contracción de 1,3 puntos en todos os países da zona euro, ata os 97,6 puntos, agás en España, único país dos grandes no que sube, 0,8 puntos. Este indicador basease nas previsións de pedidos industriais e vendas de bens e servizos. Tamén o indicador sobre expectativas de emprego da Comisión europea mostra unha evolución átona despois de dous meses de caídas crecendo un 0,8 na eurozona ata os 108 puntos.

Esta persistencia de prezos elevados e a caída das expectativas empresariais e do consumidor se trasladan ao cadro macro ralentizando o crecemento. Porén os prezos non baixaran de golpe a pesares da caída da actividade. Malia que os prezos enerxéticos semellan estabilizados a un nivel alto haberá que ver que pasa no comezo do inverno, o axuste do gasto rematará chegando e a baixa de prezos da súa man. Para isto compre acompañar as previsións con medidas que favorezan a súa realización.

O mantemento dos prezos nunha senda razoable é fundamental para o crecemento económico e o emprego. Non se debe esquecer que un marco económico estable impulsará a creación de empresas, reforzará a competitividade e aumentará as nosas exporta-

cións, por tanto, e de novo, esta crise pode mudarse nun factor para gañar competitividade, todo elo sen esquecer que a inflación en si mesma é moi negativa para a sociedade, en especial para os cidadáns e familias con rendas máis baixas, xa que son os que máis parte dos seus ingresos adican ao consumo. Por iso as políticas económicas deben orientarse a compensar esta situación.

Esta conxuntura é a que condiciona a elaboración do presente orzamento, que xa na dende a súa orde de elaboración detecta como prioritaria a orientación a apoiar a os que menos capacidade de reacción teñen fronte á suba de prezos, a financiar o desenvolvemento dos bens e servizos públicos, e, a impulsar investimentos que aceleren a transformación do noso tecido produtivo en especial, mobilizando os fondos europeos extraordinarios, todo elo coidando nun marco de equilibrio financeiro que non impulse máis o crecemento dos prezos.

I.2. Marco xeral das finanzas autonómicas. Continuando a senda do crecemento san.

A envolvente financeira que permite facer todo isto ven fixada xa no teito de gasto aprobado no pasado mes de xullo, cuxas principais características eran unha achega importante dos recursos tributarios tanto a través do sistema de financiamento como propios, dunha liquidación positiva dos ingresos do sistema que voltan a normalidade e permiten compensar os ingresos extraordinarios do ano pasado polo pago da sentenza do SII, polo aproveitamento dos recursos de fondos europeos que a os fondos extraordinarios dos fondos next generation EU (que se aumentan en 21 millóns de euros respecto ás previsións do teito de gasto) e dos fondos do novo período de programación 21-27 e que reducen o recurso ao endebedamento, apostando por una consolidación suave das contas autonómicas despois dos impactos da pandemia.


Todo isto leva a un gasto non financeiro consolidado de 12.600 millóns de euros e un orzamento total de 14.167 millóns de euros, os máis altos dos 42 orzamentos autonómicos ata o de agora, pero o que importa aínda máis que a evolución das cifras é a focalización das medidas nos cinco eixes antes descritos.

A estrutura das finanzas da comunidade autónoma segue apostando por unha senda propia galega, xeradora de aforro bruto financiador dun potente esforzo investidor que aporta por un reforzo continuado da I+D, dunhas infraestruturas modernas e de calidade para a prestación de servizos públicos autonómicos e da mobilización dos investimentos sectoriais precisos, tales como redes autonómicas de transporte e comunicación, infraestruturas agrarias e de portos e políticas de fomento.

En efecto o aforro bruto, que aumenta nun 60% ata os 1.356 millóns de euros pasa a ser o principal financiador dos investimentos por vez primeira dende a gran crise, o que

permite aumentar un 22,8% a formación de capital a pesar de que se reduce o endebedamento neto nun 55,8%, 228 millóns menos e os ingresos de capital un 3,5%, 48 millóns menos que no actual orzamento.

Cadro 1: evolución dos investimentos consolidados autonómicos e do seu financiamento




Tampouco é menor o esforzo fiscal feito en materia tributaria, que permite á comunidade autónoma xerar un alivio fiscal ás economías familiares para o que se adiantan os seus efectos a o exercicio 2022, o que permitirá achegar eses recursos adicionais cando en primavera se liquide a declaración da renda. Estamos a referirnos á rebaixa do tramo máis baixo de IRPF e da deflactación dos tramos inferiores a 30.000 euros.

Ademais se acorda xa para o vindeiro 2023 aplicar no IRPF o réxime fiscal de familias numerosas ás de dous ou máis fillos.

Por tanto as contas para 2023, reforzan o gasto social e o investimento, aumentan o aforro bruto e a xeración de capital, baixan os impostos e baixan tamén o endebedamento neto.

Gráfica IV. Galicia. Serie longa de orzamento consolidado. Gasto non financeiro.



I.3. O Orzamento 2023: O IMPULSO QUE GALICIA PRECISA

En base ao escenario económico descrito, dende que comezamos a preparar e deseñar os orzamentos para 2023 tivemos claro como Goberno galego que tiñamos que priorizar cinco liñas de actuación, con múltiples medidas e plans para acompañar a familias e empresas nesta conxuntura de alza de prezos e con medidas para impulsar a competitividade.

Por iso na elaboración dos orzamentos para o 2023 as políticas asignativas de recursos priorizan as seguintes cinco liñas de actuación:

1º. Medidas de apoio e protección ás familias e as persoas máis vulnerables, Tanto pola banda dos ingresos como con medidas de gasto selectivas que afectan ás rendas máis baixas, así como actualizando as axudas sociais, aumentando as axudas ao aluguer, financiando a gratuidade da educación preescolar, conxelando as taxas universitarias, aumentando as axudas para material escolar e mellorando o financiamento do sistema de dependencia.

2º. Medidas de aforro e eficiencia enerxética, impulsando programas de eficiencia enerxética en Pemes e en familias, así como para as vivendas, conxelando as peaxes autonómicas e o impulso ás renovables.

3º. Medidas de dinamización económica. Políticas de apoio sectorial e infraestruturas, axudas a os autónomos, a os emprendedores e a os inmigrantes.

4º. Medidas de protección do medio ambiente e loita contra a seca e o cambio climático, reforzando o dispositivo contra incendios e impulsando un plan contra a seca.

5º. Medidas de fortalecemento dos servizos públicos autonómicos, reforzando a primaria, proseguindo co plan de infraestruturas dixitais, ampliando o catálogo de vacinacións e as actuacións preventivas de saúde pública.

De seguido pasamos a describir algunha destas medidas así como a aportar datos sobre o seu alcance.

As familias son o centro das políticas de loita contra a inflación mediante baixadas nos impostos ...

Coa finalidade de mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias e reforzar o impulso da reactivación económica adóptanse unha serie de medidas para reducir a imposición persoal sobre a renda das persoas físicas, deflactando con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2022 os tres primeiros tramos do IRPF e rebaixando o tramo máis baixo para as rendas máis baixas e aumentando os mínimos persoal e familiar. O carácter retroactivo destas tres medidas permitirá xerar un alivio fiscal as economías familiares na primavera do 2023 cando presenten a súa declaración da renda. No seu conxunto estas medidas supoñen unha redución da tarifa autonómica do IRPF para as rendas medias e baixas, como xa se fixo no ano 2016 e 2022, beneficiando a todos os contribuíntes, mellorando a súa capacidade de gasto moi erosionada pola inflación crecente.

Por outra banda tamén no IRPF establece-se no marco das medidas fiscais de apoio á familia, núcleo fundamental da sociedade, establécese para o 2023 unha nova dedución de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos que se equipara así a das familias numerosas co mesmo número de fillos. Galicia será a 1ª CCAA en aprobar unha medida deste tipo para as familias con dous fillos. Ao mesmo tempo incrementase a actual dedución aplicable as familias numerosas de tal xeito que para as familias con dous fillos a dedución sexa de 250€, o importe actual para as de categoría xeral, e a partir do terceiro fillo aumenta esa dedución en 250€ por cada fillo que se teña de mais.

Así mesmo, se completa a senda fiscal marcada para o imposto sobre o patrimonio co gallo de que esta figura tributaria, que non existe en ningún outro país da UE, non se convirta nun factor de deslocalización de investidores, (que penalizaría dobremente á facenda autonómica vía menor recadación en renda e patrimonio) e que pola contra se convirta nun factor de dinamización económica posibilitando a reinversión dos aforros fiscais en Galicia. Así introdúcese unha nova bonificación do 25% da cota no Imposto sobre o Patrimonio, acumulando xa un 50% nestes dous últimos anos.

Tamén se consolida a rebaixa o tipo xeral no imposto sobre transmisión patrimoniais onerosas, desde o vixente 10% ata o 9%, coa finalidade de reducir a tributación as familias que adquiren unha vivenda favorecendo a actual evolución positiva do mercado inmobiliario, e contribuír a súa dinamización.

Ademais, mantense:

○ tipo reducido do 7% na compra de vivenda habitual con límite de patrimonio

○ tipo reducido do 6% cando a compra se realiza en zonas pouco poboadas ou 5% nas mesmas zonas con límite de patrimonio

○ tipo reducido do 3% para menores de 36 anos, persoas con discapacidade, familias numerosas e vítimas de violencia de xénero.

E a eliminación deste imposto para estes colectivos se compran unha vivenda habitual nestas zonas pouco poboadas.

Tamén mantense o programa de 'Impostos 0 no Rural' coa eliminación deste tributo para todas as compravendas de solo rústico, as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias e as agrupacións de fincas rústicas. Xa se teñen beneficiado máis de 136.000 galegos.

O obxectivo común de todas estas medidas é liberar unha parte dos recursos dos axentes económicos, de xeito que se facilita a afluencia de liquidez e así compensar os efectos negativos da inflación na súa capacidade de gasto, e por outra para que poida ser derivada cara opcións de investimento que garantan unha recuperación estable e mantida no tempo. A inversión que se produza, ao reactivar a actividade económica, devolverá ao sistema a perda inicial recadatoria, mediante a recadación dos impostos asociados ao incremento desa actividade e dos elementos de investimento.

Consolidamos a eliminación do Imposto de Sucesións para o 99,9% das herdanzas directas. Neste tributo, mantemos as rebaixas para que Galicia siga entre as CC.AA. con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos e para os imáns. Están exentas de tributación o 99,9% das herdanzas por vía directa. Desde 2016 beneficiáronse máis de 675.000 galegos.

No que se refire ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns, nestes momentos de incerteza económica con períodos de alta inflación e as consecuentes subas de tipos de xuros, as empresas necesitan destinar recursos propios para acometer novos investimentos e non depender excesivamente do financiamento alleo. Para iso modifícase tamén para o 2023, en ámbalas dúas modalidades do imposto, a redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades e ábrese a posibilidade a que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos

para non penalizar a retención que fagan as empresas do seu beneficio co fin de acometer no futuro novos investimentos.

O impacto das medidas de modificación da tarifa autonómica do IRPF e da actualización dos seus mínimos é de 128 millóns de euros, e a medida relativa a dedución por fillos supón 17,5 millóns. No imposto sobre o patrimonio o impacto é de 17 millóns de euros. O impacto da medida no imposto sobre sucesións e doazóns cífrase en 4,7 millóns de euros.

... e incrementando as axudas para o apoio e protección das persoas máis vulnerables ...

Coa finalidade de mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias, melloramos as partidas correspondentes a axudas nos ámbitos educativos, social e económico, para apoiar aos máis vulnerables. É de destacar o esforzo orzamentario que reflicten as contas para o ano 2023 para axudar as familias como consecuencia dos incrementos dos prezos tanto enerxéticos como do resto produtos que consumen. O proceso inflacionario é máis persistente do que se esperaba inicialmente, polo que a renda das familias con menores ingresos viron erosionada a súa capacidade de gasto. Porén as medidas van encamiñadas aos máis vulnerables, construíndo unha sociedade máis solidaria, cun apoio decidido a prol das familias e as persoas..

No eido educativo as contas para o ano 2023 recollen un conxunto de medidas en apoio as familias con fillos incrementando as axudas para material escolar e conxelando as taxas universitarias. Destaca o Bono Familia Escola, dotado con 10,5 millóns de euros (5,5 millóns de euros máis, duplicando o importe) para outorgar axudas de material escolar a máis de 140.000 familias e a implementación da gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos cun custe de 55 millóns de euros para beneficiar a máis de 30.000 familias.

No eido Social as contas para o ano 2023 recollen un conxunto de medidas en apoio os máis vulnerables como o Bono Social térmico, que incrementa nun 50% o complemento autonómico. En total 22,7 millóns de euros para beneficiar a 64.000 familias; O Bono Social Eléctrico dotado con 4 millóns de euros para incrementar o importe das axudas para o pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables beneficiando a 6.000 persoas. Do mesmo xeito actualízanse as contías das prestacións para a RISGA, as axudas de inclusión social e as pensións non contributivas mellorando as prestacións por usuario para adaptalas á subida do coste da vida.

No ámbito da Xuventude adóptanse diversas medidas de distinto calado entre as que destacan a ampliación do Bono Alugueiro Mocidade por un importe de 25 millóns de euros e mellórase ata o 20% o aval do das hipotecas para menores de 35 anos para a súa primeira vivenda.

Inclúese tamén 4,8 millóns de euros para continuar coa bonificación das peaxes e para compensar a suba do IPC nas peaxes das estradas autonómicas. Por último mellorase o acollemento familiar de menores incrementando en 1 millón de euros o que repercutirá nos 1.200 menores acollidos.

... adoptando medidas en materia de aforro e eficiencia enerxética

A segunda liña de actuacións busca favorecer e impulsar o aforro e a eficiencia enerxética. Neste sentido as contas para o ano 2023 buscan favorecer e impulsar o aforro e a eficiencia enerxética, cunha serie de actuacións que contribúan a ter vivendas e empresas máis eficientes e fontes de enerxía diversificadas e así garantir o mellor subministro e con custes razoables.

Entre estas medidas máis salientables están as achegas para impulsar actuacións de aforro enerxético entre as familias e as empresas que duplican o seu importe, ata acadar os 80 millóns de euros para impulsar a instalación de sistemas de biomasa en vivendas, para o fomento do autoconsumo e de sistemas de almacenamento para fogares e pemes.

E co obxecto fomentar a rehabilitación de vivendas para mellorar a súa eficiencia enerxética recóllense 35,7 millóns de euros, así como diversas actuacións de eficiencia enerxética en instalacións municipais por importe de 8,6 millóns de euros en forma de axudas os concellos.

Así como 4,7 millóns de euros para o Bono Enerxía Peme para melloras enerxéticas en equipamentos que tamén abrangue novos servizos de asesoramento en aforro e eficiencia enerxética, tales como de auditorías enerxéticas.

Así mesmo o Plan Renove electrodomésticos por un importe de 3,5 millóns de euros.

Tamén recóllese nas contas unha inversión de 1 millón de euros para a primeira plataforma experimental para producir enerxía eólica.

... con medidas que favorezan a dinamización económica sen esquecer as empresas e sectores máis afectados pola nova perturbación

A situación xerada pola evolución da COVID-19 e conflito bélico de Ucraína obrigou as autoridades públicas a xestionar unha crise sanitaria sen parangón e unha inflación máis persistente da prevista inicialmente con consecuencias negativas sobre o tecido produtivo. Neste sentido establecéronse medidas para protexer a saúde e a seguridade das persoas mediante os múltiples peches perimetrais decretados pola autoridades sanitarias galegas,

polo que moitas empresas e persoas traballadoras autónomas víronse particularmente afectadas por esta situación e chegando a ter caídas na cifra de negocios superiores ao 40 %. A nova perturbación derivada da guerra de Ucraína motiva que o proceso inflacionario iniciado no ano 2021 intensificouse no ano 2022, xerando un novo problema sobre o tecido produtivo galego, cun incremento dos seus costes de produción afectando a súa rendibilidade e poñendo en risco a súa viabilidade e consecuentemente determinando peches de actividade.

Ante esta situación, as contas para o ano 2023 recollen partidas específicas que permitan que a Comunidade Autónoma de Galicia alcance uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio, polo que é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega e ao mesmo tempo a resiliencia dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego, mediante o apoio o sector privado.

Así discrimínase positivamente nas contas para o 2023 a dinamización económica promovendo medidas que axuden a emprendedores, autónomos e empresarios co obxecto de manter empregos e incrementar a súa competitividade.

Neste eido é de salientar o Programa Impacto Autónomo, dotado con 30 millóns de euros para apoiar a 25.000 autónomos con rendas medias e medias/baixas para mantemento da súa actividade económica e emprego. Apoio que permitirá facer fronte aos incrementos das súas facturas por mor da inflación e da suba dos custos enerxéticos e das materias primas que poidan chegar a poñer en risco a viabilidade dos seus negocios. Este novo programa súmase aos programas ordinarios específicos para este colectivo.

O Programa de Emprendemento dotado con 13,5 millóns de euros a través da rede dos polos de emprendemento no rural. Tamén o Plan Retoma Emprego dotado con 7,5 millóns de euros para programas de retorno que faciliten a incorporación a profesións e oficios demandadas polo tecido produtivo galego.

Tamén é de destacar o Plan Completa e Transfire dotado con 22,5 millóns de euros para proxectos transformadores e de impacto a través da colaboración e transferencia entre os diferentes axentes público-privados de Galicia. Por outra tamén destacan, en apoio ó sector primario, a dotación de axudas para o sector da pesca por importe de 14,7 millóns de euros moi afectado polo incremento dos seus costes de produción afectando a súa rendibilidade.

As axudas do IGAPE destinadas ao reforzo da competitividade en zonas afectadas polo peche das centrais térmicas dotadas con 19,8 millóns de euros e por último o pro-

grama de modernización e dixitalización do comercio de proximidade dotado con 4,8 millóns de euros.

... con medidas que garantan a protección do medio ambiente e a loita contra a seca e o cambio climático

Outras das prioridades deste orzamento ten unha finalidade medioambiental, prestando unha especial atención á loita contra a seca e para afrontar o cambio climático. Mellorar a xestión dos nosos recursos naturais, a auga e as masas forestais é clave para ter un territorio sustentable. Os orzamentos para o 2023 recollen un conxunto de medidas das que podemos sinalar, entre outras, as seguintes:

Destinamos 15,2 millóns de euros a medidas para mellorar a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes con:

- máis tempo de traballo para o persoal laboral dos equipos existentes e contratando a novo persoal.
- Coa adquisición de equipos máis especializados na investigación e prevención tales como motobombas e equipos BATRACIO.

Incrementamos o apoio aos concellos para as tarefas de roza e mantemento das franxas secundarias e vías municipais ao que se destinan 8M€.

Incluímos actuacións de loita contra a seca dotado con 11,5 millóns de euros con medidas encamiñadas a mellorar o abastecemento de auga nos núcleos de poboación e aumentar a resiliencia fronte á seca no rural:

- 2,8 millóns de euros na ampliación ETAP río Ulla para mellora do abastecemento do sistema na marxe dereita da ría de Arousa.
- 2 millóns de euros para a reparación de sistemas de abastecemento municipal.
- 3 millóns de euros para incrementar as reservas de auga en áreas urbanas vulnerables
- E 3,7 millóns de euros en liñas de axudas a concellos e comunidades de usuarios destinadas a mellorar a resiliencia fronte á seca: melloras na eficiencia do abastecemento e saneamento, mellora das instalacións nas zonas rurais

Inclúen tamén actuacións para a recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais do ano 2022 dotado con 4,3 millóns de euros e 1 millón en espazos protexidos.

Ademais dun conxunto de actuacións de diversa índole, como son as medidas no ámbito da silvicultura para a prevención de incendios e outras catástrofes dotado con 22,5 millóns de euros; 2 millóns para a prevención de danos pola fauna silvestre; 1 millón para a adquisición de bicicletas eléctricas reforzando así a mobilidade sostible.

Por ultimo un conxunto de actuacións encamiñadas a mellora na xestión dos residuos e reciclaxe. Mediante a construción de puntos limpos, o tratamento de biorresíduos, a xestión de residuos téxtiles e para o desenvolvemento dun plan de apoio á implementación da normativa de residuos. Inclúen así 9,4 millóns de euros nun Plan de apoio á implantación da normativa de residuos e 8,3 millóns de euros en axudas para a recollida separada e compostaxe.

E por último con medidas que garantan o fortalecemento dos servizos públicos ...

Os orzamentos para o ano 2023 ten como obxectivo unha prioridade que non é nova, senón que este Goberno leva a cabo en cada orzamento, o fortalecemento dos servizos públicos. A prioridade ten que ser ter cada exercicio unha mellor sanidade pública, unha mellor educación pública e uns mellores servizos públicos.

Ao servizo desta finalidade podemos salientar no que atinxe a sanidade as seguintes actuacións, entre as que destacamos a terceira anualidade do Fondo de Garantía de infraestruturas sanitarias dotado con 163,5 millóns de euros e destinado as grandes infraestruturas sanitarias e centros integrais de saúde.

Tamén aumentamos as partidas destinadas a novos investimentos en atención primaria en 23,6 millóns de euros: 12 millóns para 6 novos centros de saúde, 9 millóns para melloras en centros xa existentes e 2,6 millóns nun plan de dixitalización.

E tamén reforzando as partidas correspondentes aos cribados e novas vacinas en 11 millóns de euros máis. Tamén é de destacar o investimento de 10 millóns de euros nun Centro de Protonterapia, dotado coas técnicas máis avanzadas de radioterapia especialmente indicada para o tratamento de tumores de difícil acceso quirúrxico e máis sensibles a radiación.

Do mesma forma é de destacar no ámbito educativo o Plan de investimentos universitarios dotado con 10 millóns de euros para novas infraestruturas de docencia e investigación. Tamén destaca para atención a diversidade e garantía de equidade educativa dotado con 24,5 millóns de euros. E por último un plan de melloras no funcionamento dos centros educativos e dotación de equipamentos innovadores nos 230 centros de Formación Profesional para 60.000 alumnos.

Por último no ámbito social salientar as seguintes actuacións de distinto ámbito, como o reforzo do sistema de axuda no fogar por importe de 11 millóns de euros aumentando o importe de 11,5 euros /hora acordados coa Fegamp, nun 4% ata acadar os 12 € por hora de atención no financiamento da Xunta aos concellos, que prestan servizos a máis de 25.000 beneficiarios

O investimento en 10 novas Casas Niños para chegar ás 105 por importe de 2,5 millóns de euros, 30 novas Casas do Maior ata acadar 137 por importe de 3,3 millóns de euros. Tamén duplícanse a atención e servizos de teleasistencia cun custe de 11,3 millóns de euros para beneficiar a máis de 10.000 galegos, así como o desenvolvemento dun Plan para concellos de atención a persoas maiores por importe de 9,5 millóns de euros.

I.4. O SEMESTRE EUROPEO 2022

A Comisión Europea (CE) estableceu no 2011 o nomeado «Semestre Europeo», co gallo de mellorar as sinerxias entre as políticas económicas dos países que integran a Unión Europea (UE) e aumentar a vixilancia sobre os seus potenciais desequilibrios macroeconómicos, de xeito especial naqueles que pertencen á Unión Económica e Monetaria (UEM) un ciclo anual no que se deseñan e coordinan as políticas económicas e que recolle a análise da situación económica dos Estados membros, así como dos seus plans de reformas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais.

O 24 de novembro de 2021, a Comisión adoptou o Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento Sustentable, marcando así o inicio do Semestre Europeo de 2022 para a coordinación das políticas económicas. A Comisión tivo debidamente en conta o Compromiso Social do Porto subscrito o 7 de maio de 2021 co fin de impulsar a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais proclamado polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión o 17 de novembro de 2017. O 25 de marzo de 2022, o Consello Europeo aprobou as prioridades do Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento Sustentable de 2022. O 24 de novembro de 2021, a Comisión, sobre a base do Regulamento (UE) n.º 1176/2011, adoptou así mesmo o Informe sobre o Mecanismo de Alerta, no que se sinalaba a España como un dos Estados membros para os cales sería necesario un exame exhaustivo. Na mesma data, a Comisión tamén adoptou a Recomendación do Consello sobre a política económica da zona do euro, así como unha proposta de Informe conxunto sobre o emprego para 2022, no que se analiza a aplicación das orientacións de emprego e os principios do pilar europeo de dereitos sociais. O 5 de abril de 2022, o Consello adoptou a Recomendación sobre a política económica da zona do euro e o 14 de marzo de 2022, o Informe conxunto sobre o emprego para 2022.

A invasión de Ucraína por parte de Rusia, tras a pandemia mundial, alterou significativamente o contexto xeopolítico e económico. Entre as repercusións da invasión sobre as economías dos Estados membros figura un aumento dos prezos da enerxía, dos alimentos e das materias primas, así como menores perspectivas de crecemento. Os maiores prezos da enerxía pesan de maneira particularmente aguda sobre os fogares máis vulnerables confrontados a unha situación de pobreza enerxética ou en risco de caer na devandita situación, así como sobre as empresas máis vulnerables ás subidas dos prezos da enerxía.

Tendo en conta a rápida evolución da situación económica e xeopolítica, en 2022, o Semestre Europeo renova a súa coordinación xeral das políticas económicas e de emprego, ao mesmo tempo que se axusta aos requisitos de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, con arranxo ao Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento Sustentable de 2022. A execución dos plans de recuperación e resiliencia adoptados é esencial para a consecución das prioridades de actuación no marco do Semestre Europeo, xa que devanditos plans abordan a totalidade ou unha parte significativa das recomendacións específicas por país emitidas nos ciclos do Semestre Europeo de 2019 e 2020. As recomendacións específicas por país de 2019 e 2020 seguen sendo igualmente pertinentes para os plans de recuperación e resiliencia revisados, actualizados ou modificados, engadíndose a calquera outra recomendación específica por país formulada ata a data de presentación de tales plans de recuperación e resiliencia revisados, actualizados ou modificados.

A cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento estivo activa desde marzo de 2020. Na súa Comunicación, do 3 de marzo de 2021, titulada «Un ano despois da pandemia de COVID-19: resposta en materia de política orzamentaria», a Comisión expuxo o seu punto de vista de que a decisión relativa á desactivación ou o mantemento en vigor da cláusula xeral de salvagarda debe basearse nunha avaliación global da situación da economía, utilizando como criterio cuantitativo clave a comparación do nivel de actividade económica na Unión ou na zona do euro cos niveis anteriores á crise (final de 2019). A maior incertidume e os importantes riscos á baixa das perspectivas económicas no contexto da guerra en Europa, as subidas sen precedentes dos prezos da enerxía e as continuas perturbacións da cadea de abastecemento xustifican a prórroga da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento durante 2023, aínda que a Comisión considera desactivala a partir de 2024. O mantemento da cláusula xeral de salvagarda en 2023 deixará marxe para que as políticas fiscais nacionais reaccionen con rapidez cando sexa necesario, á vez que permitirá unha transición fluída desde o amplo apoio dado á economía durante a pandemia a unha crecente orientación cara a medidas temporais e específicas e á cautela orzamentaria necesaria para garantir a sustentabilidade a medio prazo. A Comisión proporcionará orientacións sobre posibles cambios do marco de gobernanza económica despois das vacacións de verán e con suficiente antelación, para 2023.

O 2 de marzo de 2022, a Comisión adoptou unha comunicación na que proporcionaba orientacións xerais para a política orzamentaria en 2023 encamiñadas a apoiar

a elaboración dos programas de estabilidade e de converxencia dos Estados membros, reforzando desta forma a coordinación das políticas. A Comisión observou, sobre a base das perspectivas macroeconómicas das previsións do inverno de 2022, que en 2023 sería apropiado pasar dunha orientación orzamentaria agregada expansionista en 2020-2022 a unha orientación orzamentaria agregada globalmente neutra, mantendo en calquera caso a disposición para reaccionar en función da cambiante situación económica.

Con respecto ás orientacións orzamentarias, as recomendacións para 2023 teñen en conta a deterioración das perspectivas económicas, a maior incertidume e os novos riscos á baixa e a maior inflación en comparación coas previsións do inverno de 2022 da Comisión. Á luz destas consideracións, a resposta orzamentaria ten que impulsar o investimento público en relación coas transicións ecolóxica e dixital e a seguridade enerxética, e soste o poder adquisitivo dos fogares máis vulnerables con obxecto de amortecer os efectos da subida dos prezos da enerxía e contribuír a limitar as presións inflacionistas derivadas de efectos inducidos a través de medidas selectivas e temporais. A política orzamentaria ha de seguir sendo áxil co fin de axustarse ás circunstancias rapidamente cambiantes, incluídos os retos derivados da guerra de agresión de Rusia contra Ucraína en materia de defensa e seguridade, e ten que distinguir entre Estados membros atendendo á súa situación orzamentaria e económica específica, tamén no que respecta a a súa exposición á crise e a entrada de persoas desprazadas procedentes de Ucraína.

O 30 de abril de 2022, España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2022 e, o 29 de abril de 2022, o seu Programa de Estabilidade de 2022, de conformidade cos prazos establecidos no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1466/97. Para ter en conta as súas interrelacións, ambos os programas avaliáronse conxuntamente. De conformidade co artigo 27 do Regulamento (UE) 2021/241, o Programa Nacional de Reformas de 2022 tamén reflicte o informe semestral de España sobre os avances realizados na execución do seu Plan de Recuperación e Resiliencia

A Comisión publicou o informe por país de 2022 correspondente a España o 23 de maio de 2022. Avaliou os avances de España no seguimento das recomendacións que lle dirixiu o Consello en 2019, 2020 e 2021 e fixo balance da execución do seu Plan de Recuperación e Resiliencia, baseándose no cadro de indicadores sobre recuperación e resiliencia. Partindo desta análise, o informe sobre España detectou deficiencias en relación con retos que non se abordan ou se abordan só parcialmente no Plan de Recuperación e Resiliencia, así como retos novos e emerxentes, como os derivados da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Así mesmo, avaliou os avances de España na execución do pilar europeo de dereitos sociais e no logro dos obxectivos principais da Unión en materia de emprego, capacidades e redución da pobreza, así como os avances cara ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas.

A Comisión realizou un exame exhaustivo sobre España e concluíu que España está a experimentar desequilibrios. En particular, as vulnerabilidades están relacionadas co alto

nivel de débeda exterior, pública e privada nun contexto de alto desemprego, e teñen incidencia transfronteiriza.

Segundo as previsións da Comisión da primavera de 2022, en 2023 o efecto da orientación orzamentaria equivalería ao 0 % do PIB, coa hipótese de mantemento da política económica. Prevese que España siga utilizando en 2023 as subvencións procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para financiar investimentos adicionais en apoio da recuperación. Calcúlase que a contribución positiva á actividade económica do gasto financiado por subvencións procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e outros fondos da Unión mantéñase estable en 2023 en comparación con 2022. Prevese que o investimento financiado a nivel nacional proporcione unha contribución contraccionista á orientación orzamentaria de 0,1 puntos porcentuais en 2023. Ao mesmo tempo, prevese que en 2023 o incremento dos gastos primarios correntes financiados a nivel nacional (excluídas as novas medidas relativas aos ingresos) teña un efecto globalmente neutro, de + 0,1 puntos porcentuais, sobre a orientación orzamentaria global. Isto inclúe as repercusións da supresión gradual das medidas adoptadas para abordar a subida dos prezos da enerxía (0,4 % do PIB).

No Programa de Estabilidade de 2022 espérase que o déficit público diminúa gradualmente ao 3,3 % do PIB en 2024 e ao 2,9 % do PIB en 2025. Por conseguinte, prevese que o déficit público sitúese por baixo do 3 % do PIB en 2025. Segundo o Programa de Estabilidade de 2022, espérase que a cociente débeda pública/PIB sexa inferior en 2025, diminuíndo ao 110,8 % en 2024 e ao 109,7 % en 2025. Segundo a análise da Comisión, os riscos para a sustentabilidade da débeda parecen elevados a medio prazo.

De conformidade co artigo 19, apartado 3, letra b), do Regulamento (UE) 2021/241 e o criterio 2.2 do seu anexo V, o Plan de Recuperación e Resiliencia inclúe un amplo conxunto de investimentos e reformas que se reforzan mutuamente cun calendario indicativo de realización con prazo de finalización ata o 31 de agosto de 2026. Estas contribúen a abordar a totalidade ou unha parte significativa dos retos económicos e sociais descritos nas recomendacións dirixidas polo Consello a España no marco do Semestre Europeo de 2019 e 2020, ademais de en calquera outra recomendación dirixida a España ata a data de adopción dun plan de recuperación e resiliencia. En particular, espérase que o Plan de Recuperación e Resiliencia contribúa substancialmente ao seguimento das recomendacións dirixidas a España relativas ao fomento do investimento público e privado para contribuír á recuperación. Ao facelo, espérase que aborde as recomendacións sobre investimento e innovación e as transicións dixital e ecolóxica do país. O Plan de Recuperación e Resiliencia tamén inclúe medidas encamiñadas a reducir a alta proporción de contratos temporais nos sectores privado e público e a reforzar unhas políticas de mercado laboral activas. Espérase que o Plan de Recuperación e Resiliencia contribúa a abordar a fragmentación existente da prestación de desemprego, que se traduce nuns resultados deficientes. Tamén se espera que contribúa a fornecer cualificacións e capacitacións pertinentes para o mercado laboral que permitan apoiar a transicións ecolóxica e dixital de España. O acceso

á aprendizaxe dixital pode ser impulsado significativamente polo Plan de Recuperación e Resiliencia a través do investimento en dispositivos e cualificacións, así como desenvolvendo cursos en liña. Os resultados educativos tamén poden mellorar como consecuencia da realización de investimentos en diversas etapas do ciclo de ensino. As medidas do Plan de Recuperación e Resiliencia tamén poden contribuír ao seguimento das recomendacións dirixidas a España para que mellore a cobertura e a adecuación dos seus réximes de salario mínimo e subsidios familiares. Tamén se espera que o Plan de Recuperación e Resiliencia contribúa a reforzar os marcos de contratación pública e mellorar a contorna empresarial. Por outra banda, as medidas do Plan de Recuperación e Resiliencia encamiñadas a aumentar a eficacia do gasto público e o sistema tributario poden contribuír á sustentabilidade das finanzas públicas.

A Comisión indicou España aínda non presentou formalmente o acordo de asociación nin os demais programas da política de cohesión establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello. De conformidade co devandito Regulamento, España debe ter en conta as recomendacións que se lle dirixiron na programación dos fondos da política de cohesión 2021-2027. Isto constitúe unha condición previa para mellorar a eficacia e maximizar o valor engadido da axuda financeira que se ha de recibir dos fondos da política de cohesión, ao mesmo tempo que se fomenta a coordinación, a complementariedade e a coherencia entre os devanditos fondos de cohesión e outros instrumentos e fondos da Unión. A aplicación frutífera do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e os programas da política de cohesión tamén depende da eliminación dos obstáculos ao investimento para apoiar as transicións ecolóxica e dixital e un desenvolvemento territorial equilibrado.

Máis aló dos retos económicos e sociais aos que responde o Plan de Recuperación e Resiliencia, España afronta unha serie de retos adicionais relativos á aceleración da transición ecolóxica, o aumento das interconexións enerxéticas, o aumento da dispoñibilidade de vivendas sociais energeticamente eficientes e alcanzables e o fomento da economía circular. Unhas políticas encamiñadas a aumentar as taxas de reciclaxe e fomentar a economía circular poden contribuír a limitar a importación de bens e, desta forma, a mellorar os desequilibrios externos. A medio e longo prazo, o logro dos obxectivos en materia de enerxías renovables e eficiencia enerxética e o aumento das interconexións enerxéticas tamén poden levar a reducir a dependencia dos combustibles fósiles e o alto nivel de débeda externa.

En resposta ao mandato dos xefes de Estado ou de Goberno da Unión establecido na Declaración de Versalles, a proposta da Comisión dun plan REPowerEU propónse eliminar a dependencia da Unión respecto de a importación de combustibles fósiles de Rusia o máis pronto posible. Con este obxectivo, a Comisión propónse determinar, por medio dun diálogo cos Estados membros, os proxectos, investimentos e reformas a nivel nacional, rexional e da Unión que se consideran máis adecuados. Estas medidas están en-

camiñadas a reducir a dependencia global respecto de os combustibles fósiles e a cambiar a orixe das importacións de combustibles fósiles que ata a data procedían de Rusia.

Aínda que a aceleración da transición cara á neutralidade desde o punto de vista climático e o abandono progresivo dos combustibles fósiles crearán uns custos de reestruturación significativos en varios sectores, España pode utilizar o Mecanismo para unha Transición Xusta no contexto da política de cohesión con obxecto de diminuír o impacto socioeconómico da transición nas rexións máis afectadas. España pode ademais aproveitar o Fondo Social Europeo Plus, establecido polo Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, para mellorar as oportunidades de emprego e reforzar a cohesión social.

Á luz do exame exhaustivo realizado pola Comisión e da súa avaliación, o Consello examinou o Programa Nacional de Reformas de 2022 e o Programa de Estabilidade de 2022.. O Consello da UE emite as seguintes recomendacións para España,

RECOMENDA a España que tome medidas en 2022 e 2023 co fin de:

1. En 2023, garantir unha política orzamentaria prudente, en particular limitando o incremento dos gastos primarios correntes financiados a nivel nacional por baixo do crecemento potencial a medio prazo, tenendo en conta a continuación da axuda temporal e específica en favor dos fogares e as empresas máis vulnerables ás subidas dos prezos da enerxía e das persoas que abandonan Ucraína. Estar disposta a axustar os seus gastos correntes á cambiante situación. Aumentar o investimento público nos ámbitos das transicións ecolóxica e dixital e da seguridade enerxética tendo en conta a iniciativa REPowerEU, utilizando tamén o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e outros fondos da Unión. Para o período posterior a 2023, aplicar unha política orzamentaria encamiñada a lograr situacións orzamentarias prudentes a medio prazo e garantir unha redución gradual da débeda que sexa crible e a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo, a través do saneamento gradual, o investimento e as reformas.
2. Proceder á execución do seu Plan de Recuperación e Resiliencia, de conformidade cos fitos e obxectivos incluídos na Decisión de Execución do Consello do 13 de xullo de 2021. Presentar os documentos de programación da política de cohesión 2021-2027 con vistas a finalizar as negociacións coa Comisión e, seguidamente, iniciar a súa aplicación.
3. Aumentar as taxas de reciclaxe para alcanzar os obxectivos da Unión e fomentar a economía circular mediante a mellora da coordinación entre todos os niveis da Administración e a realización de novos investimentos co fin de cumprir as súas obrigacións en materia de recollida selectiva de residuos e de reciclaxe, e de fomentar a reutilización da auga.
4. Reducir a dependencia global respecto de os combustibles fósiles. Acelerar o desenvolvemento de enerxías renovables, facendo fincapé nas instalacións descentralizadas

e o autoconsumo, tamén mediante unha maior simplificación dos procedementos de concesión de autorizacións e a mellora do acceso á rede eléctrica. Apoiar os investimentos complementarios en almacenamento, infraestruturas de redes, electrificación dos edificios e o transporte e hidróxeno renovable. Aumentar a capacidade de interconexión enerxética. Aumentar a dispoñibilidade de vivendas sociais energeticamente eficientes e alcanzables, especialmente a través da renovación..

I.5. PLAN ORZAMENTARIO 2023.

O pasado 15 de outubro o goberno de España presenta o plan orzamentario perante a Comisión Europea para 2023. No que se indica que España segue a senda marcada pola cláusula de salvagarda prorrogada no 2023 pola Unión Europea e mantén abertos os mecanismos previstos na normativa nacional para dar cobertura a esta situación excepcional. É por elo polo que España activa de novo a cláusula que permite a suspensión das regras fiscais, tal e como fixo no 2021 e no 2022, fixando unha taxa de referencia de crecemento máximo das necesidades de financiamento por sectores da administración a as súas correspondentes implicacións na débeda.

Por elo, o Consello de Ministros no ACM de 26 de xullo de 2022 polo que se fixa o crecemento do límite de gasto non financeiro para 2023, a apreciación prevista dos artigos 135.4 da CE e 11.3 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, referente á apreciación da situación de pandemia. Esta apreciación foi ratificada polo pleno do congreso dos Deputados o pasado 22 de setembro.

En calquera caso, tal e como pon de manifesto o Goberno de España a activación da devandita cláusula non implica que non se manteñan os compromisos coa estabilidade orzamentaria polo que non se suspenden os procedemento do pacto de estabilidade e crecemento.

A estratexia fiscal presentada nesta plan ten como obxectivo profundizar no proceso de recuperación xusta da crisis derivada da pandemia sanitaria da COVID-19, amortecer as consecuencias do shock xeopolítico que supoñe a guerra de Ucraína e, de maneira simultánea, avanzar no proceso de modernización e transformación de nosa economía, facéndoa máis sólida, inclusiva e resiliente, e máis capacitada para afrontar os desafíos futuros, sen deixar a ningún atrás..

Polo tanto, coa cláusula de salvagarda activada de novo para 2023, o ciclo dos PGE para 2023 comezou coa necesidade de asegurar a necesaria flexibilidade ás Administracións Públicas a fin de poder deseñar unha política fiscal que garantice o mantemento do proceso de recuperación e crecemento económicos, xa iniciado en 2021. En consecuencia, seguindo as directrices que proveñen das institucións europeas, España activou

de novo en 2023 a cláusula de escape prevista en nosa normativa nacional, o que supoñe unha suspensión temporal das regras fiscais, como xa se fixo en 2021 y 2022. Se ben, a pesar do escenario adverso e da incertidume existente, debe continuarse garantindo o compromiso coa estabilidade orzamentaria para o período 2022-2025, sen abandonar en ningún momento a responsabilidade fiscal. No Programa de Estabilidade que foi remitido a Bruselas o pasado 30 de abril se incluía unha senda de redución paulatina do déficit público, que, á vez, respalda a sustentabilidade orzamentaria a medio prazo, acadando un déficit inferior o 3% del PIB en 2025.

No Plan Orzamentario 2023, se recollen as taxas de referencia do saldo fiscal, deseñadas cun dobre obxectivo: por un lado continuar apoiando a empresas, traballadores e familias mentres a recuperación económica se asenta, e, por outra banda, comezar un proceso de reequilibrio a medio prazo que permita acadar posicións fiscais prudentes e reafirmar a posición das contas públicas.

Cadro II. Taxas de referencia do saldo fiscal das AAPP 2022-2025 Ministerio de Facenda

SUBSECTOR	2022	2023	2024	2025
Administración Central	-3,9%	-3,2%	-3,6%	-3,2%
Comunidades Autónomas	-0,6%	-0,3%	0,2%	0,2%
Corporacións Locais	0,0%	0,1%	0,3%	0,2%
Seguridade Social	-0,5%	-0,5%	-0,3%	-0,2%
Total AAPP	-5,0%	-3,9%	3,3%	-2,9%

No que atinxe á débeda, o cadro seguinte mostra a evolución da débeda pública global segundo as previsións macroeconómicas e fiscais. Para 2022, a débeda retomará de novo a senda descendente que se observaba en 2021, prolongándose esta tendencia en 2023.

Cadro III. Evolución da débeda das AAPP e perspectivas. Ministerio de Facenda.

	2021	2022	2023
Ratio Débeda / PIB	118,2	115,2	112,4
Variación	-2,2	-3	-2,8
Contribución á variación na ratio débeda / PIB			
Saldo Orzamentario Primario	4,6	2,8	1,6
Xuros pagados	2,2	2,2	2,4
Axuste stock-fluxo	-0,1	1,4	-0,2
p.m. Tipo interés implícito sobre a débeda	1,9	2,1	2,2

1.6. NEXT GENERATION EU.

Cun orzamento de 806.900 millóns de euros (M€), os fondos de recuperación NGEU están a axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia de coronavirus e construír unha UE post-COVID-19 máis verde, máis dixital, máis resistente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

O núcleo de NGEU é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR ou Mecanismo), un fondo para proporcionar subvencións e préstamos para apoiar reformas e investimentos nos Estados membros da UE, cuns recursos financeiros de 723.800 M€, dos cales 338.000 constituiranse como transferencias non reembolsables e 385.800 destinaranse a proporcionar préstamos aos Estados membros en condicións favorables, que serán reembolsados por eles.

Ademais, NGEU reforza varios programas e políticas da UE do seguinte xeito:

Á Política de Cohesión a través de REACT-EU con 50.620 M€, no marco da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, prestando asistencia para favorecer a reparación a curto prazo da crise, no contexto da pandemia de COVID-19, e as súas consecuencias sociais, así como para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía. Do importe asignado a España, lixeiramente por enriba dos 14.500 M€, 10.000 se distribuíron entre as CC.AA. para xestionalos nos programas operativos FEDER e FSE rexionais, mentres que o resto xestiónase polo Ministerio de Sanidade no programa plurirrexional de España, fundamentalmente para financiar a adquisición de vacinas. Galicia xestiona 441 millóns de EUR, o 79% no Programa FEDER Galicia 2014-2020 e o 21% restante no Programa FSE Galicia 2014-2020,;

Ao Fondo de Transición Xusta (FTX) con 10.868 millóns de euros, co obxectivo de prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática e contribuír á aplicación do Pacto Verde Europeo, cuxo obxectivo é lograr unha Unión climaticamente neutra de aquí a 2050. O Programa de Transición Xusta de España ascende a 873 M€, dos que 111 millóns corresponden á prioridade da provincia da Coruña;

Ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) con 8.070 millóns de euros, para seguir apoiando aos agricultores;

Ao programa InvestEU con 6.074 millóns de euros, para apoiar os esforzos investidores das empresas;

Ao programa de Protección Civil da UE (rescEU) con 2.000 millóns de euros, para reforzar a capacidade de responder a gran escala ás emerxencias derivadas de catástrofes naturais;

Ao programa marco de investigación e innovación Horizonte Europa con 5.412 millóns de euros, para asegurarse que a UE ten a capacidade de financiar a excelencia na investigación.

Para financiar NGEU, a UE tomará préstamos nos mercados. O reembolso realízase durante un período a longo prazo, ata 2058. Este calendario trata de evitar a presión inmediata sobre as finanzas dos Estados membros e permítelles centrar os seus esforzos na recuperación.

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia


O Mecanismo establécese no Regulamento (UE) 2021/241 e o seu obxectivo xeral é lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE, contribuíndo á aplicación do pilar europeo de dereitos sociais e contribuíndo á autonomía estratéxica da Unión xunto cunha economía aberta e xerando valor engadido europeo.

O ámbito de aplicación do Mecanismo inclúe prioridades da UE estruturadas en seis piares:

- transición ecolóxica;
- transformación dixital;
- crecemento intelixente, sustentable e integrador, que inclúa a cohesión económica, o emprego, a produtividade, a competitividade, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, e un mercado interior que funcione correctamente con PEMES sólidas;
- cohesión social e territorial;
- saúde e resiliencia económica, social e institucional, con obxecto, entre outros, de aumentar a preparación e capacidade de reacción ante as crises; e
- políticas para a próxima xeración, a infancia e a mocidade, tales como a educación e o desenvolvemento de capacidades.

Os fondos do Mecanismo estanse a desenvolver segundo os Plans nacionais de recuperación e resiliencia elaborados por cada Estado membro, en colaboración coa Comisión Europea, e en liña coa asignación financeira establecida.

Gráfico V. EUR por habitante do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Prezos correntes.



Fonte: Elaboración propia a partir de información da Comisión Europea

O método de reparto por Estado membro dos recursos do Mecanismo correspondentes a transferencias non reembolsables, ten en conta variables como a poboación, a inversa do PIB per cápita, a taxa media de desemprego dos últimos cinco anos en comparación coa media da Unión no período 2015-2019 e a caída do PIB real en 2020 e 2021. Así, trala revisión dos indicadores realizada pola Comisión o 30 de xuño de 2022, a España correspóndelle unha asignación de 77.234 millóns de EUR a prezos correntes (7.706 M€ máis que na asignación inicial), o 22,9% do total, para financiar as inversións e reformas incluídas no Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia elaborado polo Goberno de España e aprobado pola Comisión Europea en xuño de 2021.

España é o Estado que recibe máis recursos do Mecanismo no tramo de subvencións non reembolsables e o segundo en termos per cápita, tan só por detrás de Grecia. En xeral, os países do sur da Unión Europea son os maiores perceptores dos recursos do Mecanismo, debido fundamentalmente á maior caída no PIB e aos maiores niveis de desemprego que presentan.

A estrutura do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é de 4 eixos transversais:



Transición ecolóxica



Transformación dixital



Cohesión social e territorial



Igualdade de xénero

Estes 4 eixos orientan as 10 políticas panca que incidirán directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social. Á súa vez, as 10 políticas panca integran 30 compoñentes que permiten articular un programa de 212 medidas (102 Reformas e 110 Investimentos) para a modernización e transformación do país.

Políticas panca e compoñentes do PRTR

I	II	III	IV	V
Axenda urbana e rural, loita contra a despoboación e desenvolvemento da	Infraestruturas e ecosistemas resilientes	Transición enerxética, xusta e incluída	Unha Administración para o século XXI	Modernización e dixitalización do ecosistema das empresas
C1. Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada en contornos urbanos e metropolitanos C2. Plan de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana C3. Transformación ambiental e dixital do sistema agroalimentario e pesqueiro.	C4. Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade C5. Preservación do litoral e recursos hídricos. C6. Mobilidade sostible, segura e conectada.	C7. Despregamento e integración de enerxías renovables C8. Infraestruturas eléctricas, promoción de redes intelixentes e despregamento da flexibilidade e o almacenamento C9. Folla de ruta do hidróxeno renovable e a súa integración sectorial. C10. Estratexia de Transición Xusta.	C11. Modernización das administracións públicas.	C12. Política industrial de España C13. Impulso á PEME C14. Plan de modernización e competitividade do sector turístico C15. Conectividade Dixital, impulso da ciberseguridade e despregamento do 5G

VI	VII	VIII	IX	X
				
Pacto pola ciencia e a innovación. Reforzo ás capacidades do Sistema	Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de	Nova economía dos cuidados e políticas de emprego	Impulso da industria da cultura e o deporte	Modernización do sistema fiscal para un crecemento inclusivo e sostible
C16. Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial C17. Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación C18. Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde	C19. Plan Nacional de Competencias Dixitais (digital skills) C20. Plan estratéxico de impulso da Formación Profesional C21. Modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída a educación temperá de 0 a 3 anos	C22. Plan de choque para a economía dos cuidados e reforzo das políticas de inclusión C23. Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo	C24. Revalorización da industria cultural C25. España hub audiovisual de Europa (Spain AVS Hub) C26. Plan de fomento do sector do deporte	C27. Medidas e actuacións de prevención e loita contra o fraude fiscal C28. Adaptación do sistema impositivo á realidade do século XXI C29. Mellora da eficacia do gasto público C30. Sustentabilidade a longo prazo do sistema público de pensións no marco do Pacto de Toledo

O eixo da transición ecolóxica reforza a inversión pública e privada para reorientar o modelo produtivo, impulsando a transición verde, a descarbonización, a eficiencia enerxética, o despregamento das enerxías renovables, a electrificación da mobilidade, o desenvolvemento do almacenamento de enerxía, a economía circular, as solucións baseadas na natureza e a mellora da resiliencia de todos os sectores económicos.

Neste primeiro eixo encádrase, entre outros, o Programa de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en distintos sectores da economía, que leva a cabo o INEGA (Axencia Instituto Enerxético de Galicia) na nosa Comunidade Autónoma. O dito programa pretende desenvolver o uso de enerxías renovables (biomasa, hidrotermia, aerotermia...) nos sectores industrial, agropecuario, servizos e administracións públicas, no marco dos obxectivos perseguidos polo PRTR, polo Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030 e pola Directiva (UE) 2018/2001, así como levar á práctica a Estratexia de descarbonización a longo prazo para mobilizar investimentos na implantación de tecnoloxías limpas, baseadas en fontes renovables.

O eixo da transformación dixital, en liña coa estratexia dixital europea e a Axenda España Dixital 2025, establece a folia de ruta para acelerar unha transición dixital humanista e inclusiva. Dada a súa natureza transversal, a transformación dixital despregarase a través do conxunto do Plan, pero o compoñente I5 contribúe nun 100% á transición dixital. Este compoñente entronca directamente con “Connect”, unha das 7 áreas emblemáticas que sinalaba a UE como ámbitos esenciais aos que animaba a dirixir as reformas e investimentos dos Estados membros.

Os principais retos do compoñente I5 do PRTR relaciónanse coa mitigación dos fallos de mercado para estender a cobertura de redes de telecomunicacións ultrarrápidas

en todo o territorio, particularmente nas zonas rurais e zonas estratéxicas, contribuíndo a pechar as actuais fendas dixitais, sociais, económicas, de xénero e territoriais.

Con este ambicioso obxectivo, lévanse a cabo diversas actuacións como as desenvolvidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para o reforzo da conectividade en polígonos industriais e centros loxísticos, aliñado coa Estratexia Galicia Dixital 2030, a cal define un marco de actuación común que facilite a acción das tres administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de forma complementaria, buscando sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da nosa Comunidade, que se presenta coma un dos principais motores de crecemento e transformación económica nos vindeiros anos, particularmente en termos de produtividade e emprego.

O terceiro eixo promociona a cohesión social e territorial de España, mediante o reforzo do Estado do benestar, do sistema educativo, do impulso do emprego de calidade, un sistema fiscal xusto, e con medidas especificamente orientadas a abordar o reto demográfico e a brindar oportunidades ás próximas xeracións.

Para brindar as anteditas oportunidades e diminuír a desigualdade da renda e as taxas de pobreza extrema e moderada, impulsouse, entre outras medidas, un proxecto piloto innovador consistente nun itinerario de inclusión social e a súa avaliación, no marco do investimento C23.I7 do PRTR. Trátase dun proxecto piloto para abordar a pobreza infantil e mellorar os niveis de inclusión social das familias con menores de 18 anos perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e da RISGA (Renda de Inclusión Social de Galicia), especialmente daquelas en contextos urbanos desfavorecidos e en áreas rurais en exclusión territorial.

A igualdade de xénero tamén se erixe nun eixo central do PRTR, co fin de compensar o impacto diferencial da pandemia e lograr un crecemento máis inclusivo e sostible dende o punto de vista social. Este eixo céntrase na igualdade de xénero, especialmente a través de medidas transversais orientadas a elevar a taxa de emprego feminino, a mellorar, fortalecer e reorganizar o sistema de coidados de longa duración, a elevar o potencial educativo, a igualdade de oportunidades e a reducir a fenda dixital.

As medidas que impactan sobre a igualdade de xénero están distribuídas ao longo dos distintos compoñentes do Plan, como corresponde a un eixo de natureza transversal, pero ademais están previstas medidas específicas de gran impacto que se probaron especialmente útiles para reducir a desigualdade entre homes e mulleres. Entre as medidas que provocan un impacto directo na redución da fenda de xénero: o Plan de competencias dixitais (C19), o Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión (C22) ou as políticas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo (C23).

Por outro lado, o Goberno de España ten previsto presentar, no que queda de ano, unha adenda ao Plan de Recuperación, para mobilizar os máis de 84.000 M€ de préstamos

disponíbles para España e a asignación definitiva das transferencias, que se destinarán prioritariamente ao reforzo dos PERTEs e a inversións que contribúan a consolidar a autonomía estratéxica no ámbito da seguridade enerxética, agroalimentaria, tecnolóxica e dixital.

Os instrumentos para a asignación e distribucións dos fondos entre os diferentes niveis de goberno son os seguintes:

A través das Conferencias Sectoriais, onde en reunións coas consellerías os Ministerios concretan os criterios de distribución, as anualidades, os fitos e obxectivos, as actuacións a realizar e os gastos elixíbles co Mecanismo.

Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTEs), definidos no artigo 8 do RD 36/2020 como proxectos de carácter estratéxico con gran capacidade de arrastre para o crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía española. Desde que o Consello de Ministros aprobara o primeiro PERTE en xullo de 2021, aprobáronse un total de 11 cunha dotación total anunciada que ascende a máis de 30.000 millóns de inversión pública e está previsto un novo PERTE, orientado á descarbonización da industria.

Os Ministerios e Comunidades Autónomas elaborarán e publicarán convocatorias e licitacións para executar os fondos que teñen asignados. Así, no Real Decreto 36/2020 aprobáronse medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Da distribución financeira por compoñente ás CC.AA., obsérvase que os investimentos principais do PRTR son aqueles relacionados coa mobilidade sostible, a eficiencia enerxética, a renovación e ampliación das capacidades do Sistema de Saúde, o impulso da Formación Profesional, a economía dos coidados e o reforzo da inclusión social, as políticas do mercado de traballo e a dixitalización, xa sexa para a cidadanía ou para as Administracións Públicas.

Os datos máis recentes de mediados de setembro de 2022, indican que a asignación de fondos á CA de Galicia ascende a 1.092 millóns de euros (M€), o 6% do total asignado ás CC.AA.

O importe total de ingresos recibidos a 10 de outubro ascende a 933 M€, correspondentes a transferencias derivadas das conferencias sectoriais e dos acordos de reparto da Administración do Estado.


No ano 2021 materializáronse gastos por un importe de 18,8 M€ sobre uns compromisos adquiridos para o exercicio de 26,7 M€.

Neste ano 2022 xa se incluíu nos orzamentos iniciais un importante volume de actuacións cun importe que ascende aos 507,7 M€, á que se engadiron durante estes meses

novas contía froito de novas asignacións financeiras, figurando actualmente un crédito total de 640,8 M€.

Segundo se recolle nos sistemas contables á data citada, os gastos autorizados no exercicio ascenden a 292,1 M€, que sumados coas autorizacións de exercicios futuros acada un importe de 553,2 M€. Os compromisos adquiridos no exercicio acadan os 202,2 M€, que sumados aos compromisos de exercicios futuros acadan os 304,2 M€. A evolución mensual das autorizacións, compromisos, tanto no exercicio corrente 2022 como en exercicios futuros, recóllese na seguinte gráfica:

Gráfica VI. Evolución da execución orzamentaria do MRR
Data de referencia 10/10/2022. Millóns de euros



As últimas semanas puidemos dispor dunha grande abundancia de presentación de escenarios económicos sobre o peche deste exercicio económico e o que se espera do vindeiro. Todos eles esperan que 2022 rematará ao fin cun aumento do PIB do 4,4% salvo novas perturbacións extraordinarias a fin de ano, o mesmo que todos constatan que 2023 será un ano no que a desaceleración da actividade será significativa respecto á de 2022.

Como é sabido o rango das previsións vai dende o 2,1% que mantén o goberno ata o 1% que calcula BBVA research, pasando polo 1,4% do Banco de España e o 1,5% da AIREF e da OCDE. Previsións en todo caso, agás no caso realmente optimista do Goberno de España, de crecemento por baixo do nivel do 2% habitualmente establecida como taxa natural de crecemento, chegando incluso a estancarse ou mesmo decrecer o último trimestre deste ano e o primeiro do 2023. Adicionalmente, a previsión de evolución do deflactor do PIB e do consumo privado para este ano e do para o vindeiro 2023, evidencia a importante suba dos prezos que esta a distorsionar a economía das nosas familias e empresas, pasando dun 3,8% e 7,7% respectivamente neste ano a un 4,2 % e 4,1% para o 2023 (datos tamén aportados nun rango variado do que se achega a media).

Pode semellar que a dispersión de previsións é excesiva, máis é explicada pola elevada incerteza sobre cuestións alleas ao propio desenvolvemento da economía, o que impide ollar con claridade como evolucionará esta nos vindeiros meses.

Porén, á vista dos anteriores datos, o temor a un escenario de estanflación está máis que xustificado, esta conxuntura constitúe unha especie de tormenta perfecta para un goberno, posto que xunta altos prezos, e por tanto deterioro das rendas familiares con desaceleración económica, ou o que é o mesmo menos creación emprego.

Perante este problema, en inicio comezaron a actuar de xeito restritivo os bancos centrais, revertindo o sentido das políticas monetarias, rebaixando as dispoñibilidades de liquidez e subindo os tipo de xuro, o que implicaría rebaixar as expectativas de crecemento e emprego dunha economía que aínda estaba en plena recuperación da COVID Dúas consideracións perante esta actuación:

A resposta de política monetaria contrativa ad hoc encarada a baixar a demanda agregada e os prezos en última instancia, está obviando que a causa deste aumento dos prezos débese a un problema de oferta e non de exceso de demanda (agás nos USA), polo miúdo a unha volta acelerada a niveis de produción normal despois dun ano de parón COVID e ás restricións de subministracións de hidrocarburos, gas e outras materias primas pola guerra de Ucraína e outras decisións xeoestratéxicas. Polo tanto por si soa non eliminará este aumento de prezos.

A segunda, é que en certa medida, a anterior circunstancia é tida en conta nas decisións dos bancos centrais e os tipos non experimentaron unha suba especialmente alta, o que pasa é que vimos dun período máis longo do esperado de tipos anormalmente baixos, mesmo negativos. A freada na economía que supón esta volta a tipos normais da unha mostra da febleza da recuperación mundial.

Neste sentido tense manifestado o Gobernador do Banco de España cando sinala que o Banco Central Europeo seguirá a normalizar a política monetaria, malia que o gobernador clarexa que o ritmo e magnitude de esta acción dependerá da materialización dos riscos para o obxectivo de inflación de medio prazo.

Se ben os gobernos non contan coa ferramenta da política monetaria, si que contan coa política fiscal para tratar de suavizar os problemas que evidencia a conxuntura económica. Todo indica que fronte á desaceleración provocada polo cambio de signo da política monetaria, pero sobre todo, pola alta incerteza, uns prezos extremadamente volátiles, e nun contexto de previsións de crecemento non maiores que o potencial, a política fiscal deben mostrar un sesgo expansivo, que axude a paliar a merma de renda dispoñible pola abrupta suba dos prezos e a dinamizar a economía aumentando a demanda agregada a través do gasto público.

O problema é que unha expansión xeneralizada da demanda a través do gasto, tendera a acelerar aínda máis os prezos, espallando o seu aumento, agora xa non a os custes das materias primas foráneas, senón á inflación subxacente, o que neutraliza as decisións de política monetaria dos bancos centrais e os obrigaría a endurecer á política monetaria para cumprir co seu obxectivo de inflación a medio prazo. Por tanto unha expansión xeneralizada da demanda vía política fiscal expansiva aumentaría aínda máis os prezos e agravaría o devalo económico. É por iso polo que as recomendacións de política fiscal apostan por apoios limitados e focalizados e non por unha expansión xeneralizada que alimente a anterior espiral indeseada.

Así o manifesta o aludido gobernador do Banco de España, sinalando que “Por suposto que a política fiscal pode xogar un papel neste contexto, pero ten que ser un papel distinto ao que xogou na crise da pandemia. Agora xa non se trata de facer un impulso fiscal xeneralizado. O único que faría é aumentar aínda máis as presións inflacionistas e o Banco Central Europeo tería que acabar reaccionando dun xeito moito máis agresivo”.

Polo tanto, en determinadas conxunturas, como a actual, un aumento xeneralizado do gasto público, non so non resolverá moitos dos problemas existentes senón que os agravará, acelerando o proceso inflacionario e deteriorando aínda máis a posición das familias e empresas máis afectadas pola suba de prezos.

Neste punto é onde o pacto de rendas ten todo o seu sentido para frear o proceso de expansión dos aumentos de prezos. De novo o Banco de España insiste na necesidade de abordar no marco do diálogo social un pacto de rendas entre empresas e traballadores para compartir a inevitable merma de renda nacional que implica o aumento dos prezos das importacións de materias primas. “En un escenario adverso como o actual, o resto de políticas económicas deben xogar un papel fundamental a través de un pacto de rendas, o apoio selectivo ós máis vulnerables, unhas políticas de oferta decididas, o compromiso firme coa sustentabilidade fiscal e o reforzo do proxecto europeo”.



CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

A evolución da economía mundial está marcada pola invasión rusa a Ucraína. A consecuencia máis inmediata é unha inflación elevada e persistente a nivel global que conduce a un retroceso económico mundial.

A apertura económica das economías avanzadas tras os peores momentos da pandemia xa estaba a elevar a inflación; o aumento da demanda de bens provocou distorsións nas cadeas de subministración, cun incremento dos custos de transporte e os prezos doutros produtos básicos. A guerra elevou considerablemente os prezos da enerxía e os alimentos, o que agravou as presións inflacionarias que xa existían e que afectan, sobre todo, á poboación máis vulnerable. A política “covid cero” de China incide tamén nestas tensións que impiden a recuperación económica tras a crise sanitaria.

En resposta á inflación, os bancos centrais están endurecendo a súa política monetaria subindo os tipos de xuro, o que afecta principalmente aos países máis endebedados e con menor marxe de actuación en política fiscal.

Os principais organismos internacionais elaboradores de previsións: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea, en cada actualización, revisan á baixa as súas perspectivas, principalmente para o ano 2023, nun momento de moita incerteza ante a evolución do conflito e alta inflación.

As previsións máis recentes, as da OCDE, prevén un crecemento mundial do 3,0% no ano 2022 e de 2,2% no ano 2023, o que supón unha revisión á baixa respecto das súas previsións do mes de decembro de 2021 de 1,5 puntos no ano 2022 e dun punto no ano 2023.

O impacto da guerra de Ucraína non é igual para todas as economías. Os países europeos están máis expostos aos efectos económicos negativos, ao manter máis relacións comerciais con Rusia e unha elevada dependencia do gas.

Cadro 1. Previsións macroeconómicas

	FMI (xullo 2022)		OCDE (setembro 2022) ⁽¹⁾		Comisión Europea (xullo 2022) ⁽²⁾	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023
PIB Mundial	3,2	2,9	3,0	2,2	3,2	3,5
Área Euro	2,6	1,2	3,1	0,3	2,6	1,4
Francia	2,3	1,0	2,6	0,6	2,4	1,4
Alemaña	1,2	0,8	1,2	-0,7	1,4	1,3
Italia	3,0	0,7	3,4	0,4	2,9	0,9
Portugal	4,0	2,1	5,4	1,7	6,5	1,9
España	4,0	2,0	4,4	1,5	4,0	2,1
Reino Unido	3,2	0,5	3,4	0,0	3,4	1,6
Estados Unidos	2,3	1,0	1,5	0,5	2,9	2,3
Xapón	1,7	1,7	1,6	1,4	1,9	1,8
Marrocos	1,1	4,6	--	--	--	--
México	2,4	1,2	2,1	1,5	2,2	2,6
Brasil	1,7	1,1	2,5	0,8	0,7	1,5
China	3,3	4,6	3,2	4,7	4,6	5,0
India	7,4	6,1	6,9	5,7	7,4	6,5

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. Na actualización de setembro non difunde as previsións para Portugal, polo que se consideran as previsións de xuño.

(2) A Comisión Europea, no mes de xullo, só actualiza as previsións dos países da Unión Europea. As previsións do resto de países corresponden ao mes de maio.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da OCDE, por ser os máis recentes.

Os países da área do euro son os máis afectados pola guerra por mor da súa proximidade xeográfica, con maiores relacións comerciais e financeiras, e unha forte dependencia do gas ruso. A previsión da OCDE é que a economía do euro creza un 3,1% en 2022 e un 0,3% no 2023. O corte na subministración de gas levou á Unión Europea a un acordo para reducir o consumo de gas natural neste inverno, o que, xunto cos elevados prezos, podería recortar a produción, principalmente a finais de 2022 e principios de 2023.

Alemaña é un dos países máis dependentes do gas ruso e no que terían máis impacto estas restricións enerxéticas, e así o reflicten as previsións da OCDE, que prognostican un crecemento económico do 1,2% en 2022 e unha caída do PIB do 0,7% en 2023. Entre

principais economías do euro, Francia crecerá un 2,6% no 2022 e dous puntos menos en 2023, 0,6%; Italia tamén rexistraría unha forte desaceleración, dun crecemento do 3,4% en 2022 a un 0,4% en 2023. A economía española, aínda que non é tan dependente do gas ruso, veráse limitada pola situación dos países do seu entorno, polo que reduciría o crecemento do 4,4% en 2022 ao 1,5% en 2023.

Estados Unidos entrou en recesión técnica no segundo trimestre de 2022 ao encaixar dous trimestres consecutivos con taxas intertrimestrais negativas. O endurecemento da política monetaria comezou antes que na maioría das economías avanzadas, o que incidiu na desaceleración económica. A OCDE prevé que a economía creza un 1,5% en 2022 e un punto menos en 2023, 0,5%.

As previsións para Reino Unido tamén apuntan a unha forte desaceleración, cun crecemento en 2022 do 3,4% que se reduciría ata o 0,0% en 2023.

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

España foi un dos países da área do euro máis afectados pola crise sanitaria en 2020, cunha caída do PIB do 11,3%. Desde mediados de 2021 comeza a recuperarse a actividade, axudada polo avance na vacinación. As restricións na oferta a nivel global así como as limitacións nos movementos turísticos pola diferente evolución da pandemia e da vacinación condicionaron o avance económico.

A subida do prezo da electricidade e do gas comezou na segunda metade do ano 2021 e intensificouse coa guerra de Ucraína, que incrementou ademais o prezo doutras materias primas, e foise trasladando a unha ampla cantidade de produtos.

No conxunto do ano 2021, a economía española creceu un 5,5%, o que supuxo unha recuperación parcial da actividade. Desde o punto de vista da demanda, a demanda interna achegou 5,2 puntos porcentuais e a demanda externa 0,3 puntos porcentuais.

O consumo privado medrou un 6,0% en 2021. A redución das restricións pola pandemia favoreceu o incremento do gasto dos fogares, principalmente na segunda metade do ano.

Malia a mellora na situación sanitaria, o incremento do gasto en sanidade e educación para afrontar as medidas implementadas elevou o consumo público ata o 2,9% en 2021.

Unha menor incerteza sobre a situación sanitaria e un aumento na confianza dos inversores grazas ao apoio europeo aos países máis afectados pola pandemia mediante

os fondos Next Generation EU, reactivaron a inversión en 2021, tanto en bens de equipo como en construción.

*Cad战略 II. ESPAÑA. Componentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2020	2021	2021				2022	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-8,4	5,1	-2,2	17,4	3,7	3,2	2,1	0,9
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-12,2	6,0	-4,5	23,3	4,0	4,5	3,4	2,4
-Gasto en consumo final das AAPP	3,5	2,9	4,4	4,1	3,1	-0,1	-1,0	-2,9
Formación bruta de capital	-13,2	5,9	-9,3	19,9	4,1	11,9	10,9	5,7
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-9,1	5,2	-3,6	17,7	3,8	4,9	3,8	1,9
Exportacións de bens e servizos	-19,9	14,4	-6,0	40,5	15,2	16,4	19,9	23,1
Importacións de bens e servizos	-14,9	13,9	-3,7	40,8	14,3	11,6	12,2	8,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-11,3	5,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,7	6,8

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

A demanda externa achegou 0,3 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das exportacións, 14,4%, e das importacións, 13,9%. A reactivación económica e a relaxación das restricións nos movementos turísticos internacionais favoreceron o comercio internacional.

Desde o punto de vista da oferta, a industria e os servizos recuperaron parcialmente á súa actividade, mentres que a construción seguiu reducindo o valor engadido. As actividades máis relacionadas coa interacción social, as máis prexudicadas pola crise sanitaria e económica, rexistraron os maiores avances no ano 2021.

*Cad战略 III. ESPAÑA. Componentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2020	2021	2021				2022	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,5	2,1	4,1	0,0	2,5	1,8	3,9	-1,2
Industria	-13,1	6,6	-0,2	27,5	0,4	3,2	2,7	4,5
- Industria manufacturera	-15,4	8,9	-0,2	36,1	3,0	4,0	4,9	5,5
Construción	-13,2	-3,0	-9,6	13,3	-8,2	-4,1	0,6	5,1
Servizos	-11,4	6,0	-5,4	17,3	6,0	8,2	7,8	7,7
Impostos netos sobre os produtos	-10,8	6,7	-3,1	17,6	5,3	8,7	9,5	7,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-11,3	5,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,7	6,8

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Nos dous primeiros trimestres de 2022 a economía española rexistrou un sólido crecemento baseado tanto na demanda interna como na demanda externa.

O incremento dos prezos reduce o gasto real dos fogares. Así o reflicte o índice de comercio polo miúdo deflactado, que rexistra unha taxa do 0,3% nos oito primeiros meses do ano. O IPC acadou un máximo de crecemento do 10,5% no mes de xullo, situándose a suba dos prezos no 9%, en media no que vai de ano.

A matriculación de turismos diminúe no que vai de ano ante a redución da oferta polas disrupcións nas cadeas de subministración.

A inversión mantivo un forte dinamismo, principalmente no primeiro trimestre do ano, tanto pola inversión en construción como en bens de equipo.

A compravendas de vivenda aumenta máis do 20% nos sete primeiros meses do ano; en senso contrario, a matriculación de vehículos de carga diminúe no que vai de ano.

A reactivación da economía mundial favoreceu o comercio internacional de bens e servizos, aínda que limitado polas disrupcións nas cadeas de subministración e o incremento dos custos do transporte. As exportacións de bens aumentan, en termos nominais, máis dun 24% nos sete primeiros meses do ano, aínda que os elevados prezos dos bens minora o incremento das exportacións en termos reais. O gasto de non residentes estase a ver favorecido pola recuperación dos movementos turísticos unha vez reducidas as restricións de mobilidade pola pandemia.

Os principais organismos públicos e privados prevén unha desaceleración da actividade na segunda metade do ano 2022 e no principio do ano 2023.

A escalada dos prezos, a subida dos tipos de xuro e a incerteza sobre a evolución do conflito en Ucraína e as súas repercusións na economía diminúen a confianza dos consumidores e das empresas.

A renda dispoñible real dos fogares decrece pola subida dos prezos dunha parte importante da cesta da compra, e tamén polo incremento dos tipos de xuro, que encarecen as hipotecas. Ademais, o emprego comeza a dar sinais de moderación no crecemento. Todas isto tradúcese nunha contención do consumo privado.

A suba do prezo da electricidade e o gas encarece a produción e os custos de transporte das empresas, a subida dos tipos de xuro encarece os préstamos e, xunto coa posibilidade de cortes na produción a finais de ano fan que as empresas retrasen as decisións de investimento. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debería impulsar a inversión nos próximos anos, a capacidade de execución nos prazos previstos determinarán o impacto na economía.

A desaceleración económica dos principais socios comerciais reducirá as exportacións españolas. Ademais, a depreciación do euro encarece as importacións, principalmente de produtos enerxéticos. Non obstante, a paulatina desaparición das disrupcións nas cadeas de subministración favorecerá o comercio de bens, principalmente os relacionados co sector do automóbil.

A medida que avanza o ano, os principais organismos elaboradores de previsións están a revisar á baixa as súas previsións para España no ano 2023. O impacto da guerra de Ucraína, a elevada inflación, o endurecemento da política monetaria e o corte de subministración do gas ruso aumentan a incerteza e reducen a confianza, o que leva a un empeoramento das perspectivas para o próximo ano.

As previsións máis recentes para a economía española son as da OCDE, a AIReF, o Goberno e o Banco de España. No seguinte cadro preséntanse as proxeccións máis recentes (outubro) das que se dispón de desagregación dos compoñentes de demanda para o bienio 2022 - 2023.

Cadros IV. ESPAÑA. Previsións. Compoñentes do PIB polo vía da demanda

	2022		2023	
	Ministerio	Banco de España	Ministerio	Banco de España
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	1,2	1,6	1,3	1,3
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	-1,0	-1,5	0,4	0,0
Formación bruta de capital fixo	5,1	4,7	7,9	1,7
Demanda nacional ⁽²⁾	1,5	1,1	2,4	0,9
Exportacións de bens e servizos	17,9	17,5	7,3	4,0
Importacións de bens e servizos	9,9	8,2	8,2	3,1
Produto interior bruto	4,4	4,5	2,1	1,4
Produto interior bruto nominal	8,6	8,1	6,0	5,9
Taxa de paro	12,8	12,8	12,2	12,9

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital e Banco de España

Para o ano 2022 as previsións apuntan a un crecemento do 4,4%, incluso algo superior, como indica o Banco de España. Prevese unha ralentización da economía na segunda metade do ano e na primeira metade de 2023, e unha vez se reduzan os efectos adversos que están a lastrar a economía, comezaría a recuperación, acadando no ano 2023 unha taxa de crecemento no entorno do 1,4% - 1,5% que prognostican o Banco de España, a AIReF e a OCDE, ou incluso superior, 2,1%, que prevé o Goberno de España.

O gasto dos fogares debilítase conforme avanza o ano 2022 como consecuencia do incremento dos prezos e dos tipos de xuro. Para o conxunto do ano a previsión de crecemento varía entre o 1,6% do Banco de España e o 1,2% do Goberno. Esta contención no gasto manteríase en 2023, cunha taxa no entorno do 1,3%, esperando unha recuperación do consumo cando se estabilicen os prezos e diminúa a incerteza.

A inversión verase favorecida polos fondos asociados ao programa Next Generation EU, aínda que a incerteza sobre a evolución económica mundial, o endurecemento das condicións financeiras e a subidas dos custos frearán o seu impulso. Para o ano 2022 as previsións apuntan a un incremento entre o 5,1% do Goberno e o 4,7% do Banco de España; para 2023, as diferenzas na previsión son considerables, o Goberno prevé un incremento do 7,9% mentres que o Banco de España reduce a taxa ata o 1,7%.

A situación económica mundial, en particular, a dos principais socios comerciais de España, determinará a evolución do comercio exterior. A caída de demanda interna das principais economías europeas reducirá as exportacións a estes países. O gasto dos non residentes, que aumenta en 2022 pola recuperación dos movementos turísticos, podería frearse no ano 2023 pola menor capacidade de gasto dos posibles turistas. En senso contrario, na medida que se solucionen os problemas de subministro de determinados bens, se impulsaría o comercio internacional. As previsións apuntan a un crecemento igual ou superior ao 17,5% en 2022 e a un menor incremento, entre o 7,3% do Goberno e o 4,0% do Banco de España, en 2023.

O mercado laboral acadou niveis de emprego elevados na primeira metade de 2022 e a partir do terceiro trimestre está mostrando síntomas de ralentización ante a incerteza sobre a situación no inverno, que se podería manter no ano 2023. Non obstante, a taxa de paro reducírase en torno a dous puntos en 2022 respecto do ano anterior, situándose no 12,8%. A previsión para o 2023, segundo o Goberno, é que se rebaixe seis décimas ata o 12,2% mentres que o Banco de España prevé que se sitúe unha décima por encima da do ano anterior, no 12,9%.

II.3. ECONOMÍA GALEGA

A pandemia afectou menos a economía galega que a española. O PIB galego caeu un 8,9% en 2020 fronte ao 11,3% a nivel nacional. No ano 2021, a recuperación económica en 2021 non foi suficiente para recuperar o nivel de actividade pre-pandemia.

O ano 2022 comezou cun forte crecemento da economía galega. O PIB galego medrou un 5,1% no primeiro trimestre e un 4,4% no segundo trimestre tal como indican as estimacións das contas económicas trimestrais do IGE.

*Cadro V. GALICIA. Componentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2020	2021	2021				2022	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	-7,2	3,7	0,3	15,1	0,5	0,5	1,0	0,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-11,4	4,2	-1,4	19,0	-0,4	1,9	2,5	1,8
-Gasto en consumo final das AAPP	4,8	2,7	4,6	6,5	3,0	-2,9	-2,5	-4,4
Formación bruta de capital	-11,8	1,1	-2,4	15,6	-3,5	-3,1	-2,6	0,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-7,9	3,2	-0,2	14,9	-0,1	-0,1	0,4	0,1
Exportacións de bens e servizos	-5,8	9,9	5,2	38,0	-0,7	4,7	4,0	7,3
Importacións de bens e servizos	-4,0	6,5	10,0	36,8	-6,9	-4,3	-4,1	-0,3
PRODUCTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-8,9	5,2	-2,4	16,0	3,5	5,1	5,1	4,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB

Desde a óptica da demanda, o dinamismo da demanda externa permite o avance do PIB malia o estancamento da demanda interna.

O consumo privado medrou na primeira metade do ano, mais o incremento dos prezos reduce a renda dispoñible real dos fogares e polo tanto o seu gasto.

Entre os indicadores conxunturais de consumo, o índice de comercio polo miúdo deflactado diminúe en Galicia un 2,4% no que vai de ano. As matriculacións de turismos, igual que en España, redúcense no que vai de ano, en parte ante a escaseza de oferta.

Ata o mes de agosto os prezos de consumo subiron en Galicia, en media, un 9,7%, cun forte crecemento dos prezos enerxéticos que se trasladou a moitos produtos da cesta da compra. Así, a inflación subxacente creceu un 5,1% en media do que vai de ano.

A confianza das empresas redúcese ante a incerteza sobre a evolución do conflito bélico e a crise enerxética. Os fondos europeos deberían contrarrestar esta situación mais a escasa execución de proxectos en Galicia non axuda a un avance na inversión.

O dinamismo do sector exterior impulsa a actividade. As exportacións nominais creceron ata xullo un 29,4% en Galicia. O incremento dos prezos a nivel internacional reduce o crecemento real das exportacións. Tamén suben os prezos de importación pola depreciación do euro.

Desde a óptica da oferta, o sector servizos é o que máis contribúe ao crecemento do PIB.

*Cadro VI. GALICIA. Componentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2020	2021	2021				2022	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-3,9	-0,5	-3,6	-0,9	0,1	2,7	1,3	-0,7
Industria	-9,2	4,1	0,6	17,7	0,8	-0,3	-4,3	1,2
- Industria manufacturera	-10,4	6,1	1,2	26,5	-0,3	1,8	1,4	4,7
Construción	-9,4	-2,4	-7,2	8,3	-4,9	-4,3	-1,7	0,0
Servizos	-8,8	6,6	-2,4	17,5	4,9	7,8	8,6	6,5
- Comercio, transporte e hostalería	-21,9	15,0	-9,9	46,6	11,9	22,8	24,5	19,7
- Información e comunicacións	0,2	-0,1	-7,7	0,7	0,4	6,7	11,9	13,6
- Actividades financeiras e de seguros	4,8	6,7	12,9	8,6	5,0	1,1	-2,1	-2,1
- Actividades inmobiliarias	-0,1	0,3	-0,3	0,2	0,5	0,8	0,8	0,8
- Actividades profesionais	-10,2	4,8	-1,9	28,5	-1,0	-1,3	2,5	-3,2
- Administración pública, sanidade e educación	1,0	3,2	2,1	4,7	4,4	1,8	1,8	0,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-20,1	9,6	-4,4	50,2	2,2	4,1	2,4	-3,0
Impostos netos sobre os produtos	-10,9	6,0	-1,0	16,1	4,5	5,7	4,9	3,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-8,9	5,2	-2,4	16,0	3,5	5,1	5,1	4,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

O comercio, transporte e hostalería son os sectores con maior crecemento no que vai de ano. A eliminación das restricións asociadas á pandemia favorece o impulso destas actividades.

Dentro da industria manufacturera, a confección e a industria da madeira impulsan o sector industrial en Galicia. En senso contrario, a fabricación de vehículos ve limitada a súa actividade pola falla de subministros a nivel internacional.

A grave seca que afecta a todo o territorio español neste ano reduce a produción de enerxía hidráulica e eólica na Comunidade Autónoma.

A reactivación da actividade despois da pandemia tamén se reflicte no emprego. Nos primeiros meses do ano as afiliacións crecían no entorno do 3% mais nos últimos meses apréciase unha desaceleración na creación de emprego ante a incerteza sobre os efectos da crise enerxética nos próximos meses.

Segundo a EPA, no segundo trimestre a ocupación creceu un 2,6% e a taxa de paro situouse no 11,2%.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF.

O escenario macroeconómico para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

Cadro VII. Hipóteses básicas do escenario
Taxas de variación interanual en % salvo indicación en contrario

	2022	2023	Fonte
Poboación en idade de traballar	-0,1	-0,1	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	-2,0	1,7	Elaboracion propia
Demanda interna España	2,7	1,2	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	2,2	-0,2	Elaboracion propia
Demanda interna Alemaña	3,2	-0,6	Elaboracion propia
Demanda interna Italia	3,2	0,8	Elaboracion propia
Demanda interna Portugal	4,4	1,9	Elaboracion propia
Demanda interna Bélxica	3,0	0,7	Elaboracion propia
Demanda interna Países Baixos	2,5	1,5	Elaboracion propia
Demanda interna Reino Unido	3,8	0,5	Elaboracion propia
Demanda interna Estados Unidos	1,5	0,5	Elaboracion propia
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	5,5	5,0	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,05	1,01	Banco Central Europeo (setembro 2022)
Precio petróleo "Brent" (nivel)	105,4	89,8	Banco Central Europeo (setembro 2022)

O escenario macroeconómico que acompaña aos Orzamentos de 2023 prevé unha ralentización da economía galega nos próximos meses, con taxas de crecemento do PIB do 3,6% en 2022 e do 1,7% en 2023.

Este escenario está suxeito a moita incerteza ante a crise global, con posibles restricións do gas, a escalada dos prezos e a subida dos tipos de xuro, que diminúen a confianza

das empresas e fogares, o que podería afondar máis profundamente na desaceleración económica.

O crecemento da economía galega no ano 2022 basearase na demanda externa, que alcanzará 3,5 puntos ao crecemento do PIB, ante a case nula achega da demanda interna. No ano 2023 será a demanda interna a que máis contribúa ao crecemento da economía.

Pola vía da oferta, para o ano 2023 prevese un mellor comportamento da industria, tanto da manufactureira como da enerxía. A achega do comercio por xunto axudará a soste a actividade económica en Galicia.

O consumo privado incrementouse un 4,2% no ano 2021 como consecuencia da mellora na situación sanitaria, co avance na vacinación e a redución das restricións. Na primeira metade do ano 2022 continuou crescendo, aínda que a alza nos prezos provoca unha diminución da renda dispoñible real dos fogares. A incerteza sobre posibles restricións na subministración de gas, a inflación elevada e a suba dos tipos de xuro limitarán o gasto privado na segunda metade do ano e a principios de 2023. Prevese unha recuperación do consumo na segunda metade do ano, unha vez se disipen estes efectos negativos.

Prevese unha redución do gasto público en termos reais no ano 2022 e un incremento do 1,7% en 2023.

A crise sanitaria e económica afectou considerablemente á formación bruta de capital, cunha caída do 11,8% en 2020 en Galicia. No ano 2021 houbo unha leve reactivación, 1,1%, mais as disrupcións nas cadeas de subministracións frearon o investimento en sectores clave na economía galega como o automóbil. O retraso na execución dos fondos Next Generation EU, na maior parte destinados a investimento, non axuda ás decisións de investimento das empresas. Prevese que na segunda metade deste ano e no ano próximo, se axilice o reparto duns fondos imprescindibles para dinamizar a actividade e impedir unha maior desaceleración da economía.

A falla de información sobre o importe que recibirá Galicia destes fondos así como a súa distribución temporal dificulta medir o impacto na economía galega. Sen ter en conta os efectos desbordamento, e supoñendo que Galicia recibe o 5% do total dos fondos asignados a España, e que se destinan principalmente a investimento, o impacto sería de 0,7 puntos porcentuais en 2022 e de 0,9 puntos porcentuais en 2023.

A achega da demanda externa será positiva en 2022, cun incremento das exportacións (5,3%) e unha caída das importacións (-0,9%). Para o ano 2023 prevese unha menor achega do sector exterior, cun aumento das exportacións (2,1%) e das importacións (1,6%). As principais economías do noso entorno son moi dependentes da subministración do gas ruso polo que se prevé que a súa actividade se ralentice nos próximos meses, o que repercutiría na demanda dos produtos españois. Ademais, a depreciación do euro encarecerá as importacións, o que afectará negativamente ao comercio exterior. As ex-

portacións ao resto de España estarán condicionadas pola evolución da economía española. En relación ao gasto dos non residentes, a afluencia de viaxeiros a Galicia está crescendo nos últimos dous anos, e se prevé que se manteña nos próximos meses.

En relación ao emprego, prevese un incremento do emprego nos dous anos, máis intenso no ano 2022.

A taxa de paro sitúase en Galicia en 2021 no 11,7%. A previsión é que se reduza ata o 10,0% en 2023.

Cadro VIII. GALICIA. Escenario macroeconómico
Variación anual en %

	2021	2022	2023
Gasto en consumo final	3,7	0,0	0,8
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	4,2	0,8	0,4
- Gasto en consumo final das AAPP	2,7	-2,0	1,7
Formación bruta de capital	1,1	1,0	4,1
Demanda interna¹	3,3	0,1	1,3
Exportación de bens e servizos	9,9	5,3	2,1
Importación de bens e servizos	6,5	-0,9	1,6
Saldo exterior¹	1,9	3,5	0,3
Produto interior bruto (PIB)	5,2	3,6	1,7
Produto interior bruto nominal	7,7	8,0	5,0
Deflactor do PIB	2,4	4,2	3,3
Emprego. PTETC	7,2	1,9	0,5
Ocupados. EPA	1,0	1,6	0,7
Taxa de paro²	11,7	10,8	10,0

¹ Achega ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

² % de poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 30 setembro 2022

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE do Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguese entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e longo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do erro. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son corrixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do erro.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a longo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímase os parámetros da ecuación a longo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no longo prazo, defínese o mecanismo de corrección do erro como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa mais e procédese á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das operacións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transfor-

macións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio, distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóraos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países elaboráronse a partir das previsións máis recentes publicadas por cada país.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóraas o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco Central Europeo.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a longo prazo derívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.



O ESCENARIO FINANCEIRO

III. O ESCENARIO FINANCEIRO

III.1. ENTORNO DE MERCADO

A reactivación da económica mundial que se produciu co levantamento das restricións trala crise sanitaria da covid, produciu un importante incremento da demanda a nivel global que, xuntamente cos problemas de abastecemento derivados da escaseza de certas subministracións e dos cuellos de botella na loxística, propiciou a mediados de 2021 un aumento da inflación que, inicialmente, considerouse transitorio.

Porén, o tensionamento dos prezos internacionais dos combustibles, da enerxía e doutras materias primas foise incrementando co paso dos meses. Estes factores víronse agravados coa invasión rusa de Ucraína, agudizando o incremento dos prezos enerxéticos e non enerxéticos e elevando a inflación a niveis nunca vistos a nivel global.

Neste contexto de elevadas e persistentes presións inflacionistas, os bancos centrais de todo o mundo, agás algunha excepción como o Banco de Xapón, foron reaccionado, eliminando os estímulo que se estableceran durante a pandemia e virando a orientación das súas políticas monetarias.

A conxunción de todos estes factores (elevada e persistente inflación, problemas de subministracións, conflito bélico en Ucraína, normalización das políticas monetarias...) foi afectando negativamente á economía global, cunha baixa xeneralizada das expectativas económicas.


Este complexo e incerto entorno xeopolítico e macroeconómico, como non podía ser doutra maneira, trasladouse aos mercados financeiros que están a operar nun escenario de elevada volatilidade e deterioro xeneralizado do sentimento investidor o que se traduce nunha fuxida dos investidores cara a activos considerados refuxio, caídas xeneralizadas nos mercados bolsistas e ascensos pronunciados dos tipos de xuro.

		30.09.2022	Variación 2022	Variación interanual
Tipos referencia	BCE	1,25%	125 pb.	125 pb.
bancos centrais	FED	3,25%	300 pb.	300 pb.
Tipos xuro 3	Eurozona	1,2%	170 pb.	172 pb.
meses	EE.UU.	3,8%	358 pb.	362 pb.
Tipos xuro 12	Eurozona	2,6%	303 pb.	304 pb.
meses	EE.UU.	4,8%	424 pb.	454 pb.
Tipos débeda 10	Alemaña	2,1%	226 pb.	2230 pb.
anos	EE.UU.	3,8%	226 pb.	229 pb.
Índices renda	Euro Stoxx 50	3.318	-22,8%	-17,8%
variable	S&P 500	3.586	-24,8%	-17,7%
Divisas	EUR/USD	0,98	-13,9%	-15,8%


III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCIEROS.

O endurecemento da política monetaria estase a traducir en fortes repuntes dos tipos de xuros, tanto dos tipos monetarios como das rendibilidades da débeda soberana, cunha tendencia que foise acelerando ao longo do ano na medida en que se ía confirmado a intensidade e persistencia das presións inflacionistas.

Así, desde principios do ano, no mercado estadounidense o tipo de xuro a 3 e 12 meses incrementouse en 358 e 424 puntos básicos, respectivamente, froito da agresividade mostrada pola Reserva Federal no cambio de orientación da súa política.




No caso da zona do euro, nese mesmo período, o Euribor a 3 meses incrementouse en 170 puntos básicos e o Euribor a 12 meses, que é o utilizado usualmente para a fixación das cotas dos créditos hipotecarios, en máis de 300 puntos básicos.




De xeito similar, o endurecemento das condicións monetarias foron trasladándose aos mercados de débeda, tanto na Eurozona como nos EEUU, premendo fortemente á alza ás rendibilidades da débeda soberana segundo se ían endurecendo as mensaxes por parte dos bancos centrais.

Nos países considerados “core”, o bono americano a 10 anos pechou o mes de setembro no entorno do 3,8%, nivel non visto dende o ano 2008, e cunha curva de tipos invertida, cotizando o seu bono a 2 anos no 4,2%.




Pola súa banda, Alemaña pechou o mes de setembro co seu bono a 10 anos cotizando no 2,1%, superando a barreira do 2% por primeira vez dende o ano 2013.




Polo que se refire aos países periféricos, observouse tamén un forte movemento de ampliación das súas curvas de debeda. Así, en España a rendibilidade do seu bono a 10 anos pechou setembro no entorno do 3,3%, isto é, 273 puntos básicos por riba do seu nivel de final de ano e 285 puntos básicos máis que fai un ano.

Porén o peor comportamento foi da debeda italiana, castigada pola crise do seu goberno e as eleccións do mes de setembro. O seu bono a 10 anos terminou o mes no 4,5%.




Polo que se refire as primas de risco, tralo anuncio da finalización das compras netas de debeda por parte do BCE, a pesar de que se mantén os reinvestimentos dos vencementos, experimentaron importantes ampliacións en relación cos niveis de finais de ano.

Porén, a presentación da nova ferramenta antifragmentación (TPI-“Transmission protection Instrument”) que permitirá ao BCE adquirir, baixo discrecionalidade do seu Consello de Goberno, debeda soberana dos países cuxas primas de risco aumenten de forma non desexada ou desordenada, calmaron a presión sobre a debeda periférica, cuxas primas se manteñen desde entón relativamente estables, agás a prima de risco italiana, castigada polo acontecementos políticos antes comentados.



Por último, na seguinte gráfica pode observarse a evolución do bono a 10 anos de Alemaña, Italia e España desde a entrada en funcionamento do Euro (1 de xaneiro de 1999) e a prima de risco España-Alemaña:



Pode ollarse como nos primeiros anos a aparición do euro provocou a desaparición do risco país e que todos os países tivesen case o mesmo risco, situación que cambiou totalmente a partir da crise financeira, cando a rentabilidade dos bonos de España ou Italia empezaron a crecer de forma moi importante, sobre todo no ano 2012, mentres a rentabilidade do bono alemán caía de forma continuada (a prima de risco de España chegou ata os 5,5 puntos porcentuais).

En cambio, agora non se está a replicar a mesma situación os xuros de España e Italia están crecendo de forma moi importante pero tamén os de Alemaña, de modo que a prima de risco sitúase neste momento en 1,2 puntos, o mesmo nivel que o existente en marzo de 2020 cando comezou a pandemia.

Nos mercados bolsistas, a aversión ao risco ante o contexto xeopolítico e económico lastrou o seu desempeño ao longo do 2022.

As crecentes sinais de moderación do crecemento nas principais economías ou incluso de posible recesión e o endurecemento das políticas monetarias dos bancos centrais, con expectativas crecentes de subas dos tipos de xuro, foron pesando sobre o sentimento investidor e provocaron perdas nos principais índices bolsistas que terminaron o mes de setembro en niveis mínimos do ano.

	Valor índice 30.09.22	Variación 2022	Variación interanual
S&P 500	3.586	-24,8%	-17,7%
Euro Stoxx 50	3.318	-22,8%	-17,8%
IBEX 35	7.367	-15,5%	-16,3%
PSI 20	5.303	-4,8%	-3,2%

Finalmente, polo que se refire ao mercado de divisas, a determinación mostrada pola Reserva Federal na súa loita contra a inflación e a súa anticipación no cambio de orientación da política monetaria, xunto coa solidez inicialmente mostrada pola economía estadounidense, serviron de respaldo ao Dólar que, favorecido polo seu papel de activo refuxio presenta neste ano unha forte apreciación, non so fronte ao Euro, senón tamén ante outras divisas, moi castigadas ben polos indicadores das súas economías ben polas diverxencias das súas políticas monetarias.



Pola súa banda, o euro, en liña co comentado no parágrafo anterior, está a sufrir unha forte depreciación fronte ao Dólar, condicionado, por unha parte, pola crecente perda de dinamismo da economía europea, moi lastrada polas consecuencias do conflito bélico en Ucraína, e por outra, polas expectativas dunha maior suba dos tipos de xuro nos EEUU. Porén se observan apreciacións fronte ao yen xaponés e a libra británica.

	Cambio divisas fronte ao Euro			
	USD/EUR	JPY/EUR	CHF/EUR	GBP/EUR
30.09.2022	0,975	141,010	0,956	0,883
Variación 2022	-13,9%	8,2%	-7,5%	5,1%
Variación interanual	-15,8%	8,7%	-11,7%	2,6%

III.3. A NORMALIZACIÓN DA POLÍTICA MONETARIA DOS BANCOS CENTRAIS.

Os bancos centrais de todo o mundo, e as súas respostas ante a elevada e persistente inflación, están sendo os claros protagonistas dos mercados financeiros.

Despois dun longo período de políticas monetarias ultra-expansivas, coa aparición dos primeiros indicios inflacionistas no segundo semestre de 2021, os bancos centrais das principais economías do mundo comezaron a lanzar mensaxes sobre a conveniencia dunha progresiva normalización das políticas monetarias.

Non hai que esquecer que as condicións de financiamento que desfrutamos nos últimos anos foron excepcionais, nun intento dos bancos centrais por estimular o crecemento e a inflación, e se traduciron nuns mercados cargados de liquidez e condicións moi brandas de financiamento.

Así pois, ante a evolución da situación, segundo se ía consolidando un maior risco de que non só persistiran, senón se agravaran as presións inflacionistas, os bancos centrais de todo o mundo foron reaccionando, eliminando estímulos monetarios e endurecendo as súas mensaxes, dende un ton mais “dovish”, apostando inicialmente por unha transición suave para prexudicar en menor medida o crecemento da economía, ata as posicións actuais máis “hawkish”, que apostan por un ritmo de subas máis agresivo ante o risco de que a inflación se manteña mais elevada por máis tempo.

Tipos de Referencia Bancos Centrais					
	FED	BCE	Australia	Canadá	Xapón
Dec.2018	2,5	0	1,5	1,75	-0,1
Dec.2019	1,75	0	0,75	1,75	-0,1
Dec.2020	0,25	0	0,1	0,25	-0,1
Dec.2021	0,25	0	0,1	0	-0,1
Sep.2022	3,25	1,25	2,35	3,25	-0,1

	Noruega	Nova Zelandia	Reino Unido	Suecia	Suíza
Dec.2018	0,75	1,75	0,75	-0,5	-0,75
Dec.2019	1,5	1	0,75	-0,25	-0,75
Dec.2020	0	0,25	0,1	0	-0,75
Dec.2021	0,5	0,75	0,25	0	-0,75
Sep.2022	2,25	3	2,25	1,75	0,5

(datos correspondentes ao último día do período de referencia)

A Reserva Federal dos EE. UU. foi un dos primeiros bancos centrais das economías avanzadas en responder ante o incremento das presións inflacionistas, cun adianto na súa estratexia de endurecemento das condicións financeiras e retirada de estímulos.

Deste modo, na xuntanza de marzo, anunciou a primeira suba de 25 puntos básicos nos tipos oficiais, ata o intervalo 0,25%-0,50%, e a previsión de subas similares en cada unha das seis xuntanzas restantes do ano, co obxecto de aproximar os tipos de xuro a terreo neutral. Así mesmo, tamén confirmou o inicio gradual da redución no tamaño do seu balance.

Porén, o repunte da inflación nos seguintes meses e a previsible extensión das presións inflacionistas durante máis tempo do inicialmente estimado, así como a fortaleza que presentaba a economía americana e a solidez do seu mercado laboral, levou a Fed a acelerar o ritmo de subas:

1. xuntanza de maio, incremento dos tipos de xuro en 50 puntos básicos.
2. xuntanza de xuño, novo incremento, nesta ocasión en 75 puntos básicos, a suba de maior contía dende 1994.
3. xuntanza de xullo, repite suba de 75 puntos básicos.
4. e xa máis recentemente, na última xuntanza do 21 de setembro, a Reserva Federal volve a incrementalos tipo noutros 75 puntos básicos.

En resumo, en pouco máis de 6 meses, a Fed pasou dunha política claramente expansiva, a situar os tipos de xuros por riba do estimado como neutral, no intervalo 3,00%-3,25%, nunha cota que o propio banco considera como restritiva, mostrando un firme

compromiso no restablecemento da estabilidade de prezos, incluso co menoscabo do crecemento económico, se é o caso.

Na zona do Euro, o Banco Central Europeo atópase tamén inmerso neste proceso de cambio de orientación da súa política monetaria.

Se ben, o ritmo e intensidade impostas polo BCE diferiu do seguido pola Reserva Federal, tendo en conta as condicións específicas que presenta a eurozona, como por exemplo o diferente impacto que está a ter a guerra de Ucraína nas economías americana e europea, esta última moito máis dependente comercial e enerxéticamente de Rusia.

Neste sentido, o BCE mantivo inicialmente unha mensaxe máis “dovish” marcada por unha retirada gradual de estímulos como paso previo á normalización dos tipos de xuro, nun intento de non prexudicar á economía europea. Porén, a intensificación durante os meses de verán da crise enerxética, traducíuse nun repunte nas expectativas de inflación nos mercados financeiros e, consecuentemente, nunha revisión á alza das proxeccións de inflación a medio prazo, o que obrigou a acelerar o ritmo e a intensidade do proceso:

1. No mes de marzo o BCE puxo fin as compras netas do programa de compras de emerxencia fronte á pandemia (PEPP) e acordou unha redución gradual das compras netas do programa de adquisición de activos (APP), que finalmente concluíu o 1 de xullo.
2. A finais de xullo, elevou os tipos de xuros en 50 puntos básicos, incremento maior do esperado ante o intenso repunte da inflación e as expectativas de que se manteña en niveis elevados durante algún tempo. Esta decisión supuxo a primeira suba dos tipos oficiais de xuro despois de 11 anos e o adeus a un longo período de tipos negativos.
3. Así mesmo, anunciou o abandono do “forward guidance” (indicación sobre orientación futura da política monetaria) non ofrecendo pistas sobre decisións de novos incrementos en vindeiras xuntanzas, que se adoptarán en función dos datos económicos, de acordo coa súa estratexia aprobada en 2021, que establece un obxectivo de inflación do 2% no medio prazo de carácter simétrico.
4. Finalmente, na súa recente xuntanza do 8 de setembro, volveu subir os tipos de xuro oficiais en 75 puntos básicos, endurecendo o ton da súa mensaxe, anunciando novas subas nas próximas xuntanzas, cuxa intensidade dependerá da evolución dos datos económicos. Esta decisión foi acompañada dunha profunda revisión das súas previsións macroeconómicas, nas que se proxecta un estancamento do crecemento económico e un aumento da inflación.

Previsións macroeconómicas BCE a setembro de 2022			
	2022	2023	2024
Crecemento PIB	3,1	0,9	1,9
Inflación xeral	8,1	5,5	2,2
Inflación subxacente	3,9	3,4	2,3

(Escenario central)

III.4. A NOVA FERRAMENTA ANTIFRAGMENTACIÓN DO BANCO CENTRAL EUROPEO.

Xuntamente co proceso de normalización da política monetaria que está a levar a cabo o Banco Central Europeo, un dos acordos máis relevantes adoptados polo seu Consello de Goberno nos últimos meses foi a presentación da nova ferramenta antifragmentación.

Tralo anuncio por parte do BCE de poñer fin ao programa de compras de activos, como paso previo ao inicio dun proceso de suba de tipos de xuro, a autoridade monetaria tivo que reunirse de urxencia, 6 días despois da súa xuntanza do día 9 de xuño, para anunciar dúas decisións encamiñadas a conter o repunte que estaban a experimentar as primas de risco dos países periféricos: a aplicación flexible dos reinvestimentos do PEPP e o deseño dun novo instrumento de apoio á política monetaria que axudara a unha efectiva e simétrica transmisión en toda a zona do Euro.

Hai que lembrar en relación cos instrumentos de política monetaria que, para acadar o seu obxectivo de estabilidade de prezos, o BCE utiliza unha serie de ferramentas, sendo a principal delas a fixación dos tipos de xuro oficiais aos que presta aos bancos e toma depósitos deles.

Porén trala crisis financeira, co obxecto de completar e facer máis efectiva a transmisión da súa política monetaria, foi adoptando novas ferramentas ou instrumentos coñecidos como “non convencionais”.

Entre estes instrumentos non convencionais destacaron pola súa utilización nos últimos anos, as operacións de financiamento bancario a máis longo prazo (TLTRO), os programas de compras de activos (APP e PEPP) ou as indicacións sobre a orientación futura da política monetaria (forward guidance).

Dentro deste abano de instrumentos de política monetaria non convencionais encádrase a nova ferramenta antifragmentación, coñecida como “Instrumento para a Protección da Transmisión” (Transmission Protection Instrument; TPI).

Esta ferramenta ten por obxecto apoiar a transmisión efectiva a tódolos países do área do euro da política monetaria do banco central, e permitirá ao BCE adquirir, baixo discrecionalidade do seu Consello de Goberno, débeda soberana dos países cuxas primas de risco aumenten de forma non desexada ou desordenada.

Os principais elementos que configuran a nova ferramenta son os seguintes:

1. Adquisición débeda pública nos mercados secundarios con vencementos pendentes entre 1 e 10 anos. Porén, no seu caso tamén se podería adquirir débeda privada.
2. O volume do programa non está limitado previamente.
3. Utilización exclusivamente en caso de necesidade, a cal virá determinada por aumentos da prima de risco non xustificada polos fundamentais específicos do país. Se ben, a primeira liña de defensa contra o repunte das primas son os reinvestmentos flexibles do PEPP.
4. A elixibilidade dos países dependerá dun conxunto de elementos:
 - Non estar suxeito ao procedemento de déficit excesivo ou, estándoo, non ignorar as recomendacións do Consello Europeo para a súa corrección.
 - Non estar suxeito ao procedemento de desequilibrios macro excesivos ou, estándoo, non ignorar as recomendacións para a súa corrección.
 - Valoración positiva da sustentabilidade da débeda pública por parte da Comisión europea, o FMI, o MEDE e o propio BCE.
 - Cumprir os compromisos asumidos polo NGEU e as recomendacións do Semestre Europeo.
5. Esterilización das compras de débeda para que non supoña incremento do balance del BCE, se ben non se especificou o mecanismo.



O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV. O PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA.

IV.1. INTRODUCCIÓN

O Plan Estratégico de Galicia (PEG) é unha ferramenta para impulsar e coordinar as distintas estratexias sectoriais da Xunta a medio prazo e ao mesmo tempo favorecer os valores diferenciais de Galicia promovendo a especialización, a calidade e a mellora do valor engadido dos seus produtos.

Para continuar cos bos resultados do PEG 2015-2020, na **segunda metade do ano 2019 comezaron os traballos para a elaboración dun novo Plan Estratégico** que tería como período de vixencia dende 2021 a 2030. Desafortunadamente a crise producida pola Covid-19 retrasou parcialmente os traballos realizados ata ese momento e fixo necesario redirixir os estudos e valorar as novas necesidades da nosa comunidade autónoma.

O novo Plan Estratégico de Galicia 2022-2030 foi aprobado no Parlamento de Galicia o 14 de setembro de 2022, polo que despois de que os orçamentos do ano 2021 e 2022 presentáranse en termos do PEG 2015-2020 promogado, (aínda que con adaptacións ás novas necesidades derivadas da Covid-19), *os orçamentos de 2023 vincúlanse á nova estrutura estratéxica aprobada.*

O *obxectivo xeral* do Plan Estratégico de Galicia 2022-2030 (PEG) podería enunciarse do seguinte xeito: “deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada”.

¿Que pretende o Plan?




1. *Deseñar a Galicia do futuro*, poñendo no centro o reto demográfico que implicará deseñar e impulsar novas medidas de dinamización, pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade máis avellentada.
2. *Impulsar medidas que favorezan o paso cara unha Galicia máis ecolóxica e climáticamente neutra*, máis dixital, máis resistente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, con capacidade de axuste para afrontar posibles crises e cun sistema sanitario reforzado e eficiente.
3. *Dar un pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano*, que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente, con altas taxas de emprego e que sexa de calidade. Aumentar a produtividade incrementando o valor engadido dos seus produtos e posicionándoos en calidade e deseño.
4. *Favorecer os valores diferenciais de Galicia* como factores de desenvolvemento entre os que destacan a lingua, a cultura e o medio ambiente, para facer de Galicia un lugar atractivo para traballar, investir e convivir.
5. *Superar o impacto económico e social causado pola pandemia da Covid-19* e lograr unha recuperación sostible, resistente e inclusiva, que fomente o emprego de calidade e axude a modernizar o tecido produtivo, a través do impulso de proxectos de importancia estratéxica.

6. *Mostrar unha senda previsible, rigorosa e estable* de actuación do goberno, impulsar e coordinar as diferentes estratexias sectoriais da Xunta de Galicia a medio prazo.


En aras de acadar estes obxectivos, desenvólvense as prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos que se agrupan en *cinco eixes*:

- O reto demográfico
- Galicia verde e sostible
- Competitividade e crecemento
- Cohesión social e territorial
- Gobernanza


Eixe 1: O reto demográfico




Eixe 2: Galicia verde e sostible




Eixe 3: Competitividade e crecemento



Eixe 4: Cohesión social e territorial




Eixe 5: Gobernanza



Así mesmo, o plan integra os **principios horizontais** de asociación, promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, e desenvolvemento sustentable.

O seguinte cadro mostra unha representación esquemática dos eixes transversais así coma os principios horizontais da estratexia do PEG 2022-2030.



Deste xeito, o PEG 22-30 estaría formado por 5 eixes, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos:

Táboa I. Estrutura Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Prioridades de actuación	
Eixe 1	1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garant a o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento sano 5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Este novo plan estratéxico pode consultarse na páxina web: www.planestratexico2030.gal

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2023 DO PLAN ESTRATÉXICO

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2023 rexeuse principalmente atendendo ás necesidades de reactivar a economía e atender ás necesidades das familias e empresas, no contexto actual no que aínda se están a superar as consecuencias derivadas da Covid-19 e os novos retos da situación enerxética actual.

Como cada anualidade, faise unha labor de vinculación da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar os investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, se ten en conta a programación dos fondos europeos do período 2021-2027 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica.

O importe asignado nos **Orzamentos xerais para o ano 2023** ascende a **12.620,3 millóns de euros**, importe referido ao orzamento consolidado e no que non se contempla o capítulo VIII de activos financeiros e dentro do capítulo IX, non se ten en conta a amortización da débeda pública.

Na seguinte táboa se recolle a distribución do orzamento por eixes y prioridades de actuación:

Cadro 1: PEG 2022-2030 no Orzamento 2023

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	457.877.821	3,6	7,8
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	254.108.692	2,0	4,3
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	129.783.118	1,0	2,2
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.014.606.218	39,7	85,6
Total	5.856.375.849	46,4	100,0
E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	86.610.329	0,7	16,4
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	57.415.665	0,5	10,9
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	220.967.915	1,8	41,9
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	162.117.092	1,3	30,8
Total	527.111.001	4,2	100,0
E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	276.169.069	2,2	15,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	218.257.452	1,7	12,4
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	195.847.496	1,6	11,1
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	293.921.247	2,3	16,7
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	642.292.648	5,1	36,5
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	134.629.103	1,1	7,6
Total	1.761.117.015	14,0	100,0
E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.722.365.093	21,6	71,7
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	883.231.130	7,0	23,3
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	117.872.151	0,9	3,1
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	71.934.376	0,6	1,9
Total	3.795.402.750	30,1	100,0
E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	288.380.307	2,3	42,4
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	201.107.740	1,6	29,6
PA.5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa			
Total	680.309.973	5,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “**Memoria de Obxectivos e Programas**” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores

de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2023 ascende a 12.620,3 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados do capítulo VIII e, dentro do capítulo IX, o relativo á amortización de débeda pública.

A distribución por eixes manifesta que son os gastos destinados ao **o Reto demográfico (eixe 1) e á Cohesión social e territorial (eixe 4)**, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, a educación e promoción do emprego, pero tamén en materias coma a inclusión social e o acceso á vivenda. A suma destes eixes supón case as tres cuartas partes do orzamento total.

O eixe 1 “Reto demográfico”, ascende 5.856,4 millóns de euros, representando o 46,4% do total dos orzamentos. Neste eixe se recolle o relativo á promoción do emprego, o benestar das familias e a conciliación, o acceso á vivenda e a sanidade.

Por outra banda, o eixe 4 de *Cohesión social e territorial* recolle a educación, o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, a promoción da igualdade de oportunidades e a inclusión social dos máis desfavorecidos, a promoción da cultura e lingua galega, e a cohesión territorial. Este eixe ascende **a 3.795,4 millóns de euros, e representa o 30,1% do total do PEG**.

En terceiro lugar por contía orzamentaria, está a aposta pola **competitividade e co crecemento**, o eixe 3, cun orzamento total de **1.761,1 millóns de euros, o 14% sobre o total**. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitirán manter a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, así coma as vinculadas ás novas tecnoloxías da información (TICs). Ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo así coma a garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

O eixe 2 *Galicia verde e sostible*, destinado a impulsar un **crecemento sustentable e resiliente, baseado nunha economía baixa en carbono, presenta un orzamento de 527,1 millóns de euros, o 4,2% do total**. Neste eixe se recollen as medidas orientadas á eficiencia enerxética e o fomento das enerxías renovables, así coma unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural. Ademais, tamén se recollen medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais


O eixe 5 *Gobernanza* alcanza os **680,3 millóns de euros e o 5,4% do orzamento**. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, así coma garantir unhas finanzas sustentables para un crecemento san e o reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

Cadro 2. Distribución por eixes do PEG 22-30 no orzamento 2023

Eixes	Importe	% total
E1. Reto demográfico	5.856.375.849	46,4
E2. Galicia verde e sostible	527.111.001	4,2
E3. Competitividade e crecemento	1.761.117.015	14,0
E4. Cohesión social e territorial	3.795.402.750	30,1
E5. Gobernanza	680.309.973	5,4
Total	12.620.316.588	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG no orzamento 2023



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento 2023 por fonte de financiamento:

Cadro 3. Distribución do orzamento 2023 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	10.469.432.134	83,0
Orzamentos Xerais do Estado	730.502.379	5,8
Marco de Recuperación e resiliencia	527.221.202	4,2
FEDER	395.616.026	3,1
FEADER	227.755.907	1,8
FEP	102.033.627	0,8
FSE	77.010.249	0,6
FCI	38.580.160	0,3
Fondos de Cohesión	32.107.531	0,3
FEAGA	13.024.671	0,1
PGCL	6.034.706	0,0
Outros Fondos europeos	552.607	0,0
INTERREG	349.389	0,0
Transferencias finalistas	96.000	0,0
Total	12.620.316.588	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 1: RETO DEMOGRÁFICO

Este eixe ten por obxectivo incidir naqueles factores que son fundamentais para tratar de modificar a dinámica demográfica actual, caracterizada fundamentalmente por un excesivo avellentamento da poboación, con amplas repercusións na sociedade e o seu crecemento.

Para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, é preciso acadar e manter niveis de emprego elevado e de calidade, desenvolver políticas de conciliación da vida persoal e familiar, garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias, mellorar o acceso e as condicións de habitabilidade da vivenda, ademais de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible, de carácter preventivo e curativo, e de boa calidade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2023 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2023, son:

- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Garantir un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida laboral. Establecer condicións favorables no mercado laboral para fixar talento. Desenvolver o marco galego de competencias dixitais.
- Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables.
- Mellorar a situación das persoas empregadas aumentando a calidade do emprego mediante un emprego estable e a tempo completo e promover a progresión profesional. .
- Impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade e eliminando os estereotipos de xénero. Fomentar medidas de conciliación.

- **PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Garantir o acceso gratuíto á educación preescolar.
- Completar unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia. Facilitar o aumento de servizos extraescolares a os menores en idade escolar co gallo de facilitar a conciliación dos pais e nais traballadoras.
- Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar.
- Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.
- Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.
- Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores na súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento e participación social.

- **PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Dar cobertura a un arrendamento accesible como primeiro paso para a independencia das persoas novas, priorizando ás familias con fillos.
- Fomentar a accesibilidade de vivenda para as persoas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ás zonas rurais. Axilizar o proceso de accesibilidade.
- Reducir a carga que supón o custe da vivenda para os inquilinos.
- Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.
- Promover os alugueiros sociais, que permitan ás persoas en situación de vulnerabilidade destinar como máximo un 30% dos seus ingresos ao pago da vivenda.
- Erradicar a infravivenda e mobilizar a vivenda baleira.
- Potenciar novos sistemas construtivos máis eficientes tanto dende o punto de vista económico, como do medio ambiente e a enerxía.
- Promover a accesibilidade e a adaptación das vivendas ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.

- **PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar un modelo de atención sanitaria moderno e de calidade
- Acadar un sistema sanitario que mellore a saúde da poboación, a calidade, experiencia e formación do paciente, a satisfacción dos profesionais e incrementa a eficiencia.
- proporcionar servizos e prestacións máis próximos á cidadanía ("sanidade no fogar").
- Promover a telemonitorización da asistencia nas patoloxías crónicas de maior impacto en saúde e poñer a disposición da cidadanía ferramentas para o seu autocoidado.
- Aumentar a carteira de servizos dos hospitais comarcais e reforzar a atención primaria.
- Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.
- Afondar na transformación dixital do sistema sanitario.
- Mellorar a rede de vixilancia epidemiolóxica, en base en novos sistemas de información, como factor determinante para a alerta e promoción da saúde e control de enfermidades.

- Mellorar a satisfacción dos profesionais sanitarios
- Promover infraestruturas sanitarias máis eficientes que melloren a calidade asistencial e sexan respectuosas co medio ambiente.
- Modernizar e adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
- Continuar promovendo a innovación sanitaria, de xeito que Galicia sexa pioneira en materia de I+D+i en materia sanitaria.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2023 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe I

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	457.877.821	3,6	7,8
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	254.108.692	2,0	4,3
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	129.783.118	1,0	2,2
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.014.606.218	39,7	85,6
Total	5.856.375.849	46,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe I



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE

Para deixar ás vindeiras xeracións unha Galicia sustentable e con futuro é preciso abordar unha estratexia nunha tripla vertente: mitigar a contaminación que estamos a producir como consecuencia de todo tipo de actividades, tanto económicas coma de ámbito persoal; afondar no estudo dos efectos do cambio climático na nosa Comunidade co fin de mellorar a resiliencia ó mesmo e reducir a vulnerabilidade ante posibles eventos adversos; xestión máis sostible do noso patrimonio natural xunto co compromiso da sociedade e da Administración para afrontar o reto de ser menos contaminantes e respectuosos cos nosos recursos.

Polo tanto, este segundo eixe do plan estratéxico está centrado en:

- O fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente.
- O reforzo do control e da observación ambiental e aumento da resiliencia ao cambio climático.
- A mobilidade sostible, fomentando un transporte menos contaminante e impulsando a intermodalidade.
- A xestión sostible do patrimonio natural, do ciclo da auga e dos residuos, fomentando a sensibilización da sociedade e un maior compromiso das administracións.

Compre mencionar que neste eixo tamén se recollen as actuacións necesarias para garantir unha **resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático**. Ademais, neste contexto, e como xa se mencionou anteriormente, un dos principais obxectivos deste eixe é aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2023 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Mellorar a eficiencia enerxética primaria e final, de xeito que se consiga un aforro enerxético significativo e se reduza a dependencia enerxética do exterior.

- Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector enerxético para incentivar os investimentos.
- Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables. Promover o uso de solucións dixitais.
- Consolidación das boas prácticas en materia de consumo enerxético.
- Diversificar as fontes renovables. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, enerxía eólica e o autoconsumo eléctrico. Impulsar proxectos de enerxías renovables como os gases renovables e as fontes de enerxía mariña entre outras.
- Desenvolvemento de proxectos impulsados por comunidades de enerxías renovables .
- Avanzar en sistemas de almacenaxe deste tipo de enerxía renovable que sexan respectuosos co medio ambiente e a integración paisaxística.

- **PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2023, son:

- Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa.
- Garantir unha transición xusta, tendo en conta as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
- Impulsar a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte.
- Superar as barreiras que supón a dispersión xeográfica tanto da poboación coma das empresas.
- Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías, mellorando as vías e as conexións comerciais existentes.
- Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
- Mellorar a regulación no emprego tanto do transporte público como privado.
- Mellora e renovación do parque de vehículos a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).

- **PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Consolidar o control e a observación medioambiental. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
- Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
- Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.
- Reducir a vulnerabilidade da poboación e das infraestruturas e instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

- **PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertedoiro e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico.
- Fomentar e favorecer unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles. Incorporación ao tecido produtivo de procesos de economía circular e potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario); incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-productos; innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada.

- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2023 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 2

E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	86.610.329	0,7	16,4
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	57.415.665	0,5	10,9
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	220.967.915	1,8	41,9
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	162.117.092	1,3	30,8
Total	527.111.001	4,2	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 3. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.

Para posibilitar a mellora da competitividade e a mellora do día a día da poboación galega é preciso consolidar e impulsar o investimento en investigación e innovación, apoiar a transformación dixital da economía e a sociedade e facer chegar aos cidadáns e empresas os seus beneficios. Tamén é preciso mellorar os investimentos materiais –infraestruturas- e os inmateriais –procesos, calidade, deseño- e proporcionar ás empresas distintas formas de apoio, especialmente ás pequenas e medianas para xerar un ecosistema consolidado de empresas de tamaño mediano, innovadoras, exportadoras e xeradoras de emprego de calidade.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial da industria da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario e o turismo como pan-cas de crecemento, baseado no emprego da investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2023 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención).
- Apoiar os proxectos innovadores nas fases iniciais de lanzamento e a formación empresarial dos innovadores, fomentar a cooperación de liñas innovadoras e de investigación entre PEMES .
- Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.
- Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora, os resultados e o traballo por proxectos da investigación universitaria galega, desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado polo tecido produtivo.
- Promover o liderado dixital fomentando o uso de novas tecnoloxías. Reforzar as capacidades do sistema dixital galego promovendo colaboracións público - privadas para dar resposta aos retos que xorden derivados do desenvolvemento da transformación dixital.

- **PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
- Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos. Aproveitar os avances el intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos.
- Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.

- Diseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
- Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á Comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
- Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
- Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade.

- **PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Adoptar medidas para desenvolver, atraer e reter traballo cualificado.
- Impulsar a creación de novas empresas favorecendo ecosistemas empresariais innovadores. Promover o crecemento das empresas e fomentar un entorno empresarial favorable impulsando o desenvolvemento de redes e clústeres.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, o auxe de sectores de alta complexidade industrial, a transformación dixital da industria e a circularización dos procesos de negocio, apostando pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño.
- Fomentar polos de desenvolvemento baseados nas tecnoloxías facilitadoras chave e nas tendencias de transformación dos modelos de negocio na industria.
- Impulsar a formación específica e a recualificación dando resposta ao desenvolvemento das competencias necesarias para afrontar a transformación industrial.
- Garantir as mellores condicións para atraer investimento produtivo e fomentar o aumento da base exportadora das empresas galegas, en especial as PEMES.
- Fomentar a competencia, facilitar o acceso aos mercados e limitar o efecto das normativas que dependen do tamaño das empresas en ter-

mos de emprego e volume de negocio para fomentar o crecemento das mesmas.

- **PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.
- Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
- Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.
- Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia e construción de novas infraestruturas.
- Modernización e adecuación das instalacións portuarias existentes, tanto para as actividades pesqueiras como para a actividade náutica recreativa. Mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores e demais persoal do sector.
- Garantir os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena máis adecuado ás necesidades das actividades con maior demanda e máis eficiente enerxéticamente e respectuoso co medio mariño.

- **PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras para aumentar a súa competitividade. Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector.
- Avanzar na cadea de valor do sector agrogandeiro e fomentar a diferenciación do produto. Impulsar a Marca Galicia e velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio.
- Minorar o impacto da agricultura e a gandería no medio ambiente.
- Garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal e da cadea alimentaria e dos vexetais.
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio.

- Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.
- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables. Potenciar actuacións de forestación e silvicultura que, ademais de valorizar os produtos do monte, supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais. Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madereiros como depósitos de carbono.
- Modernización das actividades e das instalacións empregadas para levar a cabo as actividades de pesca e acuicultura, especialmente a través do desenvolvemento tecnolóxico (industria 4.0), a innovación e a transferencia de coñecemento. Incremento da tecnificación das tarefas.
- Garantir un emprego eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do medio mariño e a súa valorización e explotación sostible.
- Fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.
- Fomentar a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Seguir a controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.
- Mellora da eficiencia enerxética nos medios e instalacións empregados para as actividades e redución do impacto das mesmas no medio mariño.
- Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.
- Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.
- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de PEMES, fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades econó-

micas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.

- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural
- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente no marco da acción da UE a favor dos pobos intelixentes. Elaborar e xestionar propostas de proxecto europeos neste eido e no do desenvolvemento rural.

- **PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro.
- Diversificar na promoción do Camiño de Santiago, mediante o reforzo da visibilidade das rutas oficiais menos transitadas.
- Fomentar a actividade turística sostible co medio ambiente, tratando de minimizar a pegada que as actividades turísticas teñen no medio natural. Deseño dunha estratexia en liña cos obxectivos da Axenda 2030.
- Favorecer a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19.
- Apoio ao tecido asociativo de xeito que permita fomentar o traballo cooperativo e o establecemento de sinerxías.
- Impulsar dunha oferta de calidade.
- Potenciar a especialización das empresas do sector nas posibles actuacións de lecer e culturais que poden facer os viaxeiros na contorna, co fin de mellorar e enriquecer a experiencia dos clientes.
- Fomentar procesos de formación e emprendemento no sector a través de iniciativas de aceleración turística empresarial que contribúan ao desenvolvemento dun sector turístico moderno e rendible, con respostas para as novas necesidades da realidade derivada da pandemia.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2023 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 6. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 3

E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	276.169.069	2,2	15,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	218.257.452	1,7	12,4
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	195.847.496	1,6	11,1
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	293.921.247	2,3	16,7
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	642.292.648	5,1	36,5
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	134.629.103	1,1	7,6
Total	1.761.117.015	14,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 3



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Unha Galicia máis cohesionada esixe promover unha educación de calidade e inclusiva, a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade, risco de pobreza ou exclusión social, loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades e a igualdade entre homes e mulleres. Ademais, é preciso apostar pola

dinamización da vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha modernización e diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial e a sustentabilidade poboacional, social, económica e ambiental. Todo isto, coa consolidación da cultura e a lingua galega como valores esenciais e imprescindibles para o desenvolvemento integral da sociedade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2023 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Acadar un rendemento escolar por enriba da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado.
- Promover unha educación igualitaria, equitativa, accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.
- Reforzar o sistema educativo mediante a súa adaptación aos novos retos, a modernización, incluídas as infraestruturas, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital e as vocacións científicas, perfeccionando o sistema plurilingüe.
- Elevar a cualificación do alumnado na FP de grao medio e superior, mellorando a súa calidade. Aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe práctica, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.
- Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades, a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus. Aumentar a transparencia e a rendición de contas das Universidades galegas.
- Adaptar a rede escolar á menor demanda. Mellorar a eficiencia dos recursos escolares e reforzar as redes escolares no rural. Utilizar ferramentas dixitais para mellorar a prestación do transporte escolar e pechar fendas nas competencias dixitais

- **PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Consolidar un sistema de garantía de ingresos para que as persoas con carencia de recursos económicos en situación ou risco de exclusión social poidan acceder aos recursos básicos.
- Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en torno a os itinerarios.
- Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma.
- Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia.
- Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións.
- Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada.
- Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.
- Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.
- Facilitar o retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.
- Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar.

- **PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.
- Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.
- Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
- Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo, accesible e interesante para os nosos cidadáns e visitantes.
- Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego. Desenvolver políticas lingüísticas eficaces destinadas a conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos.

- **PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Implementar modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.
- Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos,

- Ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Mellorar a información cartográfica e desenvolver as directrices de ordenación do territorio
- Impulsar a planificación integrada das políticas e servizos territoriais e de xeito coordinado entre as diferentes competencias e administracións.
- Fomentar solo empresarial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, así como a creación de reservas de solo estratéxicas con destino á implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Mellora da gobernanza municipal e da cooperación intermunicipal de cara á maior eficiencia na prestación dos servizos públicos básicos.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2023 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 4

E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.722.365.093	21,6	71,7
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	883.231.130	7,0	23,3
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	117.872.151	0,9	3,1
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	71.934.376	0,6	1,9
Total	3.795.402.750	30,1	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 5 GOBERNANZA

Unha administración pública orientada a resultados e aliñada cos obxectivos do plan é fundamental para o seu desenvolvemento con éxito. A mellora da xestión remata coa rendición de contas, a transparencia e a avaliación de políticas públicas.

Para iso, resulta necesario avanzar no proceso de modernización da función pública, que tamén se verá afectada pola situación demográfica, polo que debe adaptarse ás novas necesidades e disponibilidades dun persoal que estará mellor formado, debendo aproveitar as oportunidades que ofrece a dixitalización. É preciso, así mesmo, seguir a garantir a sustentabilidade das finanzas autonómicas a medio prazo nun contexto extraordinariamente condicionado polas consecuencias da crise sanitaria, que permitan chegar os recursos precisos para financiar os servizos públicos de calidade e as políticas de apoio competencia das administracións.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2023 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planifi-**

cación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Avanzar cara unha administración que aposte por unha revisión da súa función pública, baseada na estratexia, na planificación e na profesionalidade.
- Basear a cobertura de necesidades de recursos humanos na administración na procura do suficiente equilibrio entre a captación de talento novo e externo e o impulso da carreira profesional.
- Determinar as necesidades de selección e renovación do persoal na cobertura de vacantes e especialmente en elementos cualitativos, como as cargas de traballo, as necesidades funcionais e os novos perfís profesionais.
- Adaptar a actual estrutura da función pública aos retos dunha administración máis dixitalizada e baseada na análise, que afronte o cambio da automatización de procesos para afondar na procura e avaliación de novas necesidades públicas.
- Circunscribir a feitos excepcionais os contratos de duración determinada derivados de circunstancias previsibles ou imprevisibles, fornecendo un sistema de cobertura máis áxil e unha adaptación flexible das estruturas organizativas ás necesidades do servizo público.
- Implantar e consolidar un sistema que valore o traballo por obxectivos e por proxectos, que permita medir o traballo realizado e analizar, a partir da métrica, o cumprimento dos obxectivos das políticas públicas, que facilite a avaliación das mesmas e a rendición de contas.
- Acadar unha maior profesionalización do persoal ao servizo das Administracións públicas, impartindo unha formación de calidade e promovendo a formación continuada ao longo da vida profesional dos empregados públicos. Fomentar a formación e a práctica nas competencias e habilidades transversais, en especial as directivas e as especializadas.

- PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar a racionalización e eficiencia no gasto público, seguir a xestionar os recursos públicos con criterios de eficacia e economía, aplicando políticas de revisión do gasto para garantir a sustentabilidade do mesmo.

- Continuar o desenvolvemento dos procesos de dixitalización xa iniciados, que permitan detectar brechas de ineficiencia con máis criterio e celeridade.
- Revisión da aliñación dos programas orzamentarios cos obxectivos estratéxicos e indicadores do PEG, o que servirá de apoio a un sistema de xestión orientado a resultados.
- Renovar e mellorar as infraestruturas públicas con criterios de eficiencia enerxética, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo o custe de funcionamento.
- Administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante unhas finanzas sostibles que se manteñan nuns niveis de débeda nos mellores dentro das CCAA, e financiados cun sistema tributario estable, competitivo e que reverte á cidadanía a boa xestión en forma de rebaixas tributarias, en función das posibilidades de cada conxuntura.
- O sistema de financiamento debe ser o elemento de peche que garanta a suficiencia financeira para impulsar as políticas de gasto que posibiliten a consecución dos obxectivos estratéxicos e, por tanto, o exercicio do autogoberno.
- Fomentar a concienciación e sensibilización para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e de respecto polos servizos públicos.
- Promover o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.
- Avanzar na colaboración con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, e, especificamente, co obxecto de facilitar o desenvolvemento do seu labor para potenciar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias, cos colexios e asociacións de profesionais da asesoría fiscal.

- **PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Mellorar e consolidar a integración de recursos gobernamentais de información e procesos, e por tanto a interoperación de sistemas de información interdependentes.
- Estructurar e mellorar os servizos públicos con rutas interinstitucionais apoiadas en tecnoloxías dixitais, a partir da reutilización de datos.

- Impulsar unha gobernanza do dato transversal, para xestionar de forma eficiente e efectiva a información, logrando con iso realizar unha mellor toma de decisións.
- Dispoñer dunha visión integral e integrada naquelas actuacións dirixidas a determinados segmentos de poboación considerados como prioritarios polo conxunto das administracións públicas.
- Impulsar unha maior horizontalidade entre as administracións públicas que permita a transferencia do coñecemento e a aprendizaxe mutua.
- Impulsar a coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia e as relacións institucionais coa administración xeral do Estado e a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas.
- Reforzar a coordinación das actuacións dos distintos departamentos da Xunta.
- Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.
- Mellorar a coordinación e colaboración das diferentes administracións, impulsando a xestión de proxectos compartidos e o despregamento de infraestruturas de servizos de usos múltiples que revertan o despoamento rural.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2023 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 8. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 5

E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	288.380.307	2,3	42,4
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	201.107.740	1,6	29,6
PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa			
Total	680.309.973	5,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 6. Distribución do orzamento 2023 por prioridades de actuacións do eixe 5



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4. A POLÍTICA DE COHESIÓN DA UNIÓN EUROPEA 2021-2027

A política de cohesión é a principal política de investimento da Unión Europea. Contribúe a reforzar a cohesión económica, social e territorial e o seu obxectivo é corrixir os desequilibrios entre países e rexións, atendendo ás prioridades políticas da Unión, especialmente as transicións verde e dixital.

Para acadar estes obxectivos e abordar as diversas necesidades de desenvolvemento en todas as rexións da UE asignáronse, dentro do **Marco Financeiro Plurianual (MFP)**, 337.735 millóns de euros a prezos de 2018, case un terzo do mesmo.

A adopción definitiva do paquete lexislativo da política de cohesión para 2021-2027, polo Consello o 28 de maio, e a súa aprobación polo pleno do Parlamento Europeo, o 23 de xuño de 2021, marca a etapa final do procedemento lexislativo e permite a entrada en vigor da lexislación sobre cohesión o 1 de xullo.

As principais novidades da política de cohesión 2021-2027 son:

- O apoio ás prioridades da Unión Europea concretadas en cinco obxectivos políticos:

a) unha **Europa máis competitiva e intelixente**, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións;

b) unha **Europa máis verde**, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sustentable;

c) unha **Europa máis conectada**, mellorando a mobilidade;

d) unha **Europa máis social e inclusiva**, por medio da aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais;

e) unha **Europa máis próxima aos seus cidadáns**, fomentando o desenvolvemento integrado e sustentable de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

- A **concentración temática** nos obxectivos máis relevantes para unha Europa competitiva e orientada ao futuro, con contribucións mínimas nacionais aos obxectivos climáticos.

- Aplicación do **principio de «non causar danos significativos»** aos obxectivos medioambientais.

- A definición dun obxectivo político concreto aplicado unicamente a través de estratexias de **desenvolvemento territorial e local**.

- **Simplificación**, que implica entre outros aspectos, informes máis sinxelos e frecuentes, controis máis lixeiros dos programas, ampliación da posibilidade de utilizar opcións de custos simplificados e financiamento non vinculado aos sistemas de custos.

- Establecemento dunha lista limitada de **condicións favorecedoras** co fin de garantir os requisitos previos necesarios para o uso eficaz e eficiente da axuda da Unión concedida polos Fondos.

- Programación flexible adaptada aos novos retos e necesidades emerxentes coa asignación do importe da **flexibilidade**, correspondente ao 50% da contribución para os exercicios 2026 e 2027, despois da revisión intermedia da situación socioeconómica e os posibles novos retos.

- Disposicións reforzadas en materia de visibilidade e **comunicación**.

- A **porcentaxe de cofinanciamento** do obxectivo de investimento en emprego e crecemento a nivel de cada prioridade, non superará as porcentaxes seguintes: o 85

% para as rexións menos desenvolvidas; o 70 % para as rexións en transición clasificadas como rexións menos desenvolvidas no período 2014-2020; o **60 % para as rexións en transición**; o 50 % para as rexións máis desenvolvidas clasificadas como rexións en transición ou cun PIB per cápita inferior ao 100 % no período 2014-2020 e o 40 % para as rexións máis desenvolvidas.

- Os recursos do FEDER e do FSE+ destinados ao obxectivo de investimento en emprego e crecemento asignaranse entre as seguintes **tres categorías de rexións** de nivel NUTS 2:


a) **rexións menos desenvolvidas**, cuxo PIB per cápita sexa inferior ao 75% do PIB medio per cápita da UE-27;

b) **rexións en transición**, cuxo PIB per cápita estea entre o 75% e o 100% do PIB medio per cápita da UE-27;

c) **rexións máis desenvolvidas**, cuxo PIB per cápita sexa superior ao 100 % do PIB medio per cápita da UE-27.

A clasificación das rexións nunha das tres categorías de rexión determinarase en función da relación entre o PIB per cápita de cada rexión, medido en niveis de poder adquisitivo e calculado sobre a base das cifras da Unión correspondentes ao período 2015-2017, e o PIB medio per cápita da UE-27 no mesmo período de referencia.

Mapa 1. Clasificación das rexións europeas por categorías no período 2021-2027



Fonte: Comisión Europea

A política de cohesión desenvólvese a través dos seguintes fondos específicos:

- o **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** para investir no desenvolvemento social e económico de todas as rexións e cidades da UE,
- o **Fondo de Cohesión (FC)**, para investir no medio ambiente e transporte nos países menos prósperos da UE,
- o **Fondo Social Europeo Plus (FSE+)** para apoiar o emprego e crear unha sociedade xusta e socialmente inclusiva nos países da UE
- e o **Fondo de Transición Xusta (FTX)** para apoiar ás rexións máis afectadas pola transición cara á neutralidade climática.

No caso da nosa comunidade non se recibe financiamento do FC debido a que España supera o 90% da renda nacional bruta per cápita media europea.

AS CIFRAS DA POLÍTICA DE COHESIÓN

Os recursos para a cohesión económica, social e territorial dispoñibles para compromisos orzamentarios no período 2021-2027 dentro do marco financeiro plurianual ascenden a 330.235 millóns de euros en prezos de 2018, para o FEDER, o FSE+ e o Fondo de Cohesión, e a 7.500 millóns de euros en prezos de 2018 para o Fondo de Transición Xusta. Os recursos do FTX complétanse con 10.000 millóns de euros que constituirán ingresos externos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación (Next Generation-EU), e como tales, poñeranse a disposición no período 2021-2023. En definitiva, os recursos totais da Política de Cohesión para o período 2021-2027 ascende a 347.735 millóns de euros (prezos de 2018).

Ademais da perspectiva por tipo de fondo, os **recursos do MFP para a política de cohesión** destínanse a dous obxectivos: Inversión en emprego e crecemento e cooperación territorial europea (Interreg). Así, os recursos de MFP destinados ao **obxectivo «Investimento en crecemento e emprego»** ascenderán a un total de 339.685 millóns de euros (a prezos de 2018) e asignaranse do seguinte xeito:

- a) 202.227 millóns EUR para as rexións menos desenvolvidas;
- b) 47.772 millóns EUR para as rexións en transición;
- c) 27.203 millóns EUR para as rexións máis desenvolvidas;
- d) 42.556 millóns EUR para os Estados membros que reciben axudas do Fondo de Cohesión (dos que 10.000 millóns EUR destinaranse ao Mecanismo «Conectar Europa»);
- e) 1.928 millóns EUR en concepto de financiamento adicional para as rexións ultra-periféricas;
- f) 500 millóns EUR para investimentos interrexionais en innovación.
- g) 17.500 millóns EUR para o Fondo de Transición Xusta (7.500 do MFP e 10.000 millóns de euros procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación)

Por outro lado, os recursos procedentes do FEDER correspondentes á **obxectivo «Cooperación territorial europea»** ascenderán a un total de 8.050 millóns EUR e asignaranse como segue:

- a) 5.812 millóns EUR para a cooperación transfronteiriza marítima e terrestre;
- b) 1.466 millóns EUR para a cooperación transnacional;
- c) 490 millóns EUR para a cooperación interrexional;

- d) 281 millóns EUR para a cooperación coas rexións ultraperiféricas.

Táboa 2. Recursos da Política de Cohesión 2021-2027 por tipo de fondo. Millóns de euros a prezos de 2018

Fondo	MFP	NGEU	TOTAL
FEDER	200.360		200.360
FSE+	87.319		87.319
Fondo de Cohesión	42.556		42.556
Fondo de Transición Xusta	7.500	10.000	17.500
TOTAL	337.735	10.000	347.735

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Táboa 3. Recursos da Política de Cohesión 2021-2027 por obxectivo. Millóns de euros a prezos de 2018

Obxectivos	MFP	NGEU	TOTAL
Obxectivo de inversión en emprego e crecemento	329.685	10.000	339.685
Rexións menos desenvolvidas	202.227		202.227
Rexións en transición	47.772		47.772
Rexións máis desenvolvidas	27.203		27.203
Fondo de Cohesión	42.556		42.556
Financiamento adicional rexión ultraperiféricas	1.928		1.928
Inversións interrexionales en innovación	500		500
Fondo de Transición Xusta	7.500	10.000	17.500
Obxectivo de Cooperación Territorial	8.050		8.050
Cooperación transfronteiriza	5.812		5.812
Cooperación transnacional	1.466		1.466
Cooperación interrexional	490		490
Cooperación coas rexións ultraperiféricas	281		281
TOTAL	337.735	10.000	347.735

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A asignación financeira que recibirá España dentro dos recursos da Política de Cohesión, ascende a 32.178 millóns de euros (prezos de 2018), o que representa un 9,5 do total da UE. Dos fondos FEDER e FSE+ disporá do 10,7% (21.492 M€) e 11,3% (9.896 M€) do total, respectivamente, mentres que do Fondo Transición Xusta correspóndelle o 4,5% (790 M€). Por outro lado, a renda nacional bruta per cápita de España, medida en niveis de poder adquisitivo, supera o 92% da media per cápita da UE-27, e polo tanto España non é perceptor da axuda do Fondo de Cohesión.

Recentemente, o Ministerio de Hacienda y Función Pública comunicou a asignación por comunidade autónoma dos fondos europeos da política de cohesión para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento (FEDER, FSE e FTX).

Galicia ten asignado un montante global de 2.896 millóns de euros a prezos de 2018 (3.261 millóns de euros a prezos correntes), distribuídos do seguinte xeito:

a) 1.892 millóns EUR do FEDER a prezos de 2018 (non inclúe a territorialización dos recursos asociados ao obxectivo de cooperación territorial europea).

b) 903 millóns EUR para o FSE+ a prezos de 2018, que representa o 32,3% do total dos fondos estruturais (FEDER e FSE+).

c) 101 millóns EUR do Fondo de Transición Xusta asignados ao territorio da provincia da Coruña.

En definitiva, a asignación a Galicia dos fondos estruturais (FEDER e FSE+), para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento, é de 2.795 millóns de euros. En termos absolutos, é tras Andalucía a comunidade autónoma que recibe máis fondos.

O tramo rexional, correspondente á xestión da Comunidade Autónoma de Galicia na devandita asignación, é do 44,1%, o que significa que se programarán 834 millóns no programa operativo FEDER de Galicia 2021-2027 (940 M€ a prezos correntes) e 398 millóns de euros no programa operativo FSE+ de Galicia 2021-2027 (449 M€ a prezos correntes).

Respecto ao anterior período 2014-2020, no que os recursos asignados a Galicia ascenderon a 2.930 M€ a prezos correntes do período 2014-2020 (FEDER, FSE, Iniciativa de Emprego Xuvenil e FEAD) e a Xunta xestionou o 44,3% dos mesmos, tanto a asignación global como o montante xestionado pola Xunta no período 2021-2027 presentará un descenso próximo ao 5%.

En termos per cápita, Galicia recibirá 1.034€ por habitante para o conxunto do período 2021-2027 a prezos de 2018, un 59% superior á media do conxunto do Estado, e un 62,5% superior á media das rexións en transición.


Táboa 4. Asignación territorial dos recursos da Política de Cohesión 21-27 para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento

Tipoloxía de rexión	Comunidade autónoma	Asignación total prezos 2018 (M€)	Tramo rexional	Tramo Adm. Xeral do Estado	Poboación (millóns persoas)	Asignación per cápita € prezos 2018
Menos desenvolvidas	Estremadura	2.418	1.344	1.381	1,062	2.277
Menos desenvolvidas	Andalucía	11.277	5.535	7.175	8,478	1.330
Menos desenvolvidas	Cidade Autónoma de Melilla	96	45	63	0,084	1.134
Transición	Canarias	2.471	1.157	1.628	2,237	1.105
Menos desenvolvidas	Castela-a Mancha	2.182	1.069	1.390	2,046	1.067
Transición	Galicia	2.795	1.389	1.761	2,703	1.034
Menos desenvolvidas	Cidade Autónoma de Ceuta	87	40	58	0,084	1.034
Transición	Región de Murcia	1.092	508	723	1,505	726
	ESPAÑA	30.781	16.165	18.527	47,333	650
Transición	Principado de Asturias	518	395	189	1,019	509
Transición	Castilla y León	1.069	525	680	2,401	445
Transición	Comunidad Valenciana	2.194	1.063	1.410	5,029	436
Transición	Illes Balears	430	251	234	1,211	355
Transición	Cantabria	165	116	70	0,582	283
Transición	La Rioja	85	59	37	0,316	270
Máis desenvolvidas	Aragón	320	223	138	1,330	241
Máis desenvolvidas	Cataluña	1.821	1.241	811	7,652	238
Máis desenvolvidas	Comunidad de Madrid	1.309	892	583	6,747	194
Máis desenvolvidas	País Vasco	353	245	153	2,189	161
Máis desenvolvidas	Comunidad Foral de Navarra	98	68	43	0,657	150

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

Deste xeito, reciben máis financiamento por habitante que Galicia, as rexións menos desenvolvidas, salvo Ceuta que é similar, e Canarias, que recibe un financiamento adicional por ser rexión ultraperiférica.

Mapa 2. Asignación territorial por habitante dos recursos da Política de Cohesión 21-27 para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento



Fonte: Ministerio de Hacienda e Función Pública

OS PROGRAMAS REXIONAIS DE GALICIA DA POLÍTICA DE COHESIÓN 2021-2027

Programa FEDER de Galicia 21-27

O FEDER ten por obxecto reforzar a cohesión económica, social e territorial na Unión Europea corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións. En 2021-2027, permitirá investir nunha Europa máis intelixente, máis ecolóxica, máis conectada e máis social que estea máis preto dos seus cidadáns.

O FEDER financia programas en réxime de responsabilidade compartida entre a Comisión Europea e as autoridades nacionais e rexionais dos Estados membros. As administracións dos Estados membros elixen que proxectos financiar e asumen a responsabilidade da súa xestión.

No período 2021-2027 e de conformidade cos obxectivos políticos da UE, o fondo apoiará os seguintes obxectivos específicos:

O desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación, o apoio ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e así como a dixitalización e a conectividade dixital.

O fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a adaptación ao cambio climático; a resiliencia e a prevención do risco de catástrofes; o fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible; o fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos; o fomento da protección e conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas; por último, o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible.

Máis conectadas mediante a desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resiliente, intelixente e intermodal.

Máis social, apoiando, fundamentalmente mediante infraestruturas, o emprego efectivo e integrador, a educación, as capacidades, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria, así como a mellora do papel da cultura e o turismo sostible.

Máis preto dos cidadáns, apoiando o desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo en zonas urbanas e non urbanas.

En base ao seu grao de desenvolvemento, todas as rexións e Estados membros concentrarán o apoio nunha Europa máis competitiva e intelixente (obxectivo político — OP 1), así como nunha transición máis ecolóxica e con baixas emisións de carbono cara a unha economía neutra desde o punto de vista do clima e unha Europa resiliente (OP2). No caso de Galicia, deberá asignar como mínimo, o 40 % dos seus recursos do FEDER ao OP 1, e, como mínimo, o 30 % ao OP 2.

Ademais, todas as rexións e Estados membros tamén concentrarán polo menos o 8 % da súa asignación ao desenvolvemento urbano, e tamén se espera que as operacións no marco do FEDER contribúan co 30 % da dotación financeira global aos obxectivos climáticos.

No momento do peche deste documento o programa FEDER de Galicia 21-27 non está aprobado polo que a información que se presenta a continuación corresponde ao último borrador do programa enviado á Comisión. O programa definitivo podería sufrir algunha modificación.

O importe do programa FEDER de Galicia 21-27 ascende a 940 millóns de euros en termos correntes. Sen considerar a asistencia técnica o importe é de 904 millóns de euros. Se temos en conta os obxectivos políticos este importe repártese do seguinte xeito:

Un 44,3% dos recursos destínanse ao OPI, unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha


conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións; isto supón un importe de 400,7 millóns de euros

○ OP2, unha Europa máis verde, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sustentable; dispón dunha asignación de 365,9 millóns de euros. Isto supón o 40,5% do total

○ 6,7% dos recursos destínase ao OP3, unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade, cun importe de 61 millóns de euros

Por último, o OP4, unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais, supón o 8,5% do programa ao financiar proxectos por un valor de 76,5 millóns de euros.

Gráfico 7. Importe por obxectivo político da asignación financeira do Programa FEDER Galicia 21-27



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

○ programa distribúe o financiamento en 14 obxectivos específicos que son os seguintes:

OE11. O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas: 151,0 millóns de euros

OE12. O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas: 169,7 millóns de euros

OE13. O reforzo do crecemento sostible e a competitividade das PEMES e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos: 80,0 millóns de euros

OE21. O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro: 159,1 millóns de euros

OE22. O fomento das enerxías renovables de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2001, en particular os criterios de sustentabilidade que se detallan nela: 33,0 millóns de euros

OE23. O desenvolvemento de sistemas, redes e equipos de almacenamento de enerxía intelixentes á marxe da rede transeuropea de enerxía (RTE E): 7,0 millóns de euros

OE24. O fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas: 52,9 millóns de euros

OE25. O fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible: 85,0 millóns de euros

OE26. O fomento da transición cara a unha economía circular e eficiente no uso de recursos: 7,5 millóns de euros

OE27. O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación: 21,5 millóns de euros


OE32. O desenvolvemento e o reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á RTE T e da mobilidade transfronteiriza: 61,0 millóns de euros

OE42. A mellora do acceso igualitario a servizos inclusivos e de calidade no ámbito de educación, formación e aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de infraestruturas accesibles, inclúe fomento de resiliencia da educación e formación en liña e a distancia: 12,5 millóns de euros

OE45. A garantía da igualdade de acceso á asistencia sanitaria, reforzando a resiliencia dos sistemas sanitarios, incluída atención primaria, e fomentando a transición da asistencia institucional á asistencia nos ámbitos familiar e local: 46,0 millóns de euros

OE46. O reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social: 18,0 millóns de euros

Gráfico 8. Importe por prioridade e obxectivo específico da asignación financeira do Programa FEDER Galicia 21-27



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Programa FSE+ Galicia 21-27

O novo FSE+ seguirá sendo o principal instrumento da UE para investir nas persoas: abordar as consecuencias socioeconómicas da pandemia de COVID-19, promover altos niveis de emprego, construír protección social e desenvolver unha forza laboral capacitada e resiliente lista para a transición a unha economía verde e dixital.

Cos recursos dispoñibles para o FSE+ se apoiará a implementación do Piar Europeo de Dereitos Sociais, proclamado conxuntamente polo Consello, o Parlamento Europeo e a Comisión, como a folla de ruta da UE para responder aos desafíos sociais en Europa. Así, o FSE+ axudará ás persoas, ás rexións e aos Estados membros a afrontar distintos retos, desde a recuperación da pandemia actual ata o cumprimento dos obxectivos da UE en materia de emprego, inclusión social, educación e clima.

O FSE+ integra o antigo Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI), o Fondo de Axuda Europea para os Máis Desfavorecidos (FEAD) e o Programa da UE para o Emprego e a Innovación Social (EaSI), o que permite utilizar os fondos da maneira máis eficiente e coherente posible. Investirá nas seguintes áreas prioritarias:

Apoiar á mocidade que se veu particularmente afectada pola crise da COVID-19, deste xeito, os recursos do FSE+ axudarán a que atopen unha cualificación, un traballo de boa calidade e a mellorar a súa educación e formación.

Axudar aos nenos necesitados mediante a asignación de recursos do FSE+ a accións específicas para combater a pobreza infantil e apoiar aos máis vulnerables da sociedade que sofren perdas de emprego e redución de ingresos, incluída a provisión de alimentos e asistencia material básica aos máis desfavorecidos.

Recapacitar e capacitar ás persoas para a transición a unha economía verde e dixital.

Creación de capacidade para interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil.

Cooperación transnacional para promover a innovación social na UE.

Apoio directo pola Comisión Europea á innovación social no marco do capítulo Emprego e Innovación Social (EaSI).

No que se refire á concentración temática, os Estados membros asignarán polo menos o 25 % dos seus recursos do capítulo do FSE+ en réxime de xestión compartida, aos obxectivos específicos relacionados co ámbito estratéxico da inclusión social. Ademais, un mínimo do 5 % dos seus recursos para apoiar as accións específicas e as reformas estruturais necesarias para loitar contra a pobreza infantil. Por último, asignarase polo menos un 3% a facer fronte á privación material mediante alimentos e/ou a prestación de asistencia material básica ás persoas máis desfavorecidas, en particular aos menores, e establecer medidas de acompañamento que apoién a súa inclusión social.

Ao igual que sucede co FEDER 2014-2020 o programa FSE+ de Galicia 2014-2020 non está aprobado, polo que a información que se presenta a continuación corresponde ao último borrador do programa enviado á Comisión. O programa definitivo podería sufrir algunha modificación.

O importe do programa FSE+ de Galicia 2014-2020 ascende a 449 millóns de euros en termos correntes. Sen considerar a asistencia técnica o importe é de 431,3 millóns de euros. Todas as actuacións están encaixadas no obxectivo político 4 e se temos en conta as prioridades este importe repártese do seguinte xeito (as porcentaxes non teñen en conta a asistencia técnica):

Un 25,9% dos recursos destínanse á prioridade 1: Emprego, adaptabilidade, emprendemento e economía Social, isto supón un importe de 111,7 millóns de euros

Á prioridade 2: Inclusión social e loita contra a pobreza, asígnanselle 109,3 millóns de euros. Isto supón o 25,4% do total


○ 25,0% dos recursos destínase á prioridade 3: Educación e Formación, cun importe de 108 millóns de euros

A prioridade 5: Emprego xuvenil, supón o 12,5% do programa ao financiar proxectos por un valor de 54,0 millóns de euros.

○ 3,3% dos recursos destínase á prioridade 6: Innovación social, cun importe de 14,4 millóns de euros

Por último, a prioridade 7: Garantía Infantil, supón o 7,9% do programa ao financiar proxectos por un valor de 34,0 millóns de euros.

Gráfico 9. Importe por prioridade da asignación financeira do Programa FSE+ Galicia 21-27



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

○ programa distribúe o financiamento en 14 obxectivos específicos que son os seguintes:

OE 4a. Eficacia dos mercados de traballo e o acceso ao emprego de calidade: 139,6 millóns de euros

OE 4b. Modernizar institucións e servizos do mercado de traballo: 31,8 millóns de euros

OE 4c. Promover unha participación equilibrada de xénero no mercado de traballo: 22,7 millóns de euros

OE 4d. Promover adaptación dos traballadores: 3,0 millóns de euros

OE 4e. Mellorar a calidade, inclusividade, eficacia e pertinencia para o mercado laboral dos sistemas de educación y formación: 12,0 millóns de euros

OE 4f. Promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas: 90,0 millóns de euros

OE 4g. Promover a aprendizaxe permanente: 6,0 millóns de euros

OE 4h. Fomentar a inclusión activa: 58,3 millóns de euros


OE 4i. Integración socioeconómica de nacionais de terceiros países: 11,8 millóns de euros

OE 4j. Integración socioeconómica de poboación marxinada: 3,5 millóns de euros

OE 4k. Igualdade de acceso a servizos de calidade, servizos sociais e sanitarios: 73,1 millóns de euros

OE 4l. Integración social de persoas en risco de exclusión social: 7,5 millóns de euros

Gráfico 10. Importe por prioridade e obxectivo específico da asignación financeira do Programa FSE+ Galicia 21-27



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Fondo de Transición Xusta (FTX)

O Fondo de Transición Xusta é un instrumento clave para apoiar aos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática, proporcionándolles un apoio a medida. Aplícase en réxime de xestión compartida, no marco xeral da política de cohesión.

O Fondo mitigará os custos socioeconómicos provocados pola transición climática, apoiando a diversificación económica e a reconversión dos territorios afectados. Isto implica o apoio aos investimentos produtivos en pequenas e medianas empresas, a creación de novas empresas, a investigación e a innovación, a rehabilitación ambiental, a enerxía limpa, a mellora das capacidades e a reciclaxe dos traballadores, a asistencia na procura de

emprego e programas de inclusión activa dos solicitantes de emprego, así como a transformación das actuais instalacións con altas emisións de carbono, cando estes investimentos dean lugar a importantes recortes de emisións e á protección do emprego.

O importe asignado a Galicia ascende a 111 millóns de euros en termos correntes, a provincia da Coruña figura como unha prioridade dentro do Programa de Transición xunta. No seguinte mapa móstranse as provincias que reciben financiamento do programa:

Mapa 3. Provincias con financiación do Fondo de Transición Xunta



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Todas as actuacións da prioridade da Coruña clasifícanse en cinco subprioridades que se describen a continuación xunto co seu importe:

Un 11,7% dos recursos destínanse á subprioridade 1: Transformación ecolóxica da industria e fomento da mobilidade sustentable, a economía circular e a eficiencia enerxética, cun importe de 13 millóns de euros


A subprioridade 2: Impulso á cadea de valor das enerxías renovables, o autoconsumo, o almacenamento enerxético e o hidróxeno renovable dispón dunha asignación de 17 millóns de euros. Isto supón o 15,3% do total

O 57,8% dos recursos destínase á subprioridade 3: Impulso a PEMES e proxectos empresariais tractors para a diversificación económica dos territorios, o importe ascende a 64,4 millóns de euros

A subprioridade 4: Fomento da investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), a integración das TIC e a transformación dixital dispón dunha asignación de 10 millóns de euros. Isto supón o 9,0% do total

Por último, o 6,3% dos recursos destínase á subprioridade 6: Impulso a infraestruturas sociais, a economía social e iniciativas de formación e cualificación, isto supón un importe de 7 millóns de euros

Gráfico 11. Importe por subprioridade da asignación financeira do Programa de Transición Xusta 21-27 da prioridade da Coruña



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.5. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

No exercicio 2021 presentouse por primeira vez a vinculación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma aos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030. Continuando coa labor iniciada no 2021, incorpórase de novo aos orzamentos do ano 2023 un informe de aliñamento, que permite valorar como contribuirán as partidas orzamentarias á consecución dos obxectivos marcados polas Nacións Unidas.

Ilustración 1. Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas



Fonte: Nacións Unidas

O principal obxectivo do informe é reflectir a relación entre os 17 ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023.

O Informe circunscribíase ás entidades con orzamento limitativo e refírese aos estados de gastos dos Orzamentos consolidados. Ademais, realízase en termos de políticas e programas de gasto.

Para determinar o grao de contribución de cada política de gasto no logro dos ODS, identificáronse en primeiro lugar os ODS que teñen unha relación directa coas actuacións contempladas dentro de cada unha das políticas. Para o citado análise identificamos as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (1); e o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de 2.400 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto, clasificados á súa vez nas 21 prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Para facilitar a análise, os resultados se amosan tendo en conta os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable, que son: o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente. Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

1

Aprobado no Parlamento de Galicia o 14 de setembro de 2022.

Cada unha das dimensións concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Ilustración 2. Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS



Fonte: Nacións Unidas

Unha vez diferenciadas as catro dimensións fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, lévase a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada unha, cos seus importes correspondentes.

No informe completo de aliñamento, dentro da análise de cada dimensión, realízase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nacións Unidas para a consecución dos obxectivos, así coma un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

No que se refire aos principais resultados, o **95% do orzamento está aliñado cos ODS**, un 69% na dimensión social, un 15% na económica, o 9% na medioambiental e un 2% na institucional.

Cadro 9: Aliñamento dos orzamentos 2023 coas dimensións da Axenda 2030

	2023	%sobre o total
Dimensión Social	8.750.761.879	69%
Dimensión económica	1.834.531.730	15%
Dimensión medioambiental	1.108.442.958	9%
Dimensión institucional	239.475.243	2%
Non aliñado	687.104.778	5%
	12.620.316.588	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta cada un dos ODS, o reparto do orzamento quedaría da seguinte maneira:

Cadro 10: Reparto do orzamento entre os 17 ODS

	Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2023	% sobre o total
	1. Fin da pobreza	63.250.239	0,5%
	2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	116.907.398	0,9%
	3. Vida saudable e benestar	4.936.673.107	39,1%
	4. Educación de calidade	2.645.439.947	21,0%
	5. Igualdade de xénero	56.662.358	0,4%
	6. Auga limpa e saneamento	67.757.703	0,5%
	7. Enerxía asequible e sustentable	182.645.930	1,4%
	8. Traballo decente e crecemento económico	957.057.633	7,6%
	9. Industria, innovación e infraestruturas	877.474.097	7,0%
	10. Redución das desigualdades	931.828.830	7,4%
	11. Cidades e comunidades sustentables	363.608.625	2,9%
	12. Produción e consumo responsables	46.357.353	0,4%
	13. Acción polo clima	222.290.247	1,8%
	14. Vida submarina	97.231.076	0,8%
	15. Vida dos ecosistemas terrestres	128.552.024	1,0%
	16. Paz, xustiza e institucións sólidas	225.851.873	1,8%
	17. Alianzas para cumprir os obxectivos	13.623.370	0,1%
	Non aliñado	687.104.778	5,4%
	Total	12.620.316.588	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (máis dun 39%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (máis dun 21%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

A información máis detallada pode consultarse no Informe completo de “Aliñamento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa Axenda 2030.

IV.6. DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERIAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS


O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que se refire ao gasto non financeiro. En termos absolutos, as consellerías de mais peso seguen a ser as que desenvolven as grandes políticas de gasto correspondentes a prestación de servizos públicos básicos como sanidade, educación e cultura e política social. A tendencia é que estas consellerías sigan gañando peso, dado o seu carácter básico.

Con todo, neste exercicio a consellería que mais medra respecto ao orzamento consolidado é a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cun 21,9%. As seguintes que mais medran son a Consellería de Política Social e Xuventude, nun 16,1% e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade nun 14,3% e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación cun 12,3%.

As consellerías mais grandes crecen en xeral en torno a media, o 8,3%. Así a Consellería de Sanidade medra un 8,4% e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade un 5,2%. Por enriba sitúase a Consellería de Política Social e Xuventude que medra un 16,1% como xa se comentou anteriormente. Con todo, as diferencias en termos absolutos mais grandes concéntranse nestas consellerías, Sanidade medra 383 millóns de euros, Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades 143 millóns e Política Social 149 millóns de euros.

En canto aos entes instrumentais medra a Axencia Galega de Innovación nun 4,9%, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nun 21,0% e o Instituto Galego de Vivenda e Solo nun 13,9% e sobre todo o Instituto Enerxético de Galicia nun 46,8%. Todas elas son beneficiarias do acervo investidor, de xeito que a maioría recibe fondos para financiar proxectos de reactivación, tanto fondos REACT-EU como novos provenientes do MRR. Así mesmo a Axencia Galega de Infraestruturas medra un 4,8% mantendo o esforzo investidor destes últimos anos.

Gráfico 12 Distribución por consellerías



Cadro 10: Reparto do orzamento por consellerías

	2022	2023	DIFERENCIA	TV 21/20
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	33.561	36.960	3.399	10,1%
306.04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	126.027	134.691	8.663	6,9%
TOTAL PRESIDENCIA	159.588	171.650	12.062	7,6%
05 - VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	53.748	67.751	14.003	26,1%
107.05 - INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	6.803	7.163	361	5,3%
304.05 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	144.920	152.044	7.123	4,9%
405.05 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	104.161	108.538	4.378	4,2%
407.05 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	53.720	78.887	25.167	46,8%
TOTAL VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA	363.352	414.383	51.031	14,0%
06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	292.346	331.097	38.751	13,3%
105.06 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.229	3.507	279	8,6%
402.06 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.207	8.206	-1	0,0%
TOTAL VICEPRESIDENCIA SEGUNDA	303.782	342.810	39.028	12,8%
07 - CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	26.505	28.308	1.804	6,8%
101.07 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.183	4.673	490	11,7%
102.07 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.677	5.001	325	6,9%
303.07 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	201.751	189.487	-12.264	-6,1%
305.07 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	15.871	17.498	1.627	10,2%
404.07 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.038	1.082	44	4,2%
TOTAL FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	254.026	246.050	-7.976	-3,1%
08 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA	133.627	143.329	9.703	7,3%
111.08 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	5.597	5.550	-46	-0,8%
201.08 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	123.041	140.160	17.119	13,9%
TOTAL MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA	262.265	289.040	26.775	10,2%
09 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	194.807	210.685	15.878	8,2%
302.09 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	270.895	283.830	12.935	4,8%
TOTAL INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	465.702	494.515	28.813	6,2%
10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	2.729.298	2.875.708	146.410	5,4%
301.10 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	22.186	18.612	-3.573	-16,1%
TOTAL CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	2.751.484	2.894.321	142.837	5,2%
1.11 - CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	420.617	481.091	60.474	14,4%
110.11 - INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA	6.616	7.426	810	12,2%
411.11 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.272	1.376	104	8,2%
TOTAL PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	428.505	489.893	61.388	14,3%
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	88.126	103.047	14.921	16,9%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAUDE	4.471.061	4.838.298	367.237	8,2%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	3.735	4.390	655	17,5%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	25.786	26.580	794	3,1%
TOTAL SANIDADE	4.588.708	4.972.314	383.606	8,4%
13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	914.282	1.062.334	148.053	16,2%
307.13 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	14.032	15.320	1.288	9,2%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	928.314	1.077.655	149.341	16,1%
14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	467.921	498.441	30.520	6,5%
203.14 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	65.129	58.799	-6.330	-9,7%
310.06 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	16.877	15.261	-1.617	-9,6%
408.14 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	47.203	57.100	9.896	21,0%
409.14 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	41.929	46.561	4.632	11,0%
TOTAL MEDIO RURAL	639.060	676.161	37.101	5,8%
15 - CONSELLERÍA DO MAR	190.315	207.945	17.630	9,3%
410.15 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	3.861	4.099	239	6,2%
TOTAL MAR	194.176	212.045	17.869	9,2%
TOTAL GASTO NO FINANCIERO CONSELLERÍAS	11.338.961	12.280.838	941.877	8,3%
01 - PARLAMENTO	20.646	21.369	723	3,5%
02 - CONSELLO DE CONTAS	7.923	8.320	397	5,0%
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2.842	3.076	233	8,2%
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.171	2.283	113	5,2%
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	135.714	148.924	13.210	9,7%
22 - DÉBIDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	74.000	110.300	36.300	49,1%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	45.107	45.207	100	0,2%
TOTAL GASTO NO FINANCIERO	11.627.363	12.620.317	992.954	8,5%



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2023

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2023

V.1. Evolución das Fontes de financiación. Teito gasto.

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 puxo a proba as finanzas e a capacidade de xestión de tódolos niveis de administración pública, en especial o autonómico, que soportan a meirande parte do gasto en servizos públicos básicos e unha parte moi importante no vencellado ao fomento da actividade económica.

Neste sentido, o dito gasto en servizos públicos é, na súa meirande parte, estrutural e moi estable, e cunha tendencia ao crecemento como consecuencia do envellecemento da poboación, en cambio o mesmo financíase, fundamentalmente, cun sistema de financiamento autonómico que evoluciona segundo o ciclo económico, e que polo tanto, non está deseñado para reaccionar ante crises de tal magnitude, como xa se evidenciara nos anos 2008 e 2009, ou na forte liquidación negativa xerada no ano 2020 que ascendeu a -8.247,6 millóns de euros (se non temos en conta os Fondos de Convergencia, xa que non están sometidos a entrega a conta).

En canto a estrutura das fontes de financiamento o peso dos recursos do sistema de financiamento autonómico dentro do total de recursos non financeiros, con carácter xeral, supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais, non obstante, neste orzamento debido aos fondos Next Generation UE baixan ata o 75%.

V.1.1. Evolución dos ingresos tributarios


No que atinxe os ingresos tributarios reflicten un comportamento moi positivo, especialmente no que atinxe aos recursos proporcionados polo sistema de financiamento e os tributos cedidos xestionados pola Xunta de Galicia.

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento que se inclúen no proxecto de orzamentos realízase en base ás contías recollidas no proxecto de Lei de PGE, que coinciden coas comunicadas de xeito provisional en xullo polo Ministerio de Hacienda tralo CPFF e xa foron incorporados ao teito de gasto aprobado polo Parlamento de Galicia en agosto do ano 2022.

No ano 2023 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico aumentará nun 23,3% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior.

No que atinxe ás entregas a conta do ano 2023 o seu importe experimenta unha variación dun 8,8% respecto ao ano anterior, debido ao forte incremento que está experimentando a recadación tributaria nos últimos meses.

Gráfica I. Ingresos Tributarios



En canto á liquidación do ano 2021 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é dunha liquidación por importe de 698,3 millóns de euros, motivada pola importante liquidación positiva do IRPF e do Fondo de Cooperación, aínda que minguada por liquidacións negativas correspondentes o IVE e IIEE de fabricación. De modo que o seu importe incrementárase en máis de 1.000 millóns de euros respecto a recibida no ano 2020. Se ben hai que ter en conta que o importe da liquidación negativa prevista para o ano 2020, -367,6 millóns de euros, foi compensado mediante un ingreso extraordinario polo mesmo importe.

Ademais no ano 2022 as CCAA recibiron outro recurso extraordinario xa que o Estado compensou as CCAA o importe deixado de abonar como consecuencia da implantación no IVE no ano 2017 do Subministro inmediato de información, tras o fallo favorable do Tribunal Supremo recoñecendo o dereito de Galicia a ser compensada. Este ingreso extraordinario ascendeu a 211 millóns de euros. No seguinte cadro pode verse a comparativa real dos recursos procedentes do Estado recibidos nos anos 2022 e 2023 relacionados co sistema de financiamento autonómico:

Cadro I. Fontes Financiamento 2023

Millóns de euros				
FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2022	2023	Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	7.627	9.402	1.774	23,3%
- Entregas a conta	8.080	8.788	709	8,8%
- Liquidación ano n-2	-368	698	1.066	290,0%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	0	0,0%
Recursos extraordinarios	579	0	-579	-100%
- Compensación liquidación negativa ano n-2	368	0	-368	-100%
- Reclamación Xudicial Compensación SII- IVA	211	0	-211	-100%
Total	8.206	9.402	1.196	14,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que atinxe aos tributos cedidos xestionados pola Xunta, tamén amosan un comportamento moi positivo. A principal causa do aumento destes recursos débese á forte recuperación que se espera no ITP-AXD, cun aumento dun 12,9%, que reportará 43 M de € máis, en liña coa evolución da actividade económica. E por outra o Imposto sobre sucesións e doazóns, a cifra recadatoria prevista para o ano 2023 é un 3% superior ao do ano 2022. Este incremento obedece fundamentalmente á evolución dos prezos no mercado que serán trasladados á base imponible declarada.

Por último, a Xunta de Galicia comezará a aplicar un novo imposto cedido, o imposto sobre o depósito a incineración e co-incineración de residuos (IDIRES), creado pola lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, cun importe esperado de recadación de 12,8 M de €, que corresponden aos tres primeiros trimestres do ano.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais o seu importe incrementase nun 1,6%, motivado fundamentalmente pola boa evolución dos tributos cedidos xestionados pola Xunta.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o ITP-AXD, o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida. De modo que a principal causa do aumento destes recursos débese á boa evolución que amosa o ITP-AXD, en liña coa da evolución da actividade económica, cunha repunta esperada tanto no número de operacións como no valor delas

V.1.2. *Evolución dos fondos finalistas e europeos*

Por outra parte, as transferencias finalistas doutras administracións crecen respecto ao exercicio anterior nun 7,9%. Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

No que atinxe aos fondos europeos, os orzamentos para o ano 2023 reflicten un crecemento do 4,5% ata acadar o valor de 1.383 millóns de euros. Isto débese fundamentalmente á inclusión no ano 2023 duns recursos adicionais extraordinarios, Next Generation UE, así como pola orzamentación da última anualidade do anterior marco 14-20 e primeira do novo 21-27.

Destacan os procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) establecido no Regulamento (UE) 2021/241, co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. Os orzamentos para o ano 2023 reflicten 527,2 millóns de euros un 3,8% máis que no ano 2022.

Tamén, neste ano 2023 inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Regulamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Ao orzamentos para o ano 2023 recollen 23,1 millóns de euros, que se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE.

Por outra banda, no ano 2023 dentro dos fondos europeos orzamentouse o instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus Plus (IIRC+). Para o ano 2023 a as contas reflicten 179,5 millóns de euros.

En canto ao resto dos fondos europeos estímase unha subida do 19,1% debido á finalización dos recursos do período 14-20 e a primeira orzamentación dos recursos procedentes o novo marco operativo 21-27.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, este incrementábase nun 17,6% respecto ao exercicio anterior, achegando 736,8 millóns de euros. Neste concepto a súa evolución positiva débese fundamentalmente polo incremento das destinadas á atención a dependencia, así como das cantidades asignadas a Galicia na Conferencia Sectorial de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego, celebrada o día 4 de maio de 2022, e a na Orde TES/441/2022, de 17 de maio. Como novidade destes orzamentos


inclúense entre outras 11,4 millóns de euros para o bono alugueiro a mocidade, 13,1 millóns no programa bono social térmico e o Plan Corresponsable con 10,8 millóns de euros.

V.1.3. Evolución Sistema de Financiamento autonómico

Na gráfica seguinte recóllese a evolución dos ingresos do SFA durante os anos de vixencia do actual sistema (dende 2009), unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2 (dende o ano 2011 se está a reintegrar as liquidacións negativas xeradas nos exercicios 2008 e 2009).

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Gráfico II. Galicia - Ingresos do sistema de financiamento e PIB.



Neste sentido, a pesar dos fortes incrementos do PIB nos anos 2021 e 2022, como corrección ante a forte caída provocada pola pandemia, os ingresos derivados do sistema de financiamento nos ditos anos non evolucionaron do mesmo xeito, incluso diminuíron, sobre todo no ano 2022, como consecuencia da forte liquidación negativa que se recibiu no dito ano, e que no caso de Galicia finalmente foi de -392,2 millóns de euros. A dita


liquidación negativa xa se anticipaba ante a intensa caída do PIB no ano 2020 e o mantemento dos ingresos do sistema nese ano.

A continuación, mostrase a evolución dos recursos do sistema de financiamento efectivamente recibidos nos últimos 4 anos nos que pode apreciarse que despois de 3 anos nos que os ditos recursos mantivéronse case no mesmo nivel no ano 2023 prodúcese un incremento de case un 18%, como consecuencia do forte aumento que está a experimentar a recadación tributaria.

Cadro II. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	2020	2021	2022	2023	Millóns €	
					Var. 2023-2022	
					Imp.	%
Sistema de financiamento	7.974	7.849	7.627	9.402	1.774	23,3%
Entregas a conta	7.659	7.557	8.080	8.788	709	8,8%
Liquidación exercicios anteriores	401	376	-368	698	1.066	-
Reintegro liquidacións 2008 e 2009	-85	-85	-85	-85	0	0,0%
Compensación liquidación negativa 2020			368		-368	
TOTAL	7.974	7.849	7.995	9.402	1.407	17,6%


Gráfica III. Galicia - Evolución dos ingresos a conta e do PIB nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación coa evolución da economía. No que atinxe ás liquidacións, estas mostran unha evolución discordante coa do PIB do exercicio corrente, que mellora cando a comparamos co PIB

do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na gráfica. A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible merma da liquidación de 2017 pola non compensación da implantación do SII no IVE.

Gráfica IV. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



Aínda así, as disparidades que xorden entre as liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan do acerto na estimación dos ingresos a conta e do funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Agás, a anomalía de 2019, as restantes liquidacións so se separan da evolución do PIB n-2 pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que agora renden menos ao repartirse entre máis beneficiarios, sobre todo durante os anos 2014 a 2018, efecto que xa non se produce ao reducirse desde ese ano o número de beneficiarios, de modo que as CCAA beneficiarias neste momento son as mesmas que no ano 2009.

V.1.4. Evolución global dos ingresos.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2023 ascenden a 14.167,2 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 12.498,7 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.668,4 millóns, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro III. Cadro de ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica							
Capítulos		2022	2023	Variación 2023/2022		Valor Relativo	
				Importe	%	2022	2023
I	Impostos directos	2.843.932	3.356.461	512.529	18,0	21,7	23,7
II	Impostos indirectos	3.094.325	3.818.851	724.526	23,4	23,6	27,0
III	Taxas, prezos e outros ingresos	173.358	172.167	-1.191	-0,7	1,3	1,2
IV	Transferencias correntes	3.737.917	3.799.712	61.795	1,7	28,5	26,8
V	Ingresos patrimoniais	22.899	11.848	-11.050	-48,3	0,2	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		9.872.431	11.159.040	1.286.609	13,0	75,3	78,8
VI	Alleamento de investimentos reais	8.451	9.336	885	10,5	0,1	0,1
VII	Transferencias de capital	1.379.542	1.330.384	-49.158	-3,6	10,5	9,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.387.993	1.339.720	-48.273	-3,5	10,6	9,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		11.260.424	12.498.760	1.238.336	11,0	85,8	88,2
VIII	Activos financeiros	94.684	82.012	-12.673	-13,4	0,7	0,6
IX	Pasivos financeiros	1.762.840	1.586.399	-176.441	-10,0	13,4	11,2
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.857.524	1.668.411	-189.113	-10,2	14,2	11,8
Total		13.117.948	14.167.171	1.049.223	8,0	100,0	100,0

O total de ingresos non financeiros crece respecto ao importe do ano anterior consolidable en 1.238,3 millóns de euros máis, un 11% máis. Este incremento débese ao incremento que experimentan os ingresos correntes, un 13% máis que no ano 2022, xa que os ingresos de capital diminúen nun -3,5%.

O incremento dos ingresos correntes explícase fundamentalmente polo forte incremento experimentado dos recursos do sistema de financiamento autonómico, nun 23,3%, debido ao incremento do 8,8% das entregas a conta e ao incremento en máis de 1.000 millóns de euros da liquidación de exercicios anteriores, xa que pasa de -367,6 millóns de euros a case 700 millóns.

En canto aos ingresos de operacións de capital se produce unha diminución de 48,2 millóns de euros, un 3,6% menos que no 2022. Esta minoración explícase pola caída do Fondo de Compensación Interterritorial e dos fondos europeos.


En canto aos ingresos financeiros a minoración dun 10,2% débese, principalmente, ao diminución da necesidade de financiamento no exercicio 2023 respecto ao 2022, pasando dun 0,6% do PIB a un 0,3%.

V.1.5. Teito de Gasto

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi aprobado polo Parlamento de Galicia o día 3 de agosto de 2022 e estableceuse en 12.599 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2023 é de 12.620 millóns de euros, montante que supera o devandito teito, en aplicación do disposto no artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que autoriza a superar o límite aprobado nas variacións nos ingresos do sistema de financiamento ou dos fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de PGE, como neste caso ocorreu, xa que o gasto non financeiro incluído no proxecto de lei de orzamentos incorpora 21 millóns de euros adicionais aos previstos no límite aprobado en xullo pola inclusión de novos fondos do MRR. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 12.620 millóns de euros.

Cadro IV. Modificación Teito Gasto



V.2. Evolución dos gastos e principais magnitudes.

V.2.1. Evolución global do gasto non financeiro

O gasto consolidado para 2023 acada a suma de 14.167,2 millóns de euros, 12.620,3 corresponden a gasto non financeiro e 1.546,8 millóns a gasto financeiro, co detalle que mostra a seguinte táboa:

Cadro V. Cadro de gasto do orzamento consolidado.


Distribución económica							
Capítulos		Variación 2023/2022			Valor Relativo		
		2022	2023	Importe	%	2022	2023
I	Gastos de persoal	4.327.397	4.593.520	266.123	6,1	33,0	32,4
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.983.772	2.145.299	161.527	8,1	15,1	15,1
III	Gastos financeiros	74.469	110.837	36.368	48,8	0,6	0,8
IV	Transferencias correntes	2.642.497	2.953.340	310.843	11,8	20,1	20,8
OPERACIÓNS CORRENTES		9.028.135	9.802.996	774.861	8,6	68,8	69,2
V	Fondo de continxencia	45.417	45.417	0	-	0,3	0,3
VI	Investimentos reais	1.441.296	1.575.377	134.081	9,3	11,0	11,1
VII	Transferencias de capital	1.112.516	1.196.527	84.011	7,6	8,5	8,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		2.553.811	2.771.904	218.093	8,5	19,5	19,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		11.627.363	12.620.317	992.954	8,5	88,6	89,1
VIII	Activos financeiros	220.367	226.738	6.371	2,9	1,7	1,6
IX	Pasivos financeiros	1.270.218	1.320.117	49.898	3,9	9,7	9,3
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.490.585	1.546.855	56.269	3,8	11,4	10,9
Total		13.117.948	14.167.171	1.049.223	8,0	100,0	100,0

O gasto non financeiro aumenta en 992,9 millóns de euros, o que supón unha variación dun 8,5%, os cales se destinan a reforzar os servizos públicos fundamentais, os orzamentos adicados a sanidade, educación e servizos sociais crecen 699 millóns de euros, ata acadar a cifra histórica de 9.368 millóns de euros. É de salientar o reforzo da política de investimentos cun crecemento do 8,5% aportando 218 millóns mais que no ano 2022, para impulsar investimentos que aceleren a transformación do noso tecido produtivo en especial, mobilizando os fondos europeos extraordinarios, Next Generation, apoiando aos sectores produtivos estratéxicos, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, internacionalizado e sustentable.

V.2.2. Evolución do gasto corrente.

Un dos principios esenciais para garantir a solvencia das administración, e controlar o crecemento do gasto corrente. Nas contas do 2023 se pon de manifesto o esforzo da administración de controlar a evolución do gasto corrente, moi afectado polo contexto actual de elevada inflación para incrementar a súa eficiencia e así poder focalizar os esforzos naqueles ámbitos que impulsen un crecemento económico sostido e equitativo. Ao igual que as familias estamos a soportar incrementos moi importantes en partidas de gasto asociadas a funcionamento operativo dos servizos, polo que debe levarse acabo unha revisión da súa evolución.

Gráfica V. Gasto corrente



Dende o punto de vista da política de estabilización do nivel de prezos é imprescindible evitar un uso xeralizado de cláusulas de indexación automáticas nas partidas de gasto dos orzamentos e así non contribuír a xerar efectos indirectos e de segunda volta que supoñerían unha perda de competitividade exterior, unha maior inflación e un menor nivel de actividade e emprego para a economía galega. Evitar esta espiral no é en absoluto fácil ni, dende logo, gratificante no curto prazo. Isto esixe acordar un pacto de rendas entre traballadores e empresarios no que todos acabarán gañando no medio prazo, pero no que todos terán que asumir unha perda no curto prazo

No que atinxe os efectos da inflación sobre o gasto público, varias partidas orzamentarias relevantes estarían afectadas, si ben de maneira moi desigual, polo aumento da inflación. O gasto corrente medra nun 8,6% con respecto o ano 2022, cunha evolución similar aos gastos de capital que medran un 8,5%.

Ademais hai que ter en conta que o vindeiro ano os gastos de persoal chegarán aos 4.594 millóns de euros, como consecuencia do aumento das retribucións dos empregados públicos nun 1,5% adicional para o ano 2022, sobre o 2% xa incrementado para este exercicio, e o incremento dun 2,5% para o ano 2023. Non hai que esquecer que os gastos de persoal unicamente vense afectados por la inflación na medida en que as propia administración adopten decisións discrecionais para mitigar o impacto do crecemento dos prezos sobre o poder adquisitivo dos traballadores públicos.

Os gastos correntes en bens e servizos e as transferencias como a inversión pública se encontran afectados pola inflación en función da evolución dos prezos dos produtos adquiridos o transferidos, e do custe dos materiais e da man de obra. O impacto da inflación sobre estas rúbricas pode verse limitado pola existencia de teitos de gasto establecidos en termos nominais, así como por la existencia de limitacións ás actualizacións dos prezos derivados dos concursos. O gasto en xuros da débeda pública tamén verase afectado polo aumento da inflación na medida en que da lugar a un aumento dos tipos de xuros de mercado como consecuencia da resposta da política monetaria para conter as presións inflacionistas.

V.2.3. Evolución do Aforro como garante do investimento

Nestes orzamentos o aforro bruto acada os 1.356 millóns de euros, o que supón un incremento de 511,1 millóns respecto ao ano anterior, o importe máis alto da última década. En concreto o aforro bruto increméntase nun 60,5% respecto ao orzamento consolidado do 2022. Isto ocorre porque os ingresos correntes crecen un 13% mentres que os gastos aumentan un 8,6%.

Cadro VI. Aforo Bruto por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2022	2023	Var. 2023/2022	
			Importe	%
Ingresos	9.872.431	11.159.040	1.286.609	13,0
Impostos directos	2.843.932	3.356.461	512.529	18,0
Impostos indirectos	3.094.325	3.818.851	724.526	23,4
Taxas, prezos e outros ingresos	173.358	172.167	-1.191	-0,7
Transferencias correntes	3.737.917	3.799.712	61.795	1,7
Ingresos patrimoniais	22.899	11.848	-11.050	-48,3
Gastos	9.027.485	9.802.996	775.511	8,6
Gastos de persoal	4.327.397	4.593.520	266.123	6,1
Gastos en bens correntes e servizos	1.983.876	2.145.299	161.423	8,1
Gastos financeiros	74.469	110.837	36.368	48,8
Transferencias correntes	2.641.743	2.953.340	311.597	11,8
Aforo bruto	844.946	1.356.044	511.098	60,5

Os efectos positivos das inversión públicas sobre o benestar dos cidadáns esixe adoptar medidas para garantir a súa continuidade a longo dos anos. Por iso es preciso contar con ferramentas financeiras que permitan garantir a súa sustentabilidade. Neste sentido unha variable que debe monitorizarse é o aforo bruto. Variable esencial para garantir unha política de investimentos continuada no tempo, xa que manifesta a diferenza entre ingresos ordinarios e gastos ordinarios, representando por tanto o marxe de autofinanciación e a solvencia da facenda.


Por outra é un indicador de relevancia, tanto pola información que subministra como polas implicacións legais que poida ter cara á obtención de préstamos a longo prazo. En efecto, non pódese esquecer que a o artigo 14.2 da Lei Orgánica de Financiación das CCAA (LOFCA) establece que “Así mesmo, as Comunidades Autónomas poderán concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, calquera que sexa a forma como se documenten, sempre que cumpran os seguintes requisitos: a) Que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de inversión.”

Polo tanto en la medida que exista aforo negativo, incumprírase o mandato da LOFCA de que o endebedamento a longo prazo debe destinarse exclusivamente financiar a gastos de inversión, xa que este exceso de gasto corrente tería que financiarse con endebedamento. Neste sentido as leis de orzamentos xerais do Estado destes últimos anos e que volvese a recoller no actual proxecto de lei para o ano 2023, na Disposición adicional sesaxésima sexta adicado ao Réxime excepcional en materia de endebedamento autonómico en 2023, establece no seu apartado Tres que “Excepcionalmente en 2023, si como consecuencia das circunstancias económicas durante este exercicio resultara necesario, poderán concertarse operacións de crédito por prazo superior a un ano, sen que resulten de aplicación as restricións previstas no apartado dos do artigo 14 da Lei Orgánica

8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas”, permitindo en definitiva financiar con débeda longo prazo gasto corrente.


Polo que atinxe ao comportamento desta magnitude, as contas da Comunidade Autónoma de Galicia, amosan aforros positivos, acadando neste exercicio a cifra de 1.356 millóns de euros como resultado das políticas de control de gasto e que permiten auto-financiar os investimentos, e que cumpre co mandato da LOFCA de non financiar con débeda gasto corrente, senón políticas de inversión tan importantes para dinamizar a actividade economía mellorando o nivel de actividade, emprego e benestar dos cidadáns.

Gráfica VI. Aforo



No seguinte gráfico pódese ver como a meirande parte dos gastos de capital fináncianse con ingresos de capital, estes ascenden a 1.339 millóns de euros, o que supón case a metade, un 48,3%, o 47,2% finánciase con aforo bruto, de xeito que un 4,5% supón necesidade de financiamento.

Gráfica VII. Fontes financiamento gastos de capital



V.2.4. Evolución do investimento.

A formación de capital no 2023 incrementárase nun 22,8% respecto ao 2022 ascendendo ata 1.432,2 millóns de euros, un 22,8% máis. Isto débese a que os gastos de capital medran nun 8,5%, ata chegar ata os 2.771,9 millóns e a que os ingresos de capital diminúen nun -3,5%.


A maior parte de dos mesmos fináncianse tanto cos ingresos de capital por importe de 1.330 millóns de euros, como co aforro bruto por importe de 1356 millóns de euros. O resto finánciase a través da necesidade de financiamento.

Cadro VII. Formación de capital

Operacións de Capital	2022	2023	Var. 2023/2022	
			Importe	%
Ingresos	1.387.993	1.339.720	-48.273	-3,5
Alleamento de investimentos reais	8.451	9.336	885	10,5
Transferencias de capital	1.379.542	1.330.384	-49.158	-3,6
Gastos	2.554.461	2.771.904	217.443	8,5
Investimentos reais	1.441.946	1.575.377	133.431	9,3
Transferencias de capital	1.112.516	1.196.527	84.011	7,6
Formación de Capital	1.166.468	1.432.183	265.715	22,8
Fondo de continxencia	45.417	45.417	0	0,0
Necesidade de Financiamento	-366.939	-121.556	245.383	-66,9

Os gastos de capital acadarán o vindeiro ano os 2.772 millóns de euros, manténdose por segundo ano nuns niveis similares, de modo que en tres anos o esforzo inversor superará os 7.800 millóns de euros.


Gráfica VIII. Gasto de capital



Neste sentido é importante que se emprenden accións para garantir que a inversión se oriente a mellorar as condicións de empregabilidade e crecemento económico como motor dun desenvolvemento sustentable. En particular, se espera que os fondos Next Generation contribúan ao fomento da inversión pública e privada para contribuír á recuperación. Neste sentido a inversión prioriza a innovación e a transición dixital e ecolóxica do país e a seguridade do abastecemento enerxético, reducindo a dependencia global respecto dos combustibles fósiles., así como acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables, que permitan continuar a senda de crecemento anterior á pandemia co impulso de proxectos transformadores da nosa estrutura económica.

No seguinte gráfico pode observarse o impulso inversor feito nos últimos anos, de modo que o peso dos investimentos no total do gasto non financeiro aumentou o seu peso en case 6 puntos respecto ao ano 2020.

Gráfica IX. Evolución do peso dos gastos capital no gasto non financeiro.



V.2.5. Evolución necesidade de financiamento

No ano 2023 da necesidade de endebedamento que se axusta ao máximo permitido pola taxa de referencia acordada no CPFF do 0,3% do PIB, fronte o 0,6% do PIB autorizado no 2022, o que supón 228 millóns de euros menos que no pasado exercicio. Desta forma dase cumprimento a recomendación da Comisión sobre a necesidade de lograr situacións orzamentarias prudentes a medio prazo e garantir unha redución gradual da débeda que sexa crible e a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo, a través do saneamento gradual, o investimento e as reformas.

Nos orzamentos de 2023 a necesidade de financiamento orzamentaria é de 122 millóns de euros, 245 millóns menos que o ano anterior. Se temos en conta os axuste de contabilidade nacional a necesidade de financiamento aumenta ata os 181 millóns de euros.

Os axustes de contabilidade nacional diminúen en 18 millóns de euros principalmente polo aumento do axuste negativo relativo as outras unidade consideradas administracións públicas en 10 millóns de euros e polo axuste da recadación incerta en 9 millóns (diferencia entre a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en cada exercicio) e o aumento en case dos millóns en outros axustes con carácter positivo.

O saldo destes axustes corresponde á devolución das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009. Pola contra, outros gastos que non afectan

aos orzamentos, modulan a través destes axustes o resultado orzamentario (como o resultado das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada un gasto financeiro no orzamento e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional)

A necesidade de financiamento deste exercicio orzamentario diminúe, respecto ao ano anterior, fundamentalmente porque o obxectivo de estabilidade para o 2022 foi dun 0,6% mentres a do ano 2023 fixouse nun 0,3%, en ambos casos establecidos como taxa de referencia.

Cadro VIII. Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2022	2023	Var. 2023/2022	
			Importe	%
Ingresos Correntes	9.872	11.159	1.287	13,0
Gastos Correntes	9.027	9.803	776	8,6
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	845	1.356	511	60,5
Fondo de continxencia	45	45	0	0,0
Ingresos de Capital	1.388	1.340	-48	-3,5
Gastos de Capital	2.554	2.772	217	8,5
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.166	-1.432	-266	22,8
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	-367	-122	245	-66,9
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-103	-113	-10	9,7
Recadación incerta	-31	-40	-9	29,9
Intereses devindicados				
Outros axustes	8	9	2	20,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-41	-59	-18	42,9
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-408	-181	228	-55,8

V.3. Principais Políticas de Gasto no Orzamento 2023


Una vez analizadas no apartado primeiro deste Informe as liñas de actuación prioritarias para o ano 2023, procede realizar una análise global das políticas de gasto.

Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 8,5%, o orzamento total crece o 8% respecto ao orzamento de 2022 polo menor crecemento das operacións financeiras.

V.3.1. Evolución do Gasto social

As políticas de gasto social polo xeral que garanten a seguridade sanitaria e a asistencia son, como é lóxico as que mais recursos concentran debido ao alto custo dos servizos sociais que se prestan e a súa vocación universal. Estas políticas abranguen a Sanidade, a Educación, a Política Social e o Emprego. O 70,4% do aumento do gasto non financeiro por funcións de gasto, que alcanza case 700 millóns de euros, vai destinada a elas.



Gráfica X. Gasto de social



Estes servizos que se blindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma nas persoas, nas familias e nos traballadores. Deste xeito a suma de gasto en sanidade, educación, política social e emprego mantense no 74% sobre o total de gasto non financeiro. O gasto social, que tamén acada o maior volume da serie histórica: 9.368 millóns de euros para gasto social e emprego, 699 millóns de euros máis que no orzamento consolidado de 2022

A composición das dotacións orzamentarias destas políticas de gasto obsérvase nos seguintes gráfico.

Gráfico XI. Incremento Gasto social. Funciones



V.3.2. Financiamento autonómico da Administración Local, investimento en I+D+i e financiamento das universidades.

A dotación ao fondo de cooperación local que acada en 2023 os 149 millóns de euros o que supón un incremento dun 9,8% respecto ao exercicio anterior, e estará formado polo fondo base de 112,9 millóns de euros, 5,4 millóns de euros do ano 2021 da liquidación de exercicios anteriores, e 30,5 millóns de euros de fondo adicional que aumenta respecto ao ano anterior un 135,1%, 17,5 millóns de euros máis como conse-

cuencia do importante incremento que experimentan os ingresos da Administración xeral dos capítulos I, II e III, en máis de 800 millóns de €.

Deste modo a comunidade autónoma volve a garantir o financiamento das entidades locais, xa que durante a anterior crise xa lles mantivo un financiamento estable, compensándoas con axustes nos orzamentos das consellerías, de aí o montante estable do fondo base. Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos, a Xunta garantiu un importe mínimo de FCL que pasou a denominarse fondo base e se reparte en base aos criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recuperou ata o ano 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

Gráfico XII. Evolución Fondo Cooperación Local 2015-2023




En canto ao reparto do fondo adicional, na subcomisión permanente do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa FEGAMP repartir o fondo adicional en función dos seguintes items de gasto compartido: os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia supramunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcionamento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal, aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal, os gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina, actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, a realización de proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas que contribúan á integración das enerxías renovables na actividade local, adquisicións de maquinaria e equipamento vinculado á prestación de servizos de competencia municipal, actuacións destinadas á modernización e mellora das redes de abastecemento municipal e no mantemento do estímulo financeiro aos concellos que se fusionen.

Existen ademais outros programas importantes non recollidos nas listaxes anteriores como os vencellados á I+D+i, á innovación e á modernización que desenvolven liñas básicas de crecemento do PEG.

Como pode apreciarse na gráfica seguinte o gasto en I+D+i de 2023 é máis do dobre que no primeiro ano do PEG, 2015, compre salientar ademais os crecementos interanuais do 9,1% do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e do 13,7% en investigación universitaria.

Gráfica XIII. Evolución do gasto en I+D+i 2015-23



Por último, polo que respecta ao financiamento das universidades no ano 2022 entrou en vigor o novo Plan Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026, no cal partindo do Plan anterior, realízanse unha serie de axustes para perfeccionar o seu funcionamento.

Neste sentido incorporouse un subfondo non condicionado de gasto de funcionamento, tanto de gasto corrente como de gasto de capital, co fin de financiar os gastos estruturais das Universidades, de modo que reciban un financiamento estable que lles permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

E tamén se incluíu neste Plan un novo subfondo, dentro do financiamento non condicionado, denominado de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro.


No cadro seguinte amósanse as distintas masas e subfondos do novo Plan de Financiamento universitario e o criterio de evolución de cada un dos subfondos:

Cadro IX. Evolución masas e subfondos PGFJ

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	1. ESTÁNDAR	Masa salarial
	2.1 SERGAS	Masa salarial
	2.2 INEF personal	
	3. INEF funcionamento	Deflactor PIB
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	5. SUBFONDO GASTO DE CAPITAL INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	6. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	Complementos vixentes
	7. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	Constante agás o ACSUG (masa salarial)
	8. TOTAL PANEL DE INDICADORES	PIB real
	9. SUBFONDO DE MELLORA	5% de 1, 4 y 5
TOTAL		
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	10. FOMENTO I+D+i E TRANSFERENCIA	Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB
	11. FONDOS EUROPEOS	PO FEDER/FSE
	12. I+D+I (Cap II)	Constante
TOTAL		
FINANCIAMENTO TOTAL SUG		

Na gráfica seguinte compárase o financiamento recibido polas Universidades durante o anterior Plan de Financiamento, o vixente durante os anos 2016-2020 e que se prorrogou durante o ano 2021 por mor da pandemia, e o recibido durante os anos 2022 e 2023 co no Plan de Financiamento 2022-2026, de modo que no ano 2023 as Universidades van recibir 39 millóns de euros máis que no ano 2021, un 8,8% máis.

Gráfica XIV. Plan de Financiamento Universitario 2016-2023





V.4. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2023 conta tamén cunha perspectiva territorial, que refire a todas as partidas de gasto agás as financeiras. (capítulos de gasto 3, 8, 9)

Así, unha vez deducido o gasto financeiro, o correspondente aos servizos centrais, é dicir, aqueles gastos asociados aos servizos prestados desde as sedes administrativas da Xunta situadas no Concello de Santiago, e o gasto cun ámbito superior ao provincial, a distribución provincial do gasto explica o 90,6% do gasto non financeiro, ao igual que no orzamento do ano anterior.

A distribución dese gasto por habitante e por provincias é a seguinte: A Coruña 4.024 euros por habitante, Lugo 5.288 euros por habitante, Ourense 5.168 euros por habitante e Pontevedra 3.913 euros por habitante.

Gráfica XV. Distribución territorial do gasto



V.5. O impacto dos recursos extraordinarios-NGEU

As contas para o ano 2023 recollen os créditos orzamentarios a financiar con cargo ós fondos Next Generation UE, integrados polos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) así como os procedentes del REACT-UE e os correspondentes ao FEADER EURI.

Como se ten dito é clave aproveitar as posibilidades de impulsar políticas transformadoras e fomentar a transición enerxética cara a unha maior eficiencia e menor dependencia dos combustibles fósiles.

É unha magoa que non se teña aproveitado o PRTR para impulsar e financiar os custos de ruptura que poden precisar as reformas estruturais que necesita o país. En efecto, as reformas estruturais ben deseñadas aínda que moi beneficiosas a medio prazo poden xerar cambios de statu quo que xeren prexudicados a curto. Para limitar estes custos poderían terse empregado estes recursos eliminando así resistencia perante o cambio de sectores chamados a transformarse.

Porén, no que se está a concretar nunha serie de proxectos de gasto público que se asignan por conferencia sectorial e veñen preconfigurados polos ministerios. Perante isto compre facer dúas consideracións:

Os datos máis recentes de mediados de setembro de 2022, indican que a asignación de fondos á CA de Galicia ascende a 1.092 millóns de euros (M€), segundo a información colgada no portal do Ministerio de Economía, dos que tense recibidos 933 millóns a finais do pasado mes de setembro. Esta asignación, un 6% do total distribuído, que coincide basicamente co peso poboacional de comunidade autónoma. A Xunta de Galicia entende que para darlle un maior poder cohesionador a estes fondos debería sobreponderarse a dotación ás comunidades cunha renda pon debaixo da media.

O deseño centralizado das actuacións e mesmo dos obxectivos a acadar pode dificultar a capacidade de absorción dos diferentes proxectos de gasto, xa que como é ben sabido, o tecido empresarial, a estrutura do mercado de traballo, o mix enerxético, o desenvolvemento do sector TIC e a integración dixital e mesmo as necesidades habitacionais e sociais son moi diferentes entre as diferentes comunidades autónomas.

No seguinte cadro obsérvase o impacto dos recursos Next Generation nas contas para o ano 2023, que cuantifícanse en 729 millóns de euros, cun peso do 5,8% no conxunto do gasto non financeiro.

IMPACTO PRESUPUESTARIO NGEU 2023

Distribución económica			
		Variación 2023/2022	
Capítulos	2022	2023	%
I Gastos de persoal	4.327.397	4.593.520	6,1
Recursos ordinarios	4.301.706	4.569.260	6,2
Recursos extraordinarios-NGEU	25.691	24.260	-5,6
II Gastos en bens correntes e servizos	1.983.772	2.145.299	8,1
Recursos ordinarios	1.955.968	2.123.876	8,6
Recursos extraordinarios-NGEU	27.804	21.423	-23
III Gastos financeiros	74.469	110.837	48,8
Recursos ordinarios	74.469	110.837	48,8
IV Transferencias correntes	2.642.497	2.953.340	11,8
Recursos ordinarios	2.571.478	2.906.011	13
Recursos extraordinarios-NGEU	71.019	47.329	-33,4
OPERACIÓNS CORRENTES	9.028.135	9.802.996	8,6
V Fondo de continxencia	45.417	45.417	-
Recursos ordinarios	45.417	45.417	-
VI Investimentos reais	1.441.296	1.575.377	9,3
Recursos ordinarios	1.048.144	1.212.149	15,7
Recursos extraordinarios-NGEU	393.152	363.228	-7,7
VII Transferencias de capital	1.112.516	1.196.527	7,6
Recursos ordinarios	824.655	922.854	11,9
Recursos extraordinarios-NGEU	287.861	273.672	-4,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.553.811	2.771.904	8,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	11.627.363	12.620.317	8,5
VIII Activos financeiros	220.367	226.738	2,9
Recursos ordinarios	220.367	226.738	2,9
IX Pasivos financeiros	1.270.218	1.320.117	3,9
Recursos ordinarios	1.270.218	1.320.117	3,9
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.490.585	1.546.855	3,8
Total	13.117.948	14.167.171	8
Total Ordinarios	12.312.422	13.437.260	9,1%
Total Recursos extraordinarios-NGEU	805.527	729.912	-9,4%



SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI.1. Regras fiscais e orzamento 2023

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos elaborou un escenario financeiro para o vindeiro 2023, que concreta as dispoñibilidades financeiras para a elaboración do orzamento da Comunidade Autónoma e que se adaptará á taxa de referencia de déficit para as CCAA sometida a informe do Consejo de Política Fiscal y Financiera, e que se concretou no teito de gasto aprobado o 3 de agosto polo Parlamento de Galicia.

No ano 2023, ao igual que aconteceu nos anos 2020, 2021 e 2022, volven a estar suspendidas as regras fiscais debido ao contexto xeopolítico e macroeconómico, de modo que a Comisión Europea volveu a activar a cláusula xeral de escape do Pacto de Estabilidade e Crecemento e, pola súa parte, o Congreso de los Diputados volveu apreciar por terceiro ano consecutivo que se dan as condicións para aplicar o disposto nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de modo que quedaron suspendidos tanto o límite de déficit estrutural como o de volume de débeda pública.

Non obstante, aínda que se suspenderon as regras fiscais o Consejo de Ministros fixou, ao igual que en anos anteriores, taxas de referencia de déficit para os distintos subsectores quedando a dita taxa para as CCAA nun 0,3%.

Na elaboración destes orzamentos a Comunidade Autónoma de Galicia empregou todo o potencial de crecemento dos ingresos maximizando a súa capacidade de gasto ao máximo. Deste xeito a necesidade de financiamento do 2023 fixouse no 0,3% do PIB, isto é 181 millóns de euros.

En canto a débeda pública, a taxa de referencia fixada para as CCAA do 0,3% tamén actúa como límite de débeda xa que representa o importe máximo que o Estado vai financiar ás CCAA.

Polo tanto, o endebedamento neto do vindeiro exercicio se determinará por unha parte polo importe das cantidades a reintegrar como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 (85 millóns de euros) e, por outra parte, pola necesidade de financiamento do orzamento consolidado (181 millóns de euros), resultando unha necesidade de endebedamento total de 266 millóns de euros.

Polo que se refire a regra de gasto, regulada no artigo 12 da Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira ao establecer que “a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano o Con-

sejo de Política Fiscal y Financiera”, o Goberno del Estado tamén decidiu suspender a súa aplicación de xeito coherente co establecido para das regras fiscais agás os prazos fixados para o período medio de pagamento das administracións públicas.

Con todo, a suspensión das regras fiscais non supón de ningunha maneira a desaparición da responsabilidade fiscal, e así a LOEPSF continúa plenamente vixente, e polo tanto seguirán co mesmo rigor, as tarefas de supervisión e seguimento que corresponden á Administración General del Estado. Continúan sendo por tanto de aplicación as medidas preventivas, correctivas e coercitivas.

VI.1.1. Límite de débeda.

Son dous os límites operativos que serven para fixar o límite da débeda no presente orzamento:

A taxa de referencia de déficit que marca o límite máximo de necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional fixada para o 2023 nun 0,3% do PIB, esta se corresponde con 181 millóns de euros.

O límite de débeda congruente coa anterior taxa constitúe o importe máximo de endebedamento que pode acadar a comunidade autónoma no ano 2023. Este límite será a débeda consolidada a finais de 2022 máis a necesidade de endebedamento derivada da taxa de referencia anterior (181 millóns de euros) máis o importe correspondente á devolución das liquidación negativas do sistema de financiamento autonómico correspondentes aos anos 2008 e 2009 (85 millóns de euros), en total 266 millóns de euros como amosa o cadro adxunto.

A evolución do volume de débeda queda determinado entón por estas variables sen que se prevea ningún axuste adicional como mostra o seguinte cadro.

Cadro I. Límite de débeda 2023. Millóns € e %.

Incremento de débeda incluída nos obxectivos

Débeda prevista a 31/12/2022	Reintegro Liquidacións negativas 2008 e 2009 SFA CCAA	Obxectivo Déficit	Total	Débeda prevista a 31/12/2023
1	2	3	4=2+3	5=1+4
11.984	85	181	266	12.250

Na conta financeira incluída na Memoria I pode observarse que as previsións máximas de endebedamento neto dos orzamentos consolidados acadan 266 millóns de euros, esgotando case na súa totalidade o límite máximo autorizado.

VI.2. Evolución da situación financeira autonómica.

VI.2.1. Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado da comunidade autónoma nos últimos exercicios.

Ingresos

Os ingresos non financeiros superan os 12.000 millóns de euros, ata acadar os 12.499 millóns de euros, 1.239 millóns máis ca no orzamento consolidado de 2022.

Cadro II. GALICIA. Evolución do orzamento de ingresos consolidado. Datos homoxeneizados


millóns de euros	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
INGRESOS																	
I Impostos directos	1.168	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.335	2.275	2.431	2.616	2.748	2.844	3.356
II Impostos indirectos	2.636	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.324	3.456	3.451	3.638	3.337	3.094	3.819
III Taxas, prezos e outros ingresos	265	253	286	271	174	180	205	166	177	179	169	169	178	187	172	173	172
IV Transferencias correntes	4.487	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.517	2.815	3.008	2.943	3.703	3.738	3.800
V Ingresos patrimoniais	15	24	54	20	16	22	23	24	19	16	9	8	9	8	7	23	12
Total operacións correntes	8.570	9.395	9.205	8.058	7.836	7.806	7.397	7.214	7.501	8.026	8.354	8.724	9.076	9.392	9.967	9.872	11.159
VI Alieamento de investimentos reais	91	99	111	49	27	32	30	13	10	13	7	11	7	7	5	8	9
VII Transferencias de capital	740	709	742	681	613	589	513	480	517	535	561	559	671	702	1.039	1.380	1.331
Total ingresos de capital	831	808	853	730	640	621	543	493	527	548	568	570	679	708	1.044	1.388	1.340
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCIERAS	9.401	10.202	10.059	8.788	8.476	8.428	7.940	7.706	8.028	8.573	8.922	9.294	9.755	10.101	11.011	11.260	12.499
VIII Activos financeiros	1	1	1	1	10	11	20	20	14	32	30	43	21	29	25	95	82
IX Pasivos financeiros	551	474	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031	1.387	1.768	1.692	2.361	1.763	1.586
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	552	474	852	2.049	1.349	1.384	1.496	2.527	1.714	1.690	2.061	1.430	1.789	1.721	2.386	1.858	1.668
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	9.953	10.676	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	13.118	14.167

Dentro do ingreso corrente, compre salientar a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partires de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Respecto o orzamento consolidado do 2022, o ingreso corrente crece 1.287 millóns de euros debido fundamentalmente ao incremento nun 14,6% dos recursos procedentes do sistema de financiación autonómico polo efecto combinado do cálculo das entrega a conta, da liquidación do exercicio 2021 do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009, e tendo en conta a compensación da liquidación negativa do

2020 e a compensación pola reclamación xudicial do SII, así como a achega extraordinaria de fondos Next Generation.


Gráfico I. Evolución ingreso corrente 2009-2023 en millóns de euros.



O gráfico seguinte mostra a evolución do ingreso corrente, en relación co aforro corrente, variables claves na súa maior parte para reforzar as políticas de gasto e o investimento.

Esta evolución dos ingresos leva o gasto corrente total moi por enriba dos 9.000 millóns de euros, o dato máis alto dos orzamentos da comunidade autónoma, se ben unha parte do incremento ten carácter extraordinario e, polo tanto non consolidable.

Gráfico II. Evolución gasto corrente 2009-2023 en millóns de euros




Respecto aos ingresos non financeiros, o orzamento prevé un esforzo investidor extraordinario para reactivar a economía, para o que se incorporan os fondos REACT UE, e MRR por importes de e 179,5 e 527,2 millóns de euros.

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

De seguido, recollese un cadro ilustrativo coa evolución da capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non financeiros e ingresos de capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico, a capacidade completase co endebedamento neto de cada período.

Gráfico III. Capacidad de gasto total agás amortización débeda. 2009-2023. Millóns de euros



Dentro da senda mostrada as dispoñibilidades para gasto total agás a amortización de débeda acadan os 12.847 millóns de euros no 2022, a maior da serie en consonancia de novo co esforzo financeiro que se está a realizar.

Gastos

O orzamento consolidado de gastos recolle tamén a evolución dende 2008. Compre sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do estado pasa a ter nese ano carácter extraorxamentario polo que resulta axustada en toda a serie para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados, así mesmo tamén se eliminan a efectos comparativos os gastos financiados con FEAGA nos que a Xunta actúa de mero intermediario, por ese mesmo motivo e seguindo as recomendacións do Consello de Contas.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro, destácanse claramente tres etapas na evolución do gasto:

- unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acadou os 10.544 millóns de euros,
- outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.343 millóns de euros nese último ano,
- e unha última de recuperación dende o orzamento de 2014 ata o actual, na que este medra ata os 10.149 millóns de euros no orzamento para 2020, e experimenta un crecemento extraordinario no exercicio 2021 ata os 11.563 millóns de euros, e que continua no exercicio 2022 ata acadar os 11.627 millóns de euros. En canto ao 2023 esta magnitude volve a medrar ata acadar 12.620 millóns de euros, a cifra máis alta da historia.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partir de 2010, porén dende o 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, situación que repítese nos exercicios no 2016-2021, e no 2022 consolidase esta tendencia diminuíndo o gasto financeiro en 278 millóns de euros con respecto a 2014, ata chegar a 74 millóns de euros, cun lixeiro incremento para o ano 2023 ata acadar a cifra de 111 millóns de euros, como consecuencia da subida dos xuros.

Cadro III. Galicia. Orzamento consolidado de gastos. Datos homoxeneizados

millóns de euros

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
GASTOS																	
I Gastos de Persoal	3.175	3.444	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.681	3.762	3.889	4.031	4.306	4.327	4.594
II Gastos en bens correntes e servizos	1.242	1.348	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.634	1.724	1.783	1.840	2.013	1.984	2.145
III Gastos financeiros	147	146	148	157	198	295	299	352	336	271	235	170	165	143	100	74	111
IV Transferencias correntes	2.118	2.359	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.161	2.222	2.320	2.411	2.596	2.642	2.953
Total operacións correntes	6.682	7.297	7.686	7.782	7.500	7.527	7.036	7.024	7.066	7.335	7.712	7.878	8.158	8.424	9.015	9.027	9.803
V Fondo de Continxencia	62	65	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45
Total fondo de continxencia	62	65	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45
VI Inversións Reais	1.333	1.382	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	841	881	911	929	1.535	1.442	1.575
VII Transferencias de Capital	1.300	1.337	1.320	1.108	720	704	604	548	496	593	631	688	741	762	968	1.113	1.197
Total operacións de capital	2.633	2.719	2.759	2.359	1.525	1.486	1.315	1.214	1.196	1.370	1.473	1.570	1.652	1.691	2.503	2.554	2.772
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	9.377	10.081	10.544	10.203	9.102	9.089	8.436	8.343	8.388	8.757	9.222	9.487	9.850	10.149	11.563	11.627	12.620
VIII Activos Financeiros	118	122	120	118	307	176	166	140	147	153	152	161	164	154	244	220	227
IX Pasivos Financeiros	457	474	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608	1.076	1.531	1.519	1.590	1.270	1.320
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	575	595	366	634	723	723	1.000	1.890	1.355	1.506	1.761	1.237	1.695	1.673	1.834	1.491	1.547
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	9.953	10.676	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	13.118	14.167

O cadro anterior mostra a evolución dos pesos das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados de 2023 respecto ás do 2008, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Os capítulos I e II de gasto aumentan o seu peso co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos e suben 428 millóns no presente orzamento respecto do orzamento consolidado de 2022. O aumento do capítulo I explícase polo incremento retributivo aos funcionarios do 4% sobre a cifra inicial do 2022, como consecuencia dos aumentos retributivos fixados polo Estado dun 1,5% adicional para o ano 2022 máis o 2,5% para o 2023 fixados polo Estado.

As transferencias correntes tamén pasan a acadar o nivel máis alto da serie, acadando a cifra de 2.953 millóns de euros, motivado polas medidas de apoio as familias e sectores e empresas máis afectadas pola de nova situación e polo desenvolvemento da Lei de Dependencia e o apoio ás políticas de familia e de inclusión tentando garantir un apoio financeiro aos máis vulnerables.


O resultado é que se no ano 2008 o peso do gasto corrente acadaba un 72,4% do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no 2023 este é do 77,6%.

O gasto en capital reflicte o necesario impulso ás políticas de fomento e a os investimentos produtivos para apoiar a reactivación económica e social, estas superan os 2.770 millóns de euros máis do dobre da magnitude de 2014, este importante crecemento que mantén o nivel do pasado exercicio é posible polo aproveitamento das capacidade de endebedamento ao límite, os novos recursos europeos e o mantemento do esforzo en aforro bruto.

O resto das partidas do orzamento, veñen condicionadas pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Como detalle de este esforzo investidor, podemos apreciar na gráfica seguinte como crece respecto do ano anterior baseado nun sólido aforro bruto, e nos recursos de capital e capacidade de endebedamento de este ano algo menor ca do ano 2022.

Gráfico IV. Evolución do financiamento do gasto de capital 2014-2023



Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2008-2021, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo as partidas que pasan a ser extraorxamentarias neste período (a participación das corporacións locais nos tributos do estado e o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2008-2021 é a que segue:

Cadro IV. Gastos Consolidados non financeiros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

millóns de euros	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
GASTOS															
I Gastos de Persoal	3.276	3.576	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066	4.278	4.492
II Gastos en bens correntes e servizos	1.280	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646	1.650	1.786	1.831	1.864	2.057	2.170
III Gastos financeiros	150	135	111	122	214	257	302	365	308	270	224	154	158	141	97
IV Transferencias correntes	2.263	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957	2.019	2.105	2.157	2.242	2.478	2.780
Total operacións correntes	6.970	7.550	8.033	7.861	7.533	7.470	7.349	7.376	7.470	7.606	7.864	7.987	8.330	8.954	9.538
V Fondo de Continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total fondo de continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
VI Inversións Reais	1.364	1.362	1.258	882	681	660	627	526	759	692	681	682	688	810	850
VII Transferencias de Capital	1.079	1.247	1.036	780	540	581	488	439	528	350	388	439	506	600	627
Total operacións de capital	2.337	2.609	2.294	1.663	1.221	1.241	1.115	965	1.278	1.041	1.069	1.122	1.194	1.409	1.487
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	9.306	10.160	10.327	9.524	8.754	8.711	8.465	8.340	8.748	8.648	8.933	9.109	9.524	10.364	11.025
VIII Activos Financeiros	170	136	134	132	113	196	130	168	141	176	127	130	393	159	257
IX Pasivos Financeiros	457	348	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306	1.334	1.756	1.034	2.710	3.423	1.602
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	627	484	380	652	532	704	1.155	1.629	1.447	1.510	1.883	1.164	3.103	3.582	1.859
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	9.933	10.644	10.707	10.175	9.286	9.415	9.620	9.969	10.195	10.158	10.816	10.273	12.628	13.946	12.884

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2021 representou o 86,5% do gasto non financeiro total, 0,1 décimas menor que o ano anterior polo mellor desempeño dos investimentos. No exercicio 2021 os gastos de capital volven amosar un elevado nivel de execución acadando os 1.487 millóns de euros un 5,5% máis que no 2020. Tamén destaca o mantemento en mínimos do gasto financeiro cun valor de 97 millóns de euros. Dende o ano 2008 ata o 2021 o incremento do gasto corrente foi de 1.988 millóns de euros un 26,3% máis.

En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2019 representou unicamente o 13,5% do gasto non financeiro total, similar ao do ano anterior moi condicionado pola crise sanitaria intensiva en gasto corrente.

No que atinxe ao financiamento do gasto de capital 73% procede de fondos propios xerados co aforro corrente, 1.037 millóns de euros, e un 24% dos ingresos de capital e o resto co recurso ao endebedamento.

Se botamos unha ollada á composición do financiamento dos investimentos, pódese apreciar como muda radicalmente e como diminúe de forma continua tanto os fondos finalistas do Estado e o Fondo de Compensación Interterritorial nos PGE, tradicional fonte de financiamento para cohesionar a capacidade de investimento dos diferentes territorios cuxa evolución non deixa de baixar dende a grande crise, en cambio pode verse como o financiamento procedente dos fondos europeos crece de forma moi importante desde a pandemia, pasando do 20,2% no ano 2020 ao 37% no ano 2022.

Cadro V. Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio investimento por fonte	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
% Financiamento FCI/ investimento Real	6,8%	6,6%	7,0%	5,4%	5,1%	4,5%	4,6%	4,3%	2,4%	3,2%
% Financiamento Fondos Propios/ investimento Real	68,9%	69,0%	68,7%	70,8%	72,8%	74,8%	73,5%	72,6%	69,3%	58,1%
% Financiamento Finalistas do Estado/ investimento Real	2,3%	1,8%	1,9%	2,1%	1,9%	1,0%	1,6%	1,4%	0,8%	0,9%
% Financiamento Fondos Europeos/ investimento Real	21,5%	21,8%	22,4%	21,7%	20,1%	19,6%	19,9%	20,2%	26,8%	37,0%
% Outras transferencias finalistas/ investimento Real	0,5%	0,7%	0,1%	0,0%	0,1%	0,1%	0,4%	1,6%	0,7%	0,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En canto a evolución do gasto non financeiro total, o seu máximo neste período (2008- 2019) acadouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu 10.327 millóns de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volta a producir nos anos 2011 a 2014. No 2015 comeza unha nova etapa do crecemento do gasto non financeiro consolidado que crece de xeito continuado ata os 11.025 millóns de euros no 2021, a causa dos gastos extraordinarios derivados da crise sanitaria do COVID.

No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2008-2021 mostra unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro VI. Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

millóns de euros	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
INGRESOS															
I Impostos directos	1.444	1.651	1.787	1.385	2.050	2.020	2.021	1.998	2.089	2.262	2.375	2.385	2.491	2.782	2.732
II Impostos indirectos	2.714	2.550	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892	3.141	3.151	3.222	3.304	3.468	3.400	3.406	3.351
III Taxas, prezos e outros ingresos	282	252	262	248	256	166	180	186	204	177	171	181	197	174	191
IV Transferencias correntes	4.324	4.644	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290	1.935	2.209	2.375	2.537	2.712	2.762	3.613	4.109
V Ingresos patrimoniais	51	61	29	19	23	25	41	29	14	19	12	11	12	17	12
Total operacións correntes	8.816	9.158	9.185	7.890	7.479	7.346	7.425	7.288	7.668	8.055	8.400	8.757	8.863	9.992	10.395
VI Aliemento de investimentos reais	56	84	66	22	24	16	17	11	8	8	4	4	16	4	5
VII Transferencias de capital	680	716	760	649	558	464	478	396	644	227	286	445	422	343	428
Total ingresos de capital	736	800	826	671	582	480	495	407	652	235	290	449	438	346	434
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	9.552	9.958	9.991	8.561	8.060	7.826	7.920	7.695	8.319	8.290	8.690	9.206	9.301	10.339	10.829
VIII Activos financeiros	17	19	15	7	4	33	26	26	33	35	35	44	30	33	24
IX Pasivos financeiros	542	588	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752	1.882	2.218	1.194	2.971	3.645	2.304
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	559	607	953	1.830	1.298	1.657	1.935	2.247	1.785	1.916	2.253	1.239	3.002	3.679	2.328
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	10.111	10.565	10.944	10.391	9.358	9.483	9.855	9.942	10.104	10.206	10.943	10.445	12.303	14.017	13.157

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. No 2021, supérase o chan acadado no 2014 ata chegar aos 10.395 millóns de euros, debido en gran parte as transferencias extraordinarias do Estado para combater os efectos da pandemia. Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015, e crecen con forza

no 2016-2018, e máis modestamente no 2019, de novo debido a unha liquidación anormalmente baixa do SFA, neste caso debida ao efecto non compensado do SII do IVE, que ven reclamando a comunidade autónoma. No 2020 e 2021 volve crecer con forza polas causas antes mencionadas

No que refire á evolución dos ingresos non financeiros, logo de sufrir o impacto da grande crise no período entre 2010-2014, no que baixan 1.430 millóns de euros, se recuperan no 2020 ata os 10.339 millóns de euros, e no 2021 acadan a cifra de 10.829 millóns de euros.

No que refire ao aforro corrente, ás abruptas caídas de ingresos da grande crise inhabilitaron a capacidade de xerar aforro corrente, chegando este a ser negativo ata en tres ocasións no período de crise, e non sendo ata 2015 que se inicia unha sólida senda de crecemento subindo dende os 770 millóns ata os 857 millóns no 2021.

Como se ten indicado na parte orzamentaria, a importancia de este saldo orzamentario radica en que foi, e debe ser nunhas finanzas saneadas, o principal provedor de financiamento de investimentos da comunidade autónoma. Polo que de non recuperarse os ingresos correntes, a capacidade de investir no futuro verase limitada ás disponibilidades de fondos finalistas.

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: no ano 2007 conseguíuse pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a 964 millóns de euros.

Despois dun superavit extraordinario no ano 2018, o saldo non financeiro volta a ser lixeiramente deficitario no período 2019-2021 pero cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado como taxa de referencia para o ano 2021.

VI.2.2. *Sustentabilidade Financeira*


O goberno galego sempre se ha comprometido co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, levando a cabo un control rigoroso do déficit público e da débeda pública, que permitiron garantir a sustentabilidade de débeda pública no curto e medio prazo. A liquidez e a solvencia son dous principios moi interiorizados na xestión da facenda galega, no hai que esquecer que fomos a primeira autonomía que estableceu legalmente uns principios reitores encamiñados a garantir a sustentabilidade da débeda mediante a promulgación da lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. En efecto, dita norma fundamentouse na necesidade de que a estabilidade orzamentaria constitúe un requisito necesario, pero non suficiente, para

garantir a sustentabilidade financeira das administracións pública, e dando un paso adiante en aspectos esenciais, como era disciplinar a elaboración dos orzamentos xerais co establecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia e na que se recollían tres regras de disciplina fiscal que intentaban garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo.

A primeira, mediante a obriga de financiar calquera incremento de gasto corrente con ingreso corrente e así controlar a evolución do aforo bruto impedindo ao mesmo tempo a aparición de déficits estruturais, a segunda, que a débeda pública autonómica mantese a un nivel prudente e unha evolución estable ao longo do ciclo, para conseguir esta última, se limitaba o crecemento do gasto na fase expansiva do ciclo a unha taxa equivalente á do crecemento do PIB nominal, e a terceira, mediante a obriga de dedicar posibles maiores recadacións conxunturais a reducir a débeda xerada nas fases recesivas do ciclo.


No seu conxunto estas medidas permitiron un control sobre a evolución do déficit e do endebedamento autonómico. Así podemos afirmar que dende o ano 2008 somos a unha das comunidades autónomas que menos incrementaron a súa ratio Débeda/PIB., cun incremento de só 11,6 puntos fronte a un incremento medio de 19,2 puntos no conxunto de autonomías.

Gráfica IV. CCAA incremento Ratio débeda/PIB 2008-2021




Sendo ademais en termos absolutos a Comunidade Autónoma que menos incrementou a súa débeda no período 2008-2021.

Gráfica V. CCAA incremento Absoluto débeda (PDE) M€ 2008-2021




No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da liquidez, entendida como a capacidade de ter acceso a os mercados e á capacidade de refinanzamento, a Facenda Galega sempre tivo o visto bo dos mercados, neste sentido somos das poucas autonomías que non utilizamos intensivamente os mecanismos de financiación postos a disposición por parte da AGE durante o período 2012-2022 ante os problemas de liquidez e solvencia aos que enfrontábanse as facendas autonómicas, xa que podíamos financiar nosas necesidades de endebedamento nos mercados. No obstante, dadas as condicións favorables de financiamento en termos de xuros, por criterios de oportunidade, determinaron o uso destes mecanismos como fontes de financiación. O volume total de recursos postos a disposición das autonomías no período 2012-2022 a través destes mecanismos ascenden a 393.928 millóns de euros dos cales a Facenda Galega só utilizou 9.562 millóns, o que representa un 2,4% do total e que en termos do PIB rexional equivalen a un 16% do mesmo. Así mesmo, como indicador indirecto de liquidez da facenda galega si utilizamos a evolución do período medio de pago aos provedores observamos que a Facenda Galega sempre estivo pagando as súas obrigas con moita celeridade e por debaixo dos prazos establecidos pola lei de morosidade.

Gráfica VI. CCAA Medidas liquidez AGE 2012-2022



Gráfica VII. CCAA Periodo medio pago proveedores




No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da solven-
cia, refírese á capacidade de obter superávits primarios o suficientemente grandes como
para facer fronte ao servizo da débeda, pero dende unha perspectiva do longo prazo. Así
a capacidade de xerar superávits primarios, dependerá en gran medida da capacidade de
obter ingresos suficientes para o desempeño das nosas competencias.

En efecto un aspecto esencial para garantir a sustentabilidade financeira desta comunidade o constitúe o sistema de financiamento autonómico. No hai que esquecer que o sistema de financiamento procura arredor do 80% dos recursos desta comunidade. Neste sentido a finais do ano 2021 o Ministerio remitiu as CCAA unha proposta de reforma do sistema, centrándose nunha variable clave a poboación axustada. Desde esta comunidade celebramos a posta en marcha do proceso de reforma do sistema, na que o avellentamento, xunto á dispersión, son os ámbitos nos que se centran as reivindicacións da Comunidade Autónoma de Galicia, reclamando para estes unha maior ponderación dentro do conxunto do sistema de financiamento autonómico. No hai que esquecer que en Galicia o peso da poboación maior de 65 anos sobre o total representa el 24,2%, fronte á media española que é do 18,5%, un diferencial de 5,7 puntos máis. As previsións ao futuro son que o porcentaxe do peso da poboación maior de 65 anos suba ata o 31,3% no ano 2035. Porén a reforma do sistema de financiamento, constitúe un aspecto crucial para garantir a sustentabilidade das finanzas públicas no longo prazo, nun contexto no que as administracións enfróntanse a unhas necesidades crecentes, derivadas dunha poboación cada vez máis avellentada, a importantes cambios económicos e sociais, que determinan un significativo aumento del gasto dedicado os servizos públicos fundamentais que deben facernos reflexionar sobre a sustentabilidade do gasto público, e o impacto que distintos factores, entre os que destaca o avellentamento da poboación, poidan ter sobre os mesmos, polo que se deben adoptar medidas que nos preparen ante os retos aos que nos vamos a enfrontar, garantindo unha debida equidade interxeracional. Da súa reforma e evolución dependerá en gran medida a capacidade da Facenda galega para xerar superávits primarios e así garantir a sustentabilidade da débeda dende a perspectiva da solvencia.

VI.3. Evolución do Endebedamento: posición relativa

A ratio débeda/PIB da Comunidade Autónoma de Galicia, como pode ollarse no seguinte gráfico, segue a mostrar un diferencial positivo en relación coa ratio medio das CCAA que se ven mantendo ao longo da serie histórica de modo que nos últimos 22 anos o dito diferencial mellorou en máis de 10 puntos porcentuais, pasando Galicia de ter no ano 2000 unha ratio de débeda-PIB superior en máis de 3 puntos a estar 7 puntos por debaixo cos últimos datos publicados polo Banco de España (xuño de 2022).

Gráfico VIII. Evolución deuda PDE. Ratio deuda/PIB. Banco de España




A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, constitúe unha garantía para a sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá, cando sexa preciso, acudir de xeito temporal aos ingresos financeiros para compensar caídas do ingreso público en fases recesivas do ciclo.

A estes efectos manter unha débeda controlada ata o de agora é unha fortaleza que nos permite soportar menores custes financeiros, pero tamén acudir máis facilmente aos mercados financeiros en caso de ser preciso.

A seguinte gráfica mostra a evolución dos últimos anos do volume de débeda da comunidade autónoma e do custe de mantela, pode verse como o stock de débeda mantívose estable ata o comezo da pandemia, momento no que o endebedamento neto tivo que aumentar co fin apalancar a recuperación; en termos de ratio débeda-PIB o incremento foi moito máis pronunciado como consecuencia da abrupta caída que experimentou o PIB no ano 2020, desde entón a ratio segue unha tendencia a baixa, de modo que cando remate o ano 2023 a ratio reducirase 2,7 puntos porcentuais. Acercándonos ata os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria, de modo que no ano 2023 o recurso á débeda será mais moderado que no exercicio 2022.


Como tamén pode verse na dita gráfica o control do stock combinado con unha axeitada política de xestión de pasivos aproveitando as favorables condicións de mercado, permitiu xerar importantes aforros de custes en xuros ás finanzas autonómicas, o cal viuse abruptamente interrompido durante o ano 2022 como consecuencias das tensións ocorridas nos mercados financeiros, de modo que no ano 2023 prevese un incremento moi importante dos gastos financeiros.

Gráfico IX. GALICIA. Evolución Gasto financeiro vs Débeda (PDE)




No seguintes gráficos pode observarse a evolución do endebedamento autonómico dende o ano 2008. As comunidades autónomas tiveron comportamentos heteroxéneos no que atinxe a evolución da débeda pública/PIB, que van dende aumentos de 11,6 puntos no caso de Galicia, ata incrementos de máis de 35 puntos como no caso da Comunidade Valenciana.

Gráfico X. GALICIA. Débeda/PIB (PDE)



Tamén é de interese analizar a débeda per cápita das comunidades autónomas. Dende este punto de vista Galicia amosa a terceira menor débeda per cápita, cun valor moi similar a de Asturias que é a segunda. Pola contra Cataluña e a Comunidade Valenciana teñen una débeda per cápita 2,5 veces superior a de Galicia.

Gráfico XI. Incremento ratio Débeda/PIB 2008-2021



Conxugando ambos criterios, Débeda/PIB e Débeda/habitante se configura a seguinte gráfica que amosa a situación das comunidades autónomas atendendo a ámbolos dous criterios tanto no 2008 como no 2021 amosando a mellora significativa da posición da comunidade autónoma de Galicia.

Gráfico XII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2008





Gráfico XIII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2021



Como manifestamos apartados anteriores deste informe as políticas fiscais deben ter como obxectivo preservar a sustentabilidade da débeda, polo que é máis necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cibles e sostibles, establecendo unha folla de ruta en el que o control do déficit, na procura de superávits primarios, e da débeda pública para que amosen unha tendencia sustentable. Así a elaboración dos orzamentos para 2023 enmárcanse dentro dunha estratexia fiscal a medio prazo que contempla a natureza estrutural ou conxuntural de gastos e ingresos.

A conxunción de estas actuacións, control da déficit e impulso do crecemento determinarán a sustentabilidade da nosa débeda pública, garantindo por outra a debida equidade interxeneracional no trasladando a xeración futuras problemas do presente. Como dixo fai case un século, Joseph Alois Schumpeter, “O espírito dos pobos, o seu nivel cultural, a súa estrutura social... Todo isto e moito máis está escrito na súa historia fiscal... As finanzas públicas constitúen un dos mellores puntos de partida para unha investigación da sociedade”.

VI.4. Transparencia

A Lei 2/2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19.5, adicado a instrumentación do principio de transparencia, que “Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co

produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario".

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado (2021) e das previsións de orzamentos dos anos 2022 e 2023. A ratio da débeda PIB dos anos 2016 a 2021 é a publicada polo Banco de España, para calcular a previsión da ratio dos anos 2022 e 2023 aplícase ao dato de PIB de Galicia publicado polo INE as previsións de incremento do PIB nominal incluídas no cadro económico incorporado a este informe.


Cadro VII. Ratios orzamentario-financeiros

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-0,6%	-0,2%	0,2%	-0,4%	-0,1%	-0,1%	-0,6%	-0,3%
Necesidade de Financiamento (M€)	-340	-127	132	-281	-59	-94	-408	-189
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	92,7	101,0	101,1	116,8	136,3	193,3	181,7	198,9
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	15,2%	15,1%	14,6%	14,8%	17,5%	17,3%	16,9%	17,5%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17,8%	18,2%	16,5%	19,6%	23,6%	20,2%	19,1%	19,6%
Ratio Investimento por habitante	254,4	252,7	252,6	255,0	299,7	319,3	535,5	585,3
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.258,4	3.369,1	3.371,5	3.528,2	3.835,9	4.092,2	4.319,9	4.688,9
Débeda Pública (M€)	10.853,9	11.210,1	11.341,8	11.314,5	11.537,9	11.715,2	11.984	12.250
Ratio Débeda - PIB (%)	18,6%	18,6%	18,2%	17,6%	19,6%	18,4%	17,4%	17,0%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	133,7%	132,4%	127,4%	125,6%	113,7%	110,9%	116,1%	109,4%
Débeda por Habitante	3.992,6	4.139,1	4.198,0	4.191,3	4.270,4	4.348,2	4.452,4	4.551,3
Risco comprometido por avais (M€)	108,0	91,7	63,0	31,5	30,6	16,1	13,1	6,3
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	2.857,0	2.722,0	2.617,2	2.478,7	2.335,1	2.194,1	2.050,6	1.906,3

A Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2023 redúcese respecto ao ano 2022, ao minorarse a taxa de referencia do déficit do 0,6 ao 0,3% do PIB, de modo que a dita necesidade se reduce desde os 366,9 millóns ata os 121,5, é dicir, 245,3 millóns de euros menos.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das CCAA, pódese apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permitiron unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto a igual esforzo de redución do déficit da media das CCAA, o que xa permitiu rematar antes a senda de consolidación fiscal e xerar máis marxe de manobra fronte a posibles continxencias, como acontece desde que comezou a pandemia, no que Galicia mantén unhas finanzas estables fronte á incertidume que nos rodea sen ter que facer esforzos de consolidación adicionais.

Gráfico XIV. Senda consolidación fiscal 2009-2021



De seguido recóllese a senda de evolución das taxas de referencia para o conxunto do sector público durante o trienio 2021-2023:


Cadro VII.. Taxas de déficit de referencia

	2021	2022	2023
Administración Central	-3,5	-3,5	-3,2
Comunidades Autónomas	-1,1	-0,6	-0,3
Corporacións Locais	-0,1	0	0,1
Seguridade Social	-3	-0,8	-0,5
Total	-7,7	-4,9	-3,9

A representación gráfica desta senda das diferentes administracións amosa como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento das administracións públicas, a administración da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e do desaxuste financeiro do sistema contributivo que a fornece de recursos, esta situación ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013, o gráfico seguinte permite apreciar como o seu déficit desde o ano 2016 segue por enriba do das CCAA,

de modo que desde ese ano ata o ano 2021 o déficit acumulado pola SS ascende a -9,2% mentres o das CCAA é de -2,3%.

Gráfico XV. Senda de consolidación fiscal AAPP 2009-2023



No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma que non forman parte do orzamento administrativo, no ano 2021 estes investimentos ascenderon a 193,3 millóns de euros, no 2022 diminuíron ata 181,7 millóns e no 2023 está previsto que medren, un 9,5%, ata os 198,9 millóns de euros.

No que atinxe ás diferentes ratios de gasto; a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, aumenta desde o 19,1% do ano 2022 ata o 19,6% polo forte incremento do gasto total (un 8%) superior ao incremento previsto do PIB nominal para o ano 2023 (un 5%).

En canto a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia queda nun 17,5% subindo 6 décimas respecto ao 2022, pola mesma razón que na ratio anterior xa que o gasto non financeiro medra nun 8,5%.

En canto o nivel de Débeda Pública (calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo), a finais do ano 2021, como se ten sinalado na parte de débeda, acadou o importe de 11.715,2 millóns de euros e prevese que a finais do ano 2022 sexa de 11.984 millóns, e para 2023 a previsión, coherente co orzamento que se presenta, é de que remate o dito ano nos 12.250 millóns, que suporá un incremento da mesma de 266 millóns, os previstos na conta financeira destes orzamentos, que reflicten unha redución do recurso extraordinario á débeda para financiar as políticas de reactivación económica, xa que o ano anterior o incremento previsto nos Orzamentos fora de 492,6 millóns de euros.


A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da ratio débeda/PIB, o último dato publicado polo Banco de España correspondente ao segundo semestre do ano 2022, é dun 17,7% e a previsión, dimanante da evolución tanto da débeda pública como do PIB nominal, é de que a ratio se reduza ata o 17,4% a finais do ano 2022 e que peche o ano 2023 no 17%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes, no ano 2022 dita relación é do 116,1%, e no ano 2023 a dita ratio se reducirá ata o 109,5% xa que a pesar de que o endebedamento neto aumenta nun 2,3% os ingresos correntes medran de forma moito máis importante, concretamente nun 13%.

O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, de acordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos -como mostra a seguinte gráfica que reflicte a menor débeda per cápita dos galegos respecto a outras CCAA e, en última instancia a mellor garantía da sostibilidade dos servizos públicos e de reserva de marxe de manobra para circunstancias adversas como as que estamos a enfrentar.

Gráfico XVI. Evolución da débeda por habitante. Comparativa Galicia-media CCAA



Fonte: Débeda (Banco de España. Datos a decembro 2021); Poboación (INE)

De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano, remitindo a respectiva Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2023 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o dito exercicio será de 30 millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2023, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros e, por último o IGVS tamén pode conceder avais por un importe máximo de 5 millóns de euros, con destino a compra da primeira vivenda para menores de 36 anos.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase por enriba do límite autorizado na Lei de orzamentos (535 millóns de €) e ao risco vivo por avais estimado a peche de 2022 (13,1 millóns de euros). Para o ano 2023 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos rebaixen substancialmente o risco comprometido por avais polo IGAPE situándose en torno aos 6,3 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura adicionalmente na Memoria I.

En canto aos compromisos por emprego de formulas de pago adiado xa contratados son as mesmas contías que as correspondentes ao pasado orzamento menos unha anualidade, a seguinte táboa reflicte o detalle:

Cadro VIII. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública								
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS		
	AG-56 Santiago-Brión - As Galanas(N-550)-Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG-4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG-1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	Contrato Alta Tecnoloxía	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228		
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS								
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento	Canons
2023	14.324	6.785	11.952	10.386	26.129	27.740	37.650	9.399
2024	14.900	7.130	12.557	10.695	26.782	27.828	37.553	
2025	15.543	7.456	13.183	10.918	27.452	26.563	38.945	
2026	16.126	7.747	13.855	11.165	28.138	26.650	38.848	
2027	16.777	8.045	14.551	11.409	28.842	31.230	33.811	
2028	17.452	8.383	15.299	11.685	29.563	31.333	33.697	
2029	18.206	8.683	16.072	11.892	30.302	29.235	36.005	
2030	18.885	9.025	16.899	12.112	31.059	29.332	35.898	
2031	19.643	9.375	17.756	12.331	31.836	29.429	35.792	
2032	20.430	9.760	18.638	12.585	32.632	29.526	35.684	
2033	21.313	10.110	19.584	6.707	33.448	24.596	41.108	
2034	21.959	10.497	20.560	6.826	34.284	23.582	42.223	
2035	15.987	7.708	21.600	6.941	35.141	17.309	30.884	
2036			8.213	7.080	36.019			
2037				7.182	36.920			
2038				7.303	10.368			
2039				7.429				
2040				2.256				

(Miles de Euros)

231.545 110.707 220.718 166.902 478.915 354.351 478.097 9.399

Dita táboa reflicte que ata o ano 2040 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 2.050,63 millóns de euros. No ano 2023 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 1.906,27 millóns de euros.

Cadro IX. ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIÓN REAIS 2023
406	Portos de Galicia	14.527
412	Augas de Galicia	103.469
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.718
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	300
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	33
515	Centro extensión universitaria e divulgación ambiental de Galicia	65
516	Consortio de abastecemento de auga en Cervo e Burela	0
517	Consortio Casco Vello de Vigo	1.559
519	Consortio Local dos Peares	5
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	45
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	4.300
417	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	300
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	36
604	Fundación Galicia Europa	2
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	5
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Pública Artesanía de Galicia	5
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	16.289
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	41
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	23
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
616	Instituto Feiral de Vigo	0
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	171
651	Fundación ROF Codina	0
652	Fundación Deporte Galego	10
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega da Formación para o Traballo	1
660	Fundación Camilo José Cela	0
664	Fundación Museo do Mar	2
702	Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	380
706	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	760
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	4.000
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	20
709	Galicia Calidade, S.A.U.	7
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	416
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	0
717	Xenética Fontao, S.A.	165
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	2.985
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	37.486
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	20
729	Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	9.799
	TOTAL	198.942